

PLAN ESTRATÉXICO ZONAL

GAC RÍA DE VIGO-BAIXO MIÑO

# ÍNDICE



I.- ANÁLISE TERRITORIO GAC
I.1.- INTRODUCIÓN
I.2.- ESTUDO SOCIOECONÓMICO DO ÁMBITO TERRITORIAL
I.2.1.- Datos xeográficos e territoriais
I.2.2.- Poboación
I.2.3.- Mercado de Traballo
I.2.4.- Estrutura Económica e Nivel de Renda
I.2.5.- Sector produtivo do mar
I.2.6.- Infraestruturas
I.2.7.- Situación ambiental da zona costeira
1.2.8.- Patrimonio Marítimo

II.- DIAGNÓSTICO (DAFO)
II.1.-Territorio, poboación e estrutura económica
II.2.- Sector produtivo do mar

III.- ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN
III.1.- Constitución do GAC e definición do Plan Estratéxico
III.2.- Estratexia
III.3.- Obxectivos

IV.- PLAN FINANCEIRO

V.- FICHAS EXEMPLOS DE ACTUACIÓNS E PREVISIÓN EMPREGO

VI.- CRITERIOS SELECCIÓN E PRIORIZACIÓN DE PROXECTOS
VI.1.- Criterios elixibilidade
VI.2.- Baremo
VI.3.- Coordinación e complementariedade con outros Grupos e fondos

VII.- CRONOGRAMA DE EXECUCIÓN DO PLAN

VIII.- GASTOS DE XESTIÓN E SENSIBILIZACIÓN

IX. SISTEMAS DE CONTROL E SEGUIMENTO

X. ELEMENTOS TRANSVERSAIS DO PEIXE
X.1. Aplicación do principio de igualdade de oportunidades
X.2. Enfoque innovador da estratexia e das actuacións previstas
X.3. Plan de información, publicidade e transferencia
X.4.- Sustentabilidade do proxecto e do GAC

XI.- ANEXOS: MAPAS, EQUIPO TÉCNICO, CREACIÓN GAC, ETC



## I.1.- INTRODUCIÓN

O Regulamento (CE) 1198/2006, do Consello, do 27 de xullo, relativo ao Fondo Europeo de Pesca e a súa normativa de aplicación e desenvolvemento introduciron o eixe 4 que implica a partipación de grupos locais, nos que se integran entidades públicas e privadas pertencentes aos diferentes sectores que interactúan nas zonas costeiras.

Na procura de acadar a mellora socioeconómica das comunidades pesqueiras nas que residen os profesionais do sector marítimo-pesqueiro, mediante accións innovadoras e no marco dunha estratexia de desenvolvemento integrado e sostible, nace o Grupo de Acción Costeira Ría de Vigo- Baixo Miño, que ten como base os seguintes feitos diferenciais:

a.- Os asentamentos costeiros foron os que aportaron uns dos primeiros recursos ás comunidades humanas galegas, así o demostra a proliferación de xacementos arqueolóxicos. Posteriormente imprimiron un importante desenvolvemento ás sociedades, tanto polos recursos xerados como polas transaccións que permitiu a navegación.

b.- A riqueza do mar de Galicia favoreceu o desenvolvemento económico social e cultural das comunidades costeiras o que deu lugar a unha específica compresión do mundo e á cultura mariñeira, expresada en diversas manifestacións culturais do patrimonio material e inmaterial do noso país.

c.- A evolución do mercado, tendente á globalización e á unha alza das importacións de producto foráneo, pon en perigo o sector productivo mariño, que ten problemas para repercutir no prezo o incremento dos gastos de explotación debido á múltiples causas que afectan principalmente á comercialización como poden ser a suplantación de produtos locais de calidade por importacións ou produtos piscícolas de menor calidade, a actuación dos lobbies de compradores ou o efecto da tradicional forma de venda mediante subasta á baixa dos seus produtos, entre outros.

d.- O forte impacto ambiental das actividades humanas, de caracter insostible, no litoral e medio mariño, (portos deportivos, infraestruturas, deterioro do litoral, urbanización excesiva, recheos portuarios, presión industrial, mala depuración..) ten posto e está poñendo en dificultades a pervivencia das actividades produtivas mariñas.

e.- A tendencia da distribución demográfica de Galicia está desequilibrada, aumentando a presión humana na costa nas últimas décadas paralelamente ao despoboamento do interior. Sendo a franxa costeira unha zona sometida a unha grande presión humana, máis do que pode ambientalmente soportar si se fai sen un severo control ambiental, polo que compre esixir ese control, racionalizar o uso do medio e aplicar estrictamente a lexislación ambiental sobre as actividades humanas para evitar

o seu impacto negativo sobre o medio e non mermar a calidade de vida dos nosos cidadáns e veciños.

f.- A descoordinación administrativa que supón a actual división territorial e competencial sobre o litoral dificulta en ocasións a capacidade de xestión de territorios comúns, como é o litoral e o mar, o que fai que se desaproveiten economías de escala que puideran derivarse dunha planificación conxunta e se impida un mellor aproveitamento dos recursos públicos. Deste xeito, a xestión de recursos no ámbito supramunicipal, e mesmo supracomarcal, e, orientada ao ámbito litoral, costeiro e marítimo, podería mellorar, xunto á unha adecuada e xa regulamentada participación cidadán e dos sectores directamente implicados, tanto a calidade de vida dos cidadáns como as condicións de traballo do sector produtivo mariño.

Partindo do contexto previamente exposto, o presente documento recolle o programa estratéxico do *Grupo de Acción Costeiro Ría de Vigo-Baixo Miño* orientado ao fortalecemento da economía das poboacións pesqueiras asentadas no litoral da Ría de Vigo, Ría de Aldán e O Baixo Miño, ao incremento da capacidade organizativa do sector pesqueiro, á elevación das rendas e a calidade de vida dos seus habitantes , e á conservación do contorno, dos seus recursos naturais, en especial da franxa marítimo-costeira, e do seu patrimonio.

En primeiro lugar descríbese o territorio, analizándose dun modo máis pormenorizado a poboación, a estrutura socioeconómica, a situación do sector produtivo do mar, as infraestruturas, o estado ambiental da zona costeira e o patrimonio marítimo.

Seguidamente e tras detallar as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades desta zona costeira, procedese a definir a estratexia a seguir para implantar o programa, así como os obxectivos que se queren conseguir coa súa posta en marcha, as actuacións a realizar e o seu financiamento.

Por último establecese a metodoloxía para unha óptima xestión, seguimento e avaliación do programa.

## I.2.- ESTUDO SOCIOECONÓMICO DO ÁMBITO TERRITORIAL

### I.2.1.- DATOS XEOGRÁFICOS E TERRITORIAIS

No ámbito xeográfico do GAC, a liña costeira situada entre Cabo Udra e o río Miño, é de 136,77 Km; o que representa o 11,4% da lonxitude total da costa galega, cifrada en 1.195 Km lineais.

A superficie mariña, ocupada entre a liña de costa e a isóbata de 100 m de profundidade, que afecta este territorio costeiro ven sendo de 526 Km$^2$, o 33% corresponde á Ría de Vigo, o que supón o 12% desta superficie en toda a costa galega. A superficie total terrestre é de 404,4 km$^2$; distribuídos en 10 concellos con superficies que van dende o mínimo de 25 km$^2$ de Soutomaior aos 83,3 km$^2$ de Oia.

Encadre territorial do GAC




Fonte: Elaboración Propia

### I.2.2.- POBOACIÓN

O territorio GAC abrangue os 10 concellos costeiros da Ría de Vigo-Baixo Miño, con menos de 50.000 habitantes, o número total de habitantes que os conforman é de 135.720, o que supón o 14,3% da provincia de Pontevedra e o 4,8% de toda Galicia, asentados nun conxunto demográfico que concentra numerosos núcleos de poboación.

#### Volume e distribución da poboación

Para coñecer a distribución espacial da poboación preséntase o reparto porcentual da mesma entre cada un dos concellos que conforman o territorio do GAC Ría de Vigo-Baixo Miño.

| Distribución da poboación e densidade demográfica por concello | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Concello** | **Total poboación ano 2007** | **% Concello / Total territorio** | **Superficie Km²** | **Densidade Ha./Km²** |
| Baiona | 11.839 | 8,72% | 34,50 | 343,16 |
| Cangas | 25.402 | 18,72% | 38,10 | 666,72 |
| A Guarda | 10.356 | 7,63% | 20,50 | 505,17 |
| Moaña | 18.587 | 13,70% | 35,10 | 529,54 |
| Nigrán | 17.668 | 13,02% | 34,80 | 507,70 |
| Oia | 3.159 | 2,33% | 83,30 | 37,92 |
| Redondela | 29.987 | 22,09% | 52,10 | 575,57 |
| O Rosal | 6.402 | 4,72% | 44,10 | 145,17 |
| Soutomaior | 6.305 | 4,65% | 25,00 | 252,20 |
| Vilaboa | 6.015 | 4,43% | 36,90 | 163,01 |
| **TOTAL GAC** | **135.720** | | **404,40** | **335,61** |

Fonte: IGE. Padrón Municipal habitantes

Observase como son os concellos mais próximos e influenciados polo centro urbano de Vigo os que teñen maiores núcleos de concentración demográfica do territorio, como son os concellos de Redondela, Cangas, Moaña e Nigrán, aglutinando cada un deles porcentaxes que superan o 13% dos habitantes. Pola contra, os concellos mais distantes deste centro urbano (Oia, Vilaboa, Soutomaior, O Rosal, A Guarda) son os que teñen menor peso dentro do total da poboación do territorio.

En conclusión pódese afirmar que o territorio presenta un reparto da poboación que xira en torno ao centro urbano de Vigo e, a medida que nos afastamos del, o peso demográfico dos concellos diminúe.

Analizando a densidade de poboación, que indica a concentración da poboación por quilómetro cadrado nun territorio determinado, obsérvase tamén que os concellos

de maior densidade están situados en torno ao centro urbano de Vigo (a excepción do concello de A Guarda, que ten unha elevada densidade pola pequena dimensión territorial). Se se toma como referencia a densidade de poboación que marca a OCDE para definir un territorio rural, que é 150 ha./km$^2$ existen no territorio GAC tres grandes grupos, os que teñen unha densidade en torno a ese dato, Oia, O Rosal e Vilaboa, os que teñen uns valores entre 200 e 500 ha./Km$^2$ e os que teñen mais de 500 ha./Km$^2$, Nigrán, Moaña, Redondela e Cangas que tal e como acontecía na concentración son os concellos máis influenciados polo dinamismo da cidade de Vigo.

O espazo do GAC Ría de Vigo-Baixo Miño no seu conxunto, é un territorio densamente poboado, tendo unha media de densidade de 335,61 ha./km$^2$, se o comparamos cos datos de Galicia (93,75 ha./km$^2$) e a provincia de Pontevedra (218,01 ha./km$^2$), pero existindo grandes contrastes entre os concellos máis próximos a Vigo e os concellos máis afastados.

### Evolución da poboación

En xeral, a variación porcentual neste período foi dun 10,22%, datos que difiren moito tanto do acontecido no conxunto da provincia de Pontevedra (5,66%), como en Galicia, na que a poboación neste mesmo período diminuíu (-2,52%).

Analizando a gráfica[1] vese como a tendencia en xeral é positiva tendo no período dous puntos de inflexión, un no ano 1991 e outro no 1996, no que a poboación descendeu.




*1 A representación gráfica da evolución da poboación non presenta valores para o ano 1997 por non existir datos dispoñibles para ese período.*

Estudando a evolución por concello, obsérvase como dita evolución varía considerablemente duns concellos a outros. Deste xeito, poden distinguirse concellos nos que a poboación incrementouse entre un 13% e un 26% (Nigrán, Soutomaior, Redondela e Cangas), concellos que medraron pero a un ritmo máis lento (O Rosal,

Moaña e A Guarda) e concellos que sufriron un descenso no seu número de habitantes (Oia e Vilaboa). Isto quere dicir que existen determinados municipios cun maior poder de atracción de novos residentes, que atopan nese concellos vivendas mais asequibles, dotados de servizos básicos e con boas comunicacións coa cidade de Vigo.

| Distribución do número de habitantes por concello | | | |
|---|---|---|---|
| | Nº de Habitantes | | Variación % |
| Concello | 1986 | 2007 | |
| Baiona | 10.332 | 11.839 | 14,59% |
| Cangas | 22.297 | 25.402 | 13,93% |
| A Guarda | 10.057 | 10.356 | 2,97% |
| Moaña | 18.035 | 18.587 | 3,06% |
| Nigrán | 14.009 | 17.668 | 26,12% |
| Oia | 3.272 | 3.159 | -3,45% |
| Redondela | 27.609 | 29.987 | 8,61% |
| O Rosal | 5.937 | 6.402 | 7,83% |
| Soutomaior | 5.356 | 6.305 | 17,72% |
| Vilaboa | 6.226 | 6.015 | -3,39% |
| Fonte: INE. Censos de poboación e Vivendas e Padrón Municipal habitantes | | | |

No estudo da evolución demográfica do territorio é imprescindible, ademais, facer unha análise do **movemento natural da poboación**. Dito análise comprende o estudo dos nacementos, das defuncións e do crecemento vexetativo.

### Taxa de natalidade

A taxa de natalidade é un índice que mide o número de nacidos vivos por cada mil habitantes dun territorio determinado e a capacidade de expansión natural da poboación. Ao analizar o período que vai dende 1993 ata 2007, temos que a taxa de natalidade aumentou moi levemente, pasando dun 6,99‰ a un 9,30‰ para todo o territorio GAC, quedando por riba do datos de Galicia, que para o ano 2007 estaba en 7,81‰.

A nivel de concellos a situación amósase heteroxénea. Se se comparan os anos 1993 e 2007 tan só os concellos de Soutomaior, Cangas, Baiona, Moaña e Redondela experimentaron un crecemento significativo na súa taxa de natalidade, alcanzando cotas moi próximas ou superiores ao 10‰.  En contraposición, son os concellos de Vilaboa, Oia e A Guarda os que tiveron un maior retroceso no número de nacementos para estes anos.

### Taxa de mortalidade

A taxa de mortalidade indica o número de defuncións dunha poboación por cada mil habitantes. No territorio GAC esta taxa situase no ano 2007 no 8,40‰, experimentado un lixeiro ascenso no período 1993-2007. Este valor esta por debaixo da autonómica, que tamén sufriu un incremento nese período e situándose no ano 2007 no 10,74‰.

Ademais se se analizan os valores para o ano 2007, constátase a heteroxeneidade entre os concellos. Soamente Vilaboa ten unha taxa que está por riba da media galega, acercándose O Rosal e A Guarda que teñen valores por enriba de 9,00‰.

### Taxa de crecemento vexetativo

A taxa de crecemento vexetativo, en termos relativos, é a diferenza entre o número de nacementos e de defuncións por cada mil habitantes.

A partir desta taxa pódese obter información da dinámica demográfica dun determinado territorio, posto que se o valor é negativo indica que nese ano morreron máis persoas das que naceron e polo tanto estarase a producir un avellentamento da poboación, ou pola contra, cando é positiva significa que os nacementos superan ás defuncións co que a poboación pode estar a medrar.




Entre os anos 1998-2007, no territorio GAC Ría de Vigo-Baixo Miño, obsérvase como esta taxa mantén un nivel de signo positivo no seu conxunto, pero se a consideramos por concellos vese como o territorio presenta fortes contrastes. Mentres Vilaboa, O Rosal e Oia, no ano 2007, presentan datos negativos, A Guarda e Moaña valores entre 0 e 1, son os concellos de Baiona e Nigrán os que teñen valores que están por enriba de 1,5.

Para afondar no estudo da evolución da poboación, a continuación e complementando a anterior información, analízanse os **movementos migratorios da poboación**. Segundo o INE, migración é: "Cambio de residencia dun municipio a outro, ao estranxeiro ou desde o estranxeiro". Dentro da migración, distínguese a emigración e a inmigración, e froito da súa comparativa obtemos o saldo migratorio.




Obsérvase unha evolución semellante entre ámbalas dúas, xa que a partir do 2003 o crecemento é dinámico tanto para a emigración como para inmigración, sempre sendo esta última superior á anterior, polo que o saldo migratorio é positivo, alcanzando no ano 2006 dito saldo os 887 efectivos para todo o territorio GAC Ría de Vigo –Baixo Miño.

En todo este período, 2004-2006, entraron cerca de 3000 persoas procedentes doutros países, o que fixo que o censo de poboación estranxeira se elevase ata os 3.283 residentes, sendo o grupo máis numeroso o das persoas de nacionalidade marroquina, seguido dos arxentinos. As persoas con nacionalidade dun país europeo acadaban a cifrar dos 1.395 residentes.

En resumen, pódese afirmar que o movemento migratorio (emigración e inmigración) e un fenómeno que no noso territorio aumentou considerablemente, sendo un reflexo da situación económica, o cambio de políticas migratorias, a chegada da globalización; todos eles, son factores que inciden en que a poboación sexa máis dinámica ao longo de todo o territorio.

### Estrutura da poboación

A pirámide de poboación, forma gráfica máis habitual de representar a estrutura demográfica segundo sexo e idade, permite as comparacións entre diferentes territorios dunha forma fácil e rápida de varios fenómenos demográficos, tales como o avellentamento da poboación ou o equilibrio ou desequilibrio entre sexos.




A pirámide de poboación do territorio GAC Ría de Vigo-Baixo Miño presenta unha forma de ánfora o que significa que describe a unha poboación que está nun proceso de avellentamento, fenómeno producido polo escaso incremento nas taxas de natalidade e polo aumento na esperanza de vida dos seus habitantes. Aínda que tamén se observa como nos últimos catro anos a taxa de natalidade se recuperou un pouco, dado que a pirámide amosa unhas cifras superiores ao do grupo de idades de 5 a 9 anos.

A nivel de concellos, tamén se obsérva este fenómeno, fundamentalmente ao examinar o índice de envellecemento e o de dependencia.

O **índice de envellecemento** mide o porcentaxe de poboación de 65 e máis anos sobre a poboación menor de 20 anos. Esta fórmula expresa o grado de avellentamento dunha poboación, e polo tanto, canto maior sexa o índice maior peso terán os anciáns dentro do conxunto de persoas mozas de dita sociedade.

Deste xeito, son os concellos de Oia, Vilaboa, O Rosal e A Guarda os que obteñen as cotas máis elevadas de todo o territorio, 136,2%, 127,4%, 102,8%, 102,7% respectivamente. Pola contra, son os concellos de Baiona (79,6%), Nigrán (78,6%) e Cangas (86,8%) os que acadan as cotas máis baixas, debido ao incremento de poboación reflectido con anterioridade.

Por outra banda, o **índice de dependencia** mide o número de mozos (poboación menor de 20 anos) e de anciáns (poboación maior de 64 anos) que hai nun determinado territorio por cada 100 adultos en idade de traballar. Este dato indícanos o peso da poboación non activa con respecto á poboación potencialmente activa, e dicir, que canto maiores sexan estes índices máis dependencia terá a poboación. Así os concellos onde a cifra está por riba da media da galega (60,1%) son O Rosal cun 64,1% e Vilaboa cun 60,4%, mentres que son os concellos de Cangas e Moaña (49,7% e 49,3% respectivamente) os que teñen os índices mais baixos.

## Formación

O nivel de cualificación dos recursos humanos do GAC Ría de Vigo-Baixo Miño é baixo. Deste xeito, hai unha importante porcentaxe de poboación analfabeta (2,39%), e de poboación sen estudos (46,36%). Dentro do epígrafe de sen estudos inclúense a aquelas persoas con menos de cinco anos de escolarización e ás que non completaron o bacharelato elemental, ESO ou a EXB.

A poboación con graduado na ESO ou equivalente representa un 26,50% e con estudos secundarios e superiores acada un 24,66%.

A formación dos recursos humanos está por debaixo da media galega en tódolos niveis, agás no relativo á poboación con graduado en ESO ou equivalente que é superior á porcentaxe galega.

**Nivel de estudos poboación de 16 anos en diante 2001**

| CONCELLO | % Poboación analfabeta | % Poboación Sen estudos | % Poboación Graduado ESO ou equivalentes | % Poboación Bacharelato, FP ou equivalentes | % Poboación Estudos universitarios |
|---|---|---|---|---|---|
| Baiona | 1,84 | 44,71 | 25,93 | 19,00 | 8,52 |
| Cangas | 2,75 | 41,10 | 27,26 | 20,96 | 7,93 |
| A Guarda | 1,25 | 49,00 | 25,19 | 18,11 | 6,45 |
| Moaña | 2,75 | 48,28 | 25,54 | 17,22 | 6,21 |
| Nigrán | 2,13 | 39,11 | 25,12 | 20,89 | 12,75 |
| Oia | 2,30 | 64,06 | 21,64 | 9,08 | 2,92 |
| Redondela | 2,30 | 45,83 | 29,50 | 16,51 | 5,86 |
| O Rosal | 1,48 | 53,33 | 28,08 | 12,58 | 4,53 |
| Soutomaior | 3,65 | 54,50 | 22,32 | 13,77 | 5,76 |
| Vilaboa | 3,75 | 58,83 | 23,36 | 10,98 | 3,08 |
| **TOTAL GAC** | **2,39** | **46,36** | **26,50** | **17,59** | **7,16** |
| **GALICIA** | **2,08** | **42,90** | **25,09** | **19,20** | **10,73** |

Fonte. INE Censo de poboación e vivenda 2001

Por municipios destaca Nigrán fronte ao resto do territorio polo número de persoas que teñen estudos superiores (12,75%), seguido de Baiona, Cangas, A Guarda e Moaña.

Vilaboa é o concello que presenta un índice de analfabetismo maior, así como unha menor cualificación da poboación que dispón dalgún tipo de estudos, presentando cifras semellantes en número de analfabetos (3,75%) así como en número de diplomados, licenciados ou doutores universitarios (3,08).

Á vista dos datos, en liñas xerais, pódese concluír que os concellos máis próximos a Vigo son os que dispoñen duns recursos humanos máis formados e os máis apartados os que contan cun nivel de formación menor.

## I.2.3.- MERCADO DE TRABALLO

Para estudar o mercado de traballo do territorio do GAC Ría de Vigo-Baixo Miño vanse ter en conta as estatísticas do Censo de Poboación e vivenda do ano 2001, que aínda que están un pouco desactualizados, son os datos a nivel municipal máis recentes cos que se conta neste momento e polo tanto poden darnos un indicativo máis ou menos fiable de como está actualmente o mercado de traballo do territorio.

| Características da poboación maior de 16 anos dentro do territorio do GAC Ría de Vigo-Baixo Miño Ano 2001 | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | **Poboación maior de 16 anos** | **Persoas activas** | **Taxa actividade** | **Persoas ocupadas** | **Taxa ocupación** | **Persoas desempregadas** | **Taxa desemprego** | **Persoas inactivas** | **Taxa inactividade** |
| **Homes** | 52.486 | 35.282 | 67,22 | 32.292 | 61,52 | 2.990 | 8,47 | 17.204 | 32,78 |
| **Mulleres** | 55.881 | 23.538 | 42,12 | 19.608 | 35,09 | 3.930 | 16,70 | 32.343 | 57,88 |
| **GAC** | 108.367 | 58.820 | 54,28 | 51.900 | 47,89 | 6.920 | 11,76 | 49.547 | 45,72 |
| **Galicia** | 2.334.674 | 1.183.150 | 50,68 | 1.035.178 | 44,34 | 147.972 | 12,51 | 1.151.524 | 49,30 |

Fonte: Censo de Poboación e Vivenda 2001

Se analizamos a dinámica deste datos comparándoa con Galicia obsérvase que os valores das taxas reflicten mellores resultados no territorio GAC Ría de Vigo – A Guarda, xa que tanto a taxa de actividade como a de ocupación están por riba da media galega, mentres que as taxas de desemprego e inactividade están por baixo das de Galicia.



Fonte: Censo de Poboación e Vivenda 2001

Estas taxas experimentaron un aumento dende o ano 1996 de 7 puntos porcentuais no caso da actividade, e de case 12 puntos, no caso da de ocupación, o cal determina un gran dinamismo no mercado do traballo, e que estivo provocado por dúas causas que se produciron paralelamente e que están interrelacionadas: por un lado, polo rápido crecemento do número de persoas ocupadas (o número de persoas ocupadas medrou un 40% no período, mentres que o número de persoas maiores de 16 anos só o facía nun 5,50%), e polo outro, por unha fase de forte incorporación da muller ao mercado de traballo (o número de mulleres activas incrementous máis dun 42% no

período 1996-2001, o que supuxo un crecemento da taxa de actividade de máis de 11 puntos porcentuais).

Malia este dinamismo do mercado de traballo e a forte incorporación da muller á vida laboral, e ao igual que acontece no resto de Galicia, se desagregamos as taxas de actividade e ocupación por sexo constátase as desigualdades que existen entre homes e mulleres.

Se ben as mulleres representan o 51,6% da poboación maior de 16 anos residente no territorio do GAC, elas non teñen un peso tan alto ao facer o cómputo de persoas activas e ocupadas, xa que se ven relegadas a levar un papel de amas de casa dedicadas ás tarefas do fogar (23,80% do total de mulleres maiores de 16 anos). Malia que nos últimos anos esta situación estivo a mudar, pois a taxa de actividade das mulleres pasou do 31% ao 42,12%, aínda queda moito camiño por andar para que a situación no mercado de traballo se iguale entre homes e mulleres (as taxas de actividade e ocupación femininas están máis de 20 puntos porcentuais por baixo das masculinas).

En canto á estrutura sectorial da poboación ocupada hai que salientar a importancia que ten o sector servizos no cómputo total da poboación ocupada, acaparando ao 49,5% dos efectivos, así como o sector industrial, no que traballan o 24% da poboación ocupada de todo o territorio. O sector pesqueiro xunto coa construción acaparan en torno a un 11% e un 12% respectivamente e, pola contra o sector agrogandeiro é o que conta cun peso moi reducido no mercado de traballo do territorio, non pasando dun 3% da poboación ocupada.

**Poboación ocupada por sectores económicos: número (Nª) e porcentaxe (%)**

| Concello | Total | | Agricultura, gandería, caza e silvicultura | | Pesca | | Industria | | Construción | | Servizos | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Nº | % | Nº | % | Nº | % | Nº | % | Nº | % | Nº | % |
| Baiona | 4.868 | 100% | 63 | 1,29% | 624 | 12,82% | 799 | 16,41% | 620 | 12,74% | 2.762 | 4.868 |
| Cangas | 9.854 | 100% | 230 | 2,33% | 1.925 | 19,54% | 1.751 | 17,77% | 1.076 | 10,92% | 4.872 | 9.854 |
| A Guarda | 3.931 | 100% | 193 | 4,91% | 764 | 19,44% | 587 | 14,93% | 407 | 10,35% | 1.980 | 3.931 |
| Moaña | 7.448 | 100% | 109 | 1,46% | 1.180 | 15,84% | 2.237 | 30,03% | 844 | 11,33% | 3.078 | 7.448 |
| Nigrán | 6.993 | 100% | 119 | 1,70% | 338 | 4,83% | 1.544 | 22,08% | 986 | 14,10% | 4.006 | 6.993 |
| Oia | 1.425 | 100% | 284 | 19,93% | 110 | 7,72% | 273 | 19,16% | 224 | 15,72% | 534 | 1.425 |
| Redondela | 12.257 | 100% | 120 | 0,98% | 688 | 5,61% | 3.898 | 31,80% | 1.460 | 11,91% | 6.091 | 12.257 |
| O Rosal | 2.045 | 100% | 206 | 10,07% | 78 | 3,81% | 485 | 23,72% | 444 | 21,71% | 832 | 2.045 |
| Soutomaior | 1.873 | 100% | 23 | 1,23% | 97 | 5,18% | 478 | 25,52% | 225 | 12,01% | 1.050 | 1.873 |
| Vilaboa | 2.447 | 100% | 33 | 1,35% | 219 | 8,95% | 676 | 27,63% | 413 | 16,88% | 1.106 | 2.447 |
| **Total GAC** | **53.141** | 100% | **1.380** | 2,60% | **6.023** | 11,33% | **12.728** | 23,95% | **6.699** | 12,61% | **26.311** | **53.141** |

Fonte: Censo de Poboación e Vivenda 2001

O 11,3% dos habitantes deste territorio adican a súa actividade directamente dentro do sector produtivo mariño, o que supón o 32,8% dos empregados do sector produtivo mariño da provincia de Pontevedra e o 17,1% de toda Galicia. O 21,7% das persoas adicadas a este sector produtivo son mulleres.

Ao analizar os datos da poboación ocupada por sectores económicos dentro do territorio de actuación do GAC Ría de Vigo-A Guarda, pódes observar como a situación difire bastante segundo o concello. Deste xeito os concellos de Cangas e Moaña, manteñen unhas altas porcentaxes de poboación ocupada no sector pesqueiro, seguidos de A Guarda. Os concellos de Oia e O Rosal teñen unhas taxas de ocupación do sector agrogandeiro do 10,07% e 19,93% respectivamente. O sector industrial ten un peso superior ao 30% do total de ocupados en Moaña e Redondela; e o sector da construción e os servizos non está atomizado en ningún concello específico senón que as porcentaxes son moi similares entre os diferentes concellos.

Se consideramos os datos de poboación ocupada por sexos, aprécianse claras diferenzas entre homes e mulleres. Así podemos ver como as mulleres están practicamente relegadas a desempeñar ocupacións no sector servizos (70% das mulleres ocupadas), mentres que os homes teñen repartida a súa ocupación entre os servizos (38%), a industria (27%) e a construción (19%).




Fonte: Censo de Poboación e Vivendas 2001

Por outra banda, ao analizar a evolución das cifras de persoas desempregadas durante os últimos dous anos, pódese ver como o desemprego neste territorio descendeu un 13,02%. Deste xeito de xuño de 2006 a xuño de 2008 pasouse de 9.738 a 8.470 persoas desempregadas.




Se examinamos máis polo miúdo os datos de evolución do desemprego durante os últimos anos, podemos apreciar como no último ano houbo unha forte desaceleración no mercado de traballo, pois o descenso desde decembro de 2007 foi menos acusado que no primeiro período.

| Número de persoas desempregadas por concello | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Concellos** | **dec-05** | **dec-06** | **dec-07** | **xun-08** | **Variación** |
| Baiona | 688 | 594 | 583 | 637 | -7,41% |
| Cangas | 2.144 | 1.966 | 1.960 | 1.853 | -13,57% |
| A Guarda | 652 | 596 | 573 | 594 | -8,90% |
| Moaña | 1.467 | 1.360 | 1.325 | 1.277 | -12,95% |
| Nigrán | 949 | 829 | 814 | 833 | -12,22% |
| Oia | 216 | 199 | 191 | 209 | -3,24% |
| Redondela | 2.104 | 1.858 | 1.735 | 1.730 | -17,78% |
| O Rosal | 509 | 412 | 437 | 434 | -14,73% |
| Soutomaior | 517 | 500 | 504 | 493 | -4,64% |
| Vilaboa | 492 | 405 | 366 | 410 | -16,67% |
| **TOTAL** | **9.738** | **8.719** | **8.488** | **8.470** | **-13,02%** |

Fonte: Conselleria de Traballo.

Considerando esta evolución a nivel de concellos obsérvase que os maiores descensos producíronse nos concellos de Redondela e Vilaboa, seguidos de Cangas, Moaña e Nigrán.

Esta desaceleración do mercado do traballo ten as súas raíces na situación pola que están pasando varios sectores económicos, con especial incidencia no sector da

construción, e que está provocada pola suba dos prezos dos combustibles, do IPC e da taxa de xuro do endebedamento financeiro, o cal está afectando a economía da zona.

Deste xeito, ao contemplar a evolución das cifras de desemprego por sectores económicos, pódese apreciar que os únicos sectores onde o desemprego baixou considerablemente foron a industria e os servizos.

**Evolución número de parados no territorio GAC por sectores (2005- 2008)**




Fonte: INE

### 1.2.4. ESTRUTURA ECONÓMICA E NIVEL DE RENDA

O territorio que conforma o GAC, cunha poboación en constante crecemento, como vimos de analizar, presenta unha estrutura económica complexa e heteroxénea que se foi modulando ao longo do século XX nun contexto internacional que estaba presidido polos postulados Keynesianos de Estado do Benestar e polo modelo Fordista de organización da produción. As grandes fábricas industriais (Massó, Alfageme, Ascón, Barreras, Freire, Citroen, etc) demandaban a incorporación de grandes continxentes de traballadores procedentes do sector primario, e os salarios instaurábanse como norma de regulación social ao tempo que se producían modificacións nos patróns de consumo.

Dentro deste contexto histórico desenvolveuse o núcleo duro da economía da Ría de Vigo: pesca, industria do mar e o automóbil. A propia actividade pesqueira coñecía un forte pulo innovador que a levou a expandirse por tódolos caladoiros internacionais para atender a crecente demanda urbana de alimentos baratos.

A maior parte dos concellos da Ría de Vigo (Cangas, Moaña, Redondela, Nigrán, etc) medraron neste contexto de división internacional da produción, onde as oscilacións nos volumes de emprego, estrutura empresarial e xeración de renda estaban cada vez máis condicionados por regulacións de mercado internacionais (Unión Europea, OCDE, FMI, etc); fronte a outros concellos do Baixo Miño (Oia e O Rosal, principalmente) que seguiron a manter estruturas máis rurais.

Ao final do s XX, as medidas monetarias e neoclásicas forzan á desregularización dos mercados e a flexibilización das relacións salariais, dando lugar ao chamado fenómeno de globalización económica que, a nivel local, caracterizase por un forte proceso de terciarización da economía, homoxeneización cultural, inestabilidade laboral, reparto desigual da riqueza, predominio da tecnoloxía e deterioro medioambiental.

Modelo de crecemento económico que prima os procesos de urbanización, industrialización difusa e actividades de ocio con forte peso infraestrutural (portos náuticos, paseos marítimos, etc), e ameaza gravemente os recursos naturais transformando aceleradamente o hábitat da Ría de Vigo modulado ao longo do tempo polo modo de vida agro-mariñeiro con trazos culturais e sociais propios en franca desaparición.

A estrutura económica no conxunto do territorio GAC presentas as seguintes peculiaridades:

• O predominio do sector servizos en número de empresas (76%; *Directorio de empresas 2007. IGE*) e poboación ocupada (49,51%; *Censo Poboación 2001*). O proceso de terciarización é máis destacado nos concellos de Baiona, Nigrán, Soutomaior e A Guarda, e de menor intensidade en Oia, O Rosal e Moaña.

• A pesca mantén un peso relevante en termos de número de empresas e emprego có 11,3% da poboación ocupada no global do GAC; superando o 19,5% do emprego en Cangas e A Guarda. O VEBpm do complexo mar-industria ocupa os primeiros lugares en volume na Ría de Vigo (ao redor do 12% do total), xunto á automoción e á promoción inmobiliaria. A flota e emprego pesqueiro é relevante tanto en pesca artesanal como en caladoiros internacionais.

• A agricultura segue a ser importante en termos de emprego nos concellos do Baixo Miño: Oia (19,3%), O Rosal (10,07%) e A Guarda (4,91%); onde destacan cultivos baixo abrigo, orientados ao mercado, de planta ornamental, flores e hortalizas, froitais e viñedo. No resto do territorio GAC é testimonial en relación ao emprego; pero moi importante en termos sociais, conservación do chan fértil, paisaxe e cultura.

• A industria presenta, en termos de ocupación, un maior peso cá no conxunto provincial e autonómico: 23,95% no territorio GAC, fronte ao 22,03% provincial e ao 18,7% autonómico. Os concellos de Redondela (31%), Moaña (30%) e Vilaboa (27%) son os que teñen o maior peso da industria na súa estrutura de emprego. Non obstante, unha grande parte dos traballadores residentes nestes municipios están empregados en Vigo, Porriño, Mos e polígonos industriais do contorno. Toda a zona foi especialmente afectada polas reconversións industriais das últimas décadas do s XX que levaron ao peche de importantes industrias (naval, conserveiras, etc.) incrementándose dende entón notablemente os indicadores de desemprego.

• A construción mostra porcentaxes de emprego semellantes ao conxunto provincial e autonómico; lixeiramente superior ao 12% nos tres ámbitos segundo datos do censo de poboación do 2001. Por municipios, destaca O Rosal (21,7%), Vilaboa (16,8%) e Oia (15,72%). Ora ben, estas cifras posiblemente aumentaran notablemente nos últimos 6 anos paralelamente ao forte incremento da construción residencial en tódolos concellos da zona. Como exemplo significar que o número de empresas da construción cadou a cifra de 1.383 entidades no ano 2006; o que representa un incremento do 59% fronte ás existentes no ano 1999.

• A existencia dun elevado nivel de asalariados eventuais en comparación có conxunto provincial e autonómico; especialmente significativo no emprego

feminino con preto do 51% de contratos temporais no conxunto do GAC (superior ao 43% provincial); superándose en concellos coma Vilaboa e Oia o 60%.

- O nivel de Renda (Renda Familiar Dispoñible e VEBpm por habitante) no territorio GAC, é inferior ao conxunto provincial, autonómico e aos municipios de igual rango poboacional do resto da provincia como Porriño, Vilagarcía, Lalín ou Caldas. Non obstante, existe unha notable diferenciación social interna, con amplos sectores de poboación con rendas ao redor do *Salario Mínimo Interprofesional*.

- A influencia de Vigo, con máis de 290 mil habitantes, é moi notable en termos de emprego, comercio e demais servizos públicos e privados. Hai un continuo fluxo de traballadores e visitantes entre Vigo e os concellos do contorno. Sirva como exemplo a liña regular de embarcacións de pasaxe entre Cangas, Moaña e Vigo que desprazan anualmente máis de 1 millón de persoas. Aínda que, hoxe en día, está ameazada pola liberación do transporte de ría.

- Todo o territorio GAC conforma un destino turístico tradicional no contorno das Rías Baixas. Actividade turística predominantemente estival, con forte peso da vivenda de aluguer fronte a aloxamentos de hostalaría autorizados, e ao emprego altamente estacional e precario en moitos establecementos.

### 1.- Proceso de terciarización con mantemento de emprego na pesca.

O territorio do GAC, aínda que en menor medida cá no resto da provincia e Galicia, coñece un proceso de terciarización da súa estrutura económica que trouxo consigo un predominio do sector servizos no volume de emprego e número de empresas.

**Ocupación.-** O Censo de Poboación e Vivenda do 2001 revelaba o avance do sector servizos na estrutura ocupacional chegando a acadar o 49,51% do emprego total; o que significa un incremento de máis de 10 puntos porcentuais respecto ao ano 1991. Esta cifra, aínda sendo elevada, é inferior ao conxunto provincial (56,48%) e autonómico (57,92%); o que mostra como, no conxunto do territorio GAC, actividades como a pesca seguen a ter unha presenza destacada, dado que a industria e a construción se sitúan en cifras só lixeiramente superiores aos datos provinciais e autonómicos.

| Evolución Ocupación Sectores Económicos 1991-2001 | | | |
|---|---|---|---|
| | **1991** | **2001** | **Variación 1991-2001** |
| **Sector Primario** | 21,13 | 13,93 | **- 7,2** |
| **Sector Secundario** | 24,57 | 23,95 | **- 0,62** |
| **Sector Construción** | 15,40 | 12,61 | **- 2,79** |
| **Sector Terciario** | 38,90 | 49,51 | **10,61** |
| | 100,00 | 100,00 | |

Fonte: IGE. Censo de Poboación e Vivendas 1991 e 2001. INE

Os demais sectores perderon peso porcentual; notablemente o sector primario cun descenso do 7,2% no emprego. Aínda que a caída foi máis forte na agricultura fronte á pesca que mantén unha porcentaxe de ocupación do 11,33% no conxunto do GAC; cifra moi superior ao 5,11% provincial e ao 3,4% autonómico.






Tralos servizos, a industria sitúase no segundo lugar en poboación ocupada cun 23,95%; cantidade lixeiramente superior ao dato provincial (22,03%) e netamente por enriba do autonómico (18,7%). A construción ocupa o terceiro lugar cun 12,6%, semellante a súa representación provincial e autonómica.

| Distribución porcentual da poboación ocupada. 2001 | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Agricultura, gandería, silvicultura | Pesca | Industria | Construción | Servizos |
| Baiona | 1,29 | 12,82 | 16,41 | 12,74 | 56,74 |
| Cangas | 2,33 | 19,54 | 17,77 | 10,92 | 49,44 |
| A Guarda | 4,91 | 19,44 | 14,93 | 10,35 | 50,37 |
| Moaña | 1,46 | 15,84 | 30,03 | 11,33 | 41,33 |
| Nigrán | 1,70 | 4,83 | 22,08 | 14,10 | 57,29 |
| Oia | 19,93 | 7,72 | 19,16 | 15,72 | 37,47 |
| Redondela | 0,98 | 5,61 | 31,80 | 11,91 | 49,69 |
| O Rosal | 10,07 | 3,81 | 23,72 | 21,71 | 40,68 |
| Soutomaior | 1,23 | 5,18 | 25,52 | 12,01 | 56,06 |
| Vilaboa | 1,35 | 8,95 | 27,63 | 16,88 | 45,20 |
| **Total GAC** | **2,60** | **11,33** | **23,95** | **12,61** | **49,51** |
| **Provincia** | **4,16** | **5,11** | **22,03** | **12,22** | **56,48** |
| **Galicia** | **7,66** | **3,40** | **18,70** | **12,32** | **57,92** |

Fonte: IGE. Censo de Poboación e Vivendas 2001. INE

A nivel concellos, as diferenzas son notables. Ao sur do territorio GAC, na comarca do Baixo Miño, só A Guarda presenta un peso dos servizos semellante á media do GAC e mantén un peso considerable da pesca: En cambio, en Oia e no Rosal, sendo dominantes os servizos, teñen unha estrutura máis agraria con importancia crecente da construción.

Na comarca de Vigo, os servizos ofrecen nos concellos de Baiona, Nigrán e Soutomaior as cifras máis elevadas do GAC, semellantes aos datos da provincia e Galicia. Baiona ten aínda unha significativa presenza da pesca e Nigrán e Soutomaior da industria; ao igual que Redondela, concello co maior peso industrial de toda a zona.

A situación da península do Morrazo é un exemplo paradigmático da economía da ría de Vigo. Nos tres concellos medran os servizos; pero a pesca e a industria teñen un peso moi destacado. Cangas é o concello con máis emprego na pesca de todo o GAC, e Moaña e Vilaboa, con relevante presenza da pesca, mostran unha estrutura ocupacional máis industrializada.

**Empresas:** No ano 2006 existían un total de 8.512 empresas no conxunto do GAC; das que o 76% desenvolven a súa actividade no sector servizos; porcentaxe menor ao seu peso na provincia (78%) e en Galicia (77,5%).

En tódolos concellos, as empresas de servizos son as maioritarias, pero teñen un maior peso relativo en Baiona (80,91%), A Guarda (80%), e Cangas (79%), fronte a un menor peso no Rosal (62,3%).

| Empresas por sectores de actividade. Ano 2006 | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Número de empresas | | | | | | |
| | Total | Industria, incluída a enerxía | | Construción | | Servizos | |
| | Nº | Nº | % | Nº | % | Nº | % |
| Baiona | 702 | 33 | 0,47 | 101 | 14,39 | 568 | 80,91 |
| Cangas | 1.471 | 91 | 0,62 | 218 | 14,82 | 1.162 | 78,99 |
| A Guarda | 720 | 55 | 0,76 | 93 | 12,92 | 572 | 79,44 |
| Moaña | 1.150 | 101 | 0,88 | 198 | 17,22 | 851 | 74,00 |
| Nigrán | 1.278 | 84 | 0,66 | 224 | 17,53 | 970 | 75,90 |
| Oia | 152 | 8 | 0,53 | 39 | 25,66 | 105 | 69,08 |
| Redondela | 1.824 | 175 | 0,96 | 283 | 15,52 | 1.366 | 74,89 |
| O Rosal | 350 | 52 | 1,49 | 80 | 22,86 | 218 | 62,29 |
| Soutomaior | 405 | 27 | 0,67 | 63 | 15,56 | 315 | 77,78 |
| Vilaboa | 460 | 43 | 0,93 | 84 | 18,26 | 333 | 72,39 |
| **Total GAC** | **8.512** | **669** | **0,79** | **1.383** | **16,25** | **6.460** | **75,89** |
| **Provincia** | **67.426** | **5.569** | **0,83** | **9.261** | **13,74** | **52.596** | **78,01** |
| **Galicia** | **198.603** | **16.391** | **0,83** | **28.224** | **14,21** | **153.988** | **77,54** |

Fonte: IGE. Directorio de Empresas

As empresas dedicadas á construción ocupan o segundo lugar cun total de 1.383 unidades; sendo Redondela, Nigrán, Cangas e Moaña onde hai máis empresas deste sector, ao igual que acontece no caso das empresas do sector da industria.

De seguido presentamos unha descrición dos distintos sectores en termos de emprego e estrutura empresarial:

a) Sector servizos:
    - Comercio
    - Hostalaría
b) Sector Industrial
c) Sector Construción
d) Sector Pesca
e) Sector agro-forestal

**a) Sector Servizos**

En todo o territorio GAC estase a producir un cambio xeralizado do núcleo da súa economía cun avance significativo dos servizos, que ten como consecuencia un aumento das micro e pequenas e medianas empresas e un deterioro das condicións laborais dos traballadores. Os cambios nos sistemas de produción das empresas con externalización de parte das súas operacións, a implantación de novas tecnoloxías, a provisión de servizos públicos, etc., unido ao sector tradicional do comercio, fan que se incremente notablemente o emprego neste sector.

**Ocupación.-** Segundo os datos de ***Altas á Seguridade Social*** a decembro do 2007, había un total de 18.754 empregados nas diferentes ramas de actividade de servizos; o que representa o 58% do total de afiliados.

| Altas Seguridade Social por ramas de actividade de servizos (CNAE). Decembro 2007 | | |
|---|---|---|
| **Ramas de actividade (CNAE)** | **Nº** | **% / Total** |
| 50 venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores | 833 | 4,44 |
| 51 comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motoc | 1914 | 10,21 |
| 52 comercio polo miúdo, agás comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotor | 3930 | 20,96 |
| 55 hostalaría | 3325 | 17,73 |
| 60 transporte terrestre; transporte por tubos | 1235 | 6,59 |
| 63 actividades anexas ós transportes: actividades de axencias de viaxes | 487 | 2,60 |
| 64 correos e telecomunicacións | 0 | 0,00 |
| 65 intermediación financeira, agás seguros e plans de pensións | 0 | 0,00 |
| 66 seguros e plans de pensións, agás seguridade social obrigatoria | 15 | 0,08 |
| 67 actividades auxiliares da intermediación financeira | 260 | 1,39 |
| 70 actividades inmobiliarias | 310 | 1,65 |
| 71 alugueiro de maquinaria e equipo sen operario, de efectos persoais e utensilios domésticos | 69 | 0,37 |
| 72 actividades informáticas | 50 | 0,27 |
| 73 investigación e desenvolvemento | 4 | 0,02 |
| 74 outras actividades empresariais | 1188 | 6,33 |
| 75 administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria | 1587 | 8,46 |
| 80 educación | 765 | 4,08 |
| 85 actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais | 761 | 4,06 |
| 90 actividades de saneamento público | 78 | 0,42 |
| 91 actividades asociativas | 119 | 0,63 |
| 92 actividades recreativas, culturais e deportivas | 312 | 1,66 |
| 93 actividades diversas de servizos persoais | 889 | 4,74 |
| 95 fogares que empregan persoal doméstico | 623 | 3,32 |
| **TOTAL SERVIZOS GAC** | **18.754** | **100,00** |

Fonte: Consellería de Traballo Altas Seguridade Social.

## Actividades Comerciais

O comercio polo miúdo e as actividades de hostalaría empregan ao maior número de traballadores representando en conxunto máis do 38% do total nos servizos; ao que si lle sumamos as ramas de actividade de venda de vehículos e maioristas chegamos ao 55% do total do emprego.

**Empresas.-** A meirande parte dos establecementos de servizos son pequenos comercios da rama da alimentación, vestido, calzado, fogar e outros bens básicos, acadando o 45% do total de unidades.

Hai un total de 2.910 establecementos comerciais, dos que 1.123 corresponden a tendas de alimentación (tradicionais e supermercados), 1.383 a tendas de actividades non alimentarias (vestido, calzado, fogar, etc) e 404 a grandes superficies comerciais, almacéns e mercadillos.

Un primeiro aspecto destacable é a menor dotación de establecementos comerciais no conxunto do territorio GAC fronte aos que existen na provincia. O peso do comercio no total provincial (13,66%) é inferior ao seu peso demográfico (14,32%); e ao nivel galego (4,32 dos comercios fronte a un 4,89 de peso demográfico). Consecuentemente os niveis dotacionais son sensiblemente menores, ao contar a provincia con 22,48 actividades por cada 1.000 habitantes e 24,23 en Galicia, fronte aos 21,44 do territorio GAC.

| Actividades, superficie e dotacións comerciais. 2007 | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Actividades | | Superficie venda | | Poboación 2007 | | Dotación |
| | Nº | % | M2 | % | Habitantes | % | Actividades / 1.000 hab. |
| Baiona | 292 | 10,03 | 26.209 | 11,26 | 11.839 | 8,72 | 24,66 |
| Cangas | 660 | 22,68 | 36019 | 15,48 | 25.402 | 18,72 | 25,98 |
| A Guarda | 349 | 11,99 | 28244 | 12,13 | 10.356 | 7,63 | 33,70 |
| Moaña | 406 | 13,95 | 36446 | 15,66 | 18.587 | 13,70 | 21,84 |
| Nigrán | 338 | 11,62 | 21978 | 9,44 | 17.668 | 13,02 | 19,13 |
| Oia | 57 | 1,96 | 3189 | 1,37 | 3.159 | 2,33 | 18,04 |
| Redondela | 355 | 12,20 | 41581 | 17,87 | 29.987 | 22,09 | 11,84 |
| O Rosal | 107 | 3,68 | 5758 | 2,47 | 6.402 | 4,72 | 16,71 |
| Soutomaior | 147 | 5,05 | 14434 | 6,20 | 6.305 | 4,65 | 23,31 |
| Vilaboa | 199 | 6,84 | 18892 | 8,12 | 6.015 | 4,43 | 33,08 |
| **Total GAC** | **2.910** | **100,00** | **232750** | 100,00 | **135.720** | **100,00** | 21,44 |
| **Provincia** | **21.299** | **13,66** | **22121283** | **1,05** | **947.639** | **14,32** | 22,48 |
| **Galicia** | **67.167** | **4,32** | **6564389** | **3.5** | **2.772.533** | **4,89** | 24,23 |

Fonte: Atlas Socioeconómico de Galicia 2007. Caixanova

Analizando os datos por concellos, vemos que destaca Cangas por actividade comercial tendo máis do 22,6% dos establecementos da zona; que supera con creces o seu peso demográfico (18,72%), o que contrasta por exemplo coa situación de Redondela que, contando co 22% da poboación, soamente ten o 12,2 % dos comercios.

A representatividade comercial en concellos como Baiona, Cangas, A Guarda, Moaña, Soutomaior e Vilaboa é superior aos seus pesos demográficos no GAC. Ao contrario, en Nigrán, Oia e no Rosal a presenza do comercio é inferior ao seu peso demográfico. En Nigrán, a proximidade a Vigo pode ser a causa desta menor dotación, nos outros dous concellos a súa economía máis rural e a proximidade da Guarda como centro de servizos da costa do Baixo Miño.

En consonancia coa representatividade do comercio fronte á poboación no conxunto do GAC, obsérvase como A Guarda, Baiona, Cangas, Soutomaior e Vilaboa teñen dotacións superiores á media do GAC e da Provincia.

**Número Establecementos comerciais. 2006**

| | Nº Actividades Alimentación | | | | | | Nº Actividades Non alimentación | | | | | | | | Grandes súper, almaces, mercadillos | TOTAL Comercio |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Tradic | *Media m²* | Super | *Media m²* | **Total** | *Media m²* | Vestido, calzado | *Media m²* | Fogar | *Media m²* | Resto | *Media m²* | **Total** | *Media m²* | | |
| Baiona | 103 | *30* | 11 | *165* | 114 | *30* | 55 | *53* | 43 | *153* | 63 | *76* | 161 | *89* | 17 | **292** |
| Cangas | 240 | *21* | 21 | *235* | 261 | *42* | 85 | *59* | 71 | *109* | 157 | *59* | 313 | *70* | 86 | **660** |
| A Guarda | 99 | *30* | 10 | *358* | 109 | *18* | 50 | *77* | 60 | *110* | 102 | *83* | 212 | *89* | 28 | **349** |
| Moaña | 173 | *25* | 11 | *367* | 184 | *23* | 36 | *35* | 43 | *132* | 110 | *71* | 189 | *81* | 33 | **406** |
| Nigrán | 115 | *33* | 12 | *171* | 127 | *34* | 42 | *54* | 47 | *116* | 96 | *68* | 185 | *77* | 26 | **338** |
| Oia | 25 | *18* | 6 | *90* | 31 | *11* | 1 | *59* | 4 | *113* | 15 | *65* | 20 | *74* | 6 | **57** |
| Redondela | 140 | *38* | 17 | *226* | 157 | *41* | 69 | *60* | 66 | *210* | 0 | *0* | 135 | *228* | 63 | **355** |
| O Rosal | 40 | *29* | 5 | *102* | 45 | *17* | 5 | *58* | 15 | *107* | 30 | *58* | 50 | *73* | 12 | **107** |
| Soutomaior | 40 | *30* | 10 | *173* | 50 | *17* | 18 | *76* | 19 | *297* | 31 | *101* | 68 | *149* | 29 | **147** |
| Vilaboa | 38 | *28* | 7 | *57* | 45 | *26* | 2 | *66* | 22 | *572* | 26 | *162* | 50 | *339* | 104 | **199** |
| **GAC** | 1.013 | *28* | 110 | *194* | **1.123** | *26* | 363 | *60* | 390 | *192* | 630 | *74* | **1.383** | *127* | 404 | **2.910** |
| **Provincia** | 6.153 | *29* | 706 | *266* | **6.859** | *53* | 3.162 | *79* | 3002 | *171* | 6140 | *104* | **12.304** | *114* | 1.991 | **21.299** |
| **Galicia** | 19.290 | *26* | 2140 | *268* | **21.430** | *50* | 10.286 | *74* | 9501 | *173* | 20261 | *104* | **40.048** | *113* | 5.544 | **67.167** |

Fonte: Caixanova. Atlas socioeconómico de Galicia.

Profundizando na análise do comercio, podemos destacar as seguintes características:

**Alimentación.-** Os comercios de alimentación no conxunto do GAC (1.123) representan o 16,37% dos comercios de alimentación da provincia; tendo unha superficie media de 26 m²; moi inferior á media provincial (55 m²) e a autonómica (50 m²). Ora ben, hai que distinguir entre os comercios tradicionais, onde a superficie media, ao redor de 28 m², é semellante á provincial e autonómica; e os supermercados que no conxunto do GAC son de menor superficie.

Os concellos con menor presenza de comercios de alimentación e menor superficie son os de estrutura máis rural como Oia, O Rosal e Soutomaior.

**Actividades non alimentarias.-** Os comercios de vestido, calzado, fogar e outros minoristas (1.383) representan o 11,2% do total provincial, tendo unha superficie media de 127 m²; superior a media provincial (114 m²) e autonómica (113 m²).

## Actividades de hostalaría

O territorio GAC está situado no contexto do destino turístico tradicional Rías Baixas. Concellos como Baiona, Cangas, Nigrán ou A Guarda son destinos turísticos vacacionais que se caracterizan por un forte emprego temporal na época estival en actividades de restauración e hostalaría.

Segundo os datos de afiliados á *Seguridade Social* no ano 2007 había un total de 2.157 traballadores no sector da Hostalaría.

**Afiliados á Seguridade Social. Hostalaría. 2007**

| GAC | Baiona | Cangas | A Guarda | Moaña | Nigrán | Oia | Redondela | O Rosal | Soutomaior | Vilaboa |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2.157 | 402 | 293 | 188 | 160 | 279 | 54 | 509 | 35 | 107 | 130 |

Fonte: Consellería de Traballo. Instituto de Cualificacións. Informe Mercado de Traballo.

En casos como Baiona, representa o sector de maior volume de emprego co 21,62%, por enriba de actividades como o comercio, reparacións de vehículos e artigos persoais (16,03%) ou a construción (15,28%).

O menor volume de emprego está en concellos con menor poboación e estrutrura máis rural como Oia ou O Rosal. A pesar de que nos últimos anos, Oia, por exemplo viu incrementado notablemente o seu número de hoteis.

No conxunto do GAC hai un total de 50 hoteis (de diferentes categorías) que representa o 13,3% do conxunto provincial e o 6,5% de Galicia. Nos últimos 4 anos houbo un crecemento significativo de 22 hoteis no conxunto da zona.

**Hoteis. Evolución establecementos**

| | Nº de Hoteis | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | 2003 | 2004 | 2005 | 2006 | 2007 |
| Baiona | 10 | 12 | 13 | 13 | 14 |
| Cangas | 5 | 5 | 5 | 5 | 7 |
| A Guarda | 5 | 5 | 5 | 5 | 8 |
| Moaña | 0 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| Nigrán | 3 | 3 | 3 | 4 | 5 |
| Oia | 2 | 2 | 2 | 2 | 6 |
| Redondela | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| O Rosal | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| Soutomaior | 3 | 4 | 4 | 4 | 4 |
| Vilaboa | 4 | 4 | 4 | 4 | 4 |
| **Total GAC** | **33** | **37** | **38** | **39** | **50** |
| **Pontevedra** | **295** | **314** | **338** | **354** | **376** |
| **Galicia** | **582** | **630** | **678** | **722** | **767** |

Fonte: IGE - Consellería de Innovación e Industria. Dirección Xeral de Turismo. Directorio de empresas e actividades turísticas. Datos referidos ao 31 de decembro

O maior número de hoteis está en Baiona (14), seguida de A Guarda (8) e Cangas (7). É importante destacar o aumento que se produce en Oia (6), situándose en cuarto lugar por enriba de Nigrán.

O desenvolvemento da modalidade de turismo rural tamén é notorio; aínda que non tan importante como noutras zonas da comunidade autónoma como, por exemplo,

os situados ao longo do Camiño de Santiago. De feito, só representan o 12% do total provincial.

| Turismo Rural. Evolución establecementos | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Nº Establecementos de Turismo Rural | | | | |
| | 2003 | 2004 | 2005 | 2006 | 2007 |
| Baiona | 1 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| Cangas | 4 | 5 | 4 | 6 | 6 |
| A Guarda | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| Moaña | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| Nigrán | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| Oia | 1 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| Redondela | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| O Rosal | 2 | 2 | 2 | 2 | 3 |
| Soutomaior | 2 | 2 | 2 | 2 | 2 |
| Vilaboa | 1 | 1 | 1 | 2 | 2 |
| **Total GAC** | **16** | **19** | **18** | **21** | **22** |
| **Pontevedra** | **142** | **153** | **153** | **166** | **171** |
| **Galicia** | **442** | **468** | **474** | **521** | **540** |

Fonte: IGE - Consellería de Innovación e Industria. Dirección Xeral de Turismo. Directorio de empresas e actividades turísticas. Datos referidos ao 31 de decembro

O número de campamentos de turismo mantense en 12 establecementos nos últimos cinco anos; que representan o 22% do total provincial. Cangas é o concello con maior número deste tipo de aloxamentos, 4; dos que 2 están na Ría de Aldán.

| Campamentos de Turismo. Evolución establecementos | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Nº de Campamentos de Turismo | | | | |
| | 2003 | 2004 | 2005 | 2006 | 2007 |
| Baiona | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| Cangas | 4 | 4 | 4 | 4 | 4 |
| A Guarda | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| Moaña | 1 | 1 | 1 | 2 | 2 |
| Nigrán | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| Oia | 3 | 3 | 2 | 2 | 2 |
| Redondela | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| O Rosal | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| Soutomaior | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| Vilaboa | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| **Total GAC** | **12** | **12** | **11** | **12** | **12** |
| **Pontevedra** | **44** | **46** | **44** | **45** | **43** |
| **Galicia** | **111** | **113** | **110** | **114** | **113** |

Fonte: IGE - Consellería de Innovación e Industria. Dirección Xeral de Turismo. Directorio de empresas e actividades turísticas. Datos referidos ao 31 de decembro

## b) Sector industrial

Vigo e o seu contorno é a zona máis industrializada de Galicia. A construción naval, conserveiras e outra industria do mar, xunto a automoción, foron os motores do proceso de crecemento económico ao longo do século XX. Estas ramas tradicionais coñeceron un forte proceso de reconversión que levou nos anos oitenta e noventa ao peche de numerosas empresas e á elevación das taxas de paro.

**Ocupación:** A industria, segundo os datos do *Censo de poboación do 2001,* representaba preto do 24% da ocupación total; cifra superior ao 22% provincial e ao 18,7% autonómico.

Conforme aos datos de ***Altas na Seguridade Social,*** no 2007 había un total de 4.458 ocupados nas diferentes ramas da industria, minaría e enerxía; o que representa o 13,8% do total de afiliados aos diferentes sectores.

| Afiliados á Seguridade Social. 2007 | | |
|---|---|---|
| **Actividades industria; incluída enerxía e minería (CNAE)** | **Nº** | **% s total industria** |
| 10 extracción e aglomeración de antracita, hulla, lignito e turba | 0 | 0,00 |
| 14 extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos | 38 | 0,85 |
| 15 industria de produtos alimenticios e bebidas | 1002 | 22,48 |
| 17 industria téxtil | 108 | 2,42 |
| 18 industria da confección e da peletería | 439 | 9,85 |
| 19 preparación, curtido e acabado do coiro; fabricación de artigos de marroquinería e viax | 0 | 0,00 |
| 20 industria de madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería | 257 | 5,76 |
| 21 industria do papel | 104 | 2,33 |
| 22 edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados | 127 | 2,85 |
| 24 industria química | 25 | 0,56 |
| 25 fabricación de produtos de caucho e materias plásticas | 275 | 6,17 |
| 26 fabricación doutros produtos minerais non metálicos | 522 | 11,71 |
| 27 metalurxia | 0 | 0,00 |
| 28 fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo | 639 | 14,33 |
| 29 industria da construción de maquinaria e equipo mecánico | 113 | 2,53 |
| 31 fabricación de maquinaria e material eléctrico | 48 | 1,08 |
| 32 fabricación de material electrónico; fabricación de equipo e aparellos de radio | 0 | 0,00 |
| 33 fabricación de equipos e instrumentos medico-cirúrxicos, de precisión, óptica e reloxería | 27 | 0,61 |
| 34 fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques | 84 | 1,88 |
| 35 fabricación doutro material de transporte | 326 | 7,31 |
| 36 fabricación de mobles; outras industrias manufactureiras | 256 | 5,74 |
| 37 reciclaxe | 4 | 0,09 |
| 40 produción e distribución de enerxía eléctrica, gas vapor e auga quente | 0 | 0,00 |
| 41 captación, depuración e distribución de auga | 64 | 1,44 |
| **TOTAL GAC** | **4.458** | **100,00** |

Fonte: Consellería de Traballo

As diferenzas territoriais son destacables; segundo o *Censo de Poboación do 2001* Redondela (31,8%), Moaña (30,03%) e Vilaboa (27,3%), superan con creces o peso do sector secundario en grande parte dos concellos de Galicia. Non obstante, hai que salientar, que este maior volume de emprego non se corresponde coa existencia de máis empresas; dado que unha parte importante dos traballadores teñen o seu emprego nos polígonos industrias de Vigo, Porriño, Mos e contorno.

**Empresas.-** No conxunto do territorio GAC existen un total de 711 empresas nas ramas de industria e enerxía; o que representan o 11,42% da provincia e o 3,85% de Galicia.

Redondela sobresae en número de empresas, con máis do 26,58% do total do GAC; seguida en importancia por Cangas e Moaña coa mesma porcentaxe de participación (14,63%). Por ramas de actividade, destaca a industria manufactureira co 98% do total industrial; existe algunha canteira en Cangas, Oia, Nigrán e Vilaboa e empresas do sector da enerxía en Oia, Soutomaior, Moaña, Nigrán e Redondela.

| Datos empresas no ano 2007 | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | % Concello / GAC | Total Industria e Enerxía | % Industria extractiva | % Manufactureira | % Enerxía (Auga, luz, etc.) |
| Baiona | 5,06 | 36 | 0,00 | 100,00 | 0,00 |
| Cangas | 14,63 | 104 | 1,92 | 97,12 | 0,96 |
| A Guarda | 7,31 | 52 | 0,00 | 100,00 | 0,00 |
| Moaña | 14,63 | 104 | 0,00 | 99,04 | 0,96 |
| Nigrán | 11,11 | 79 | 2,53 | 96,20 | 1,27 |
| Oia | 2,11 | 15 | 6,67 | 73,33 | 20,00 |
| Redondela | 26,58 | 189 | 0,00 | 99,47 | 0,53 |
| O Rosal | 7,88 | 56 | 0,00 | 100,00 | 0,00 |
| Soutomaior | 4,50 | 32 | 0,00 | 96,88 | 3,13 |
| Vilaboa | 6,19 | 44 | 2,27 | 97,73 | 0,00 |
| **GAC** | **100,00** | **711** | **0,84** | **98,03** | **1,13** |
| **Provincia** | | **6.203** | **3,45** | **94,91** | **1,64** |
| **Galicia** | | **18.441** | **3,08** | **93,78** | **3,14** |

Fonte: IGE. Directorio de empresas ano 2007

A meirande parte das empresas radicadas no territorio do GAC poden ser catalogadas como microempresas, xa que máis do 80% teñen menos de 5 traballadores no conxunto do GAC.

Tan só A Guarda, Moaña e Redondela teñen empresas con 100 ou máis traballadores.

| Empresas por volume de emprego. 2007 | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | De 0 a 2 | De 3 a 5 | De 6 a 9 | De 10 a 19 | De 20 a 49 | De 50 a 99 | De 100 a 249 | De 250 ou máis |
| **Galicia** | 61,80 | 13,86 | 7,70 | 7,62 | 6,17 | 1,81 | 0,78 | 0,25 |
| **Pontevedra** | 57,87 | 14,24 | 8,24 | 8,35 | 7,75 | 2,31 | 0,91 | 0,33 |
| **A Guarda** | 60,78 | 19,61 | 7,84 | 7,84 | 1,96 | 0,00 | 1,96 | 0,00 |
| **Oia** | 60,00 | 20,00 | 0,00 | 20,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| **O Rosal** | 50,00 | 16,67 | 16,67 | 11,11 | 3,70 | 1,85 | 0,00 | 0,00 |
| **Cangas** | 64,37 | 11,49 | 9,20 | 3,45 | 11,49 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| **Moaña** | 54,55 | 16,16 | 5,05 | 12,12 | 8,08 | 3,03 | 0,00 | 1,01 |
| **Vilaboa** | 63,64 | 13,64 | 11,36 | 4,55 | 4,55 | 2,27 | 0,00 | 0,00 |
| **Baiona** | 75,00 | 8,33 | 11,11 | 5,56 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| **Nigrán** | 62,96 | 16,05 | 4,94 | 8,64 | 6,17 | 1,23 | 0,00 | 0,00 |
| **Redondela** | 52,60 | 20,23 | 10,40 | 7,51 | 7,51 | 1,16 | 0,00 | 0,58 |
| **Soutomaior** | 69,57 | 13,04 | 4,35 | 13,04 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |

Fonte: IGE. Directorio de empresas ano 2007

### c) Sector construción

A totalidade dos municipios que conforman o territorio GAC soportaron nos últimos anos un forte proceso urbanizador que se mostra tanto na evolución das cifras de emprego, como no crecemento do número de empresas e nas licenzas de edificación de vivendas.

**1.- Emprego e empresas:** A estrutura social do emprego, segundo o *Censo de Poboación do 2001*, revelaba que a construción acadaba o 12,6% do emprego total, cifra similar á media provincial e autonómica. Por enriba da media estarían os concellos do Rosal (21,71%), Oia (15,72%) e Vilaboa (16,88%); que teñen ao mesmo tempo unha estrutura económica con menor peso dos servizos.

Se utilizamos os datos de **Afiliados á Seguridade Social,** que publica a *Consellería de Traballo,* vemos que o emprego na construción incrementouse en 1.024 traballadores (un 20%) entre o ano 2003 e 2007; sumando un total de 5.690 persoas, das que 1704 son autónomos e 3.986 asalariados.

| Evolución afiliados á Seguridade Social: Autónomos (A) e Traballadores (T) | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2003 | | 2004 | | 2005 | | 2006 | | 2007 | | Variación 2003-2007 | |
| **Concello** | **A** | **T** | **A** | **T** | **A** | **T** | **A** | **T** | **A** | **T** | **A** | **T** |
| Baiona | 106 | 281 | 108 | 262 | 116 | 289 | 131 | 285 | 140 | 257 | **34** | **- 24** |
| Cangas | 193 | 641 | 212 | 696 | 218 | 718 | 236 | 766 | 257 | 821 | **64** | **180** |
| A Guarda | 81 | 210 | 86 | 203 | 86 | 193 | 99 | 214 | 99 | 215 | **8** | **5** |
| Moaña | 193 | 471 | 202 | 463 | 208 | 495 | 229 | 561 | 252 | 536 | **59** | **65** |
| Nigrán | 232 | 525 | 255 | 507 | 257 | 500 | 284 | 504 | 299 | 513 | **67** | **- 12** |
| Oia | 44 | 85 | 48 | 85 | 50 | 94 | 53 | 92 | 56 | 102 | **12** | **17** |
| Redondela | 258 | 507 | 302 | 620 | 313 | 660 | 317 | 765 | 330 | 757 | **72** | **250** |
| O Rosal | 75 | 175 | 81 | 186 | 85 | 202 | 109 | 793 | 111 | 186 | **36** | **11** |
| Soutomaior | 50 | 179 | 51 | 231 | 55 | 206 | 63 | 232 | 69 | 243 | **19** | **64** |
| Vilaboa | 69 | 291 | 72 | 259 | 80 | 243 | 81 | 271 | 91 | 356 | **22** | **65** |
| **TOTAL GAC** | **1.301** | **3.365** | **1.417** | **3.512** | **1.468** | **3.600** | **1.602** | **4.483** | **1.704** | **3.986** | **403** | **621** |

Fonte: Consellería de Traballo. Datos de Afiliados por Concellos 2007

O aumento total foi significativo tanto en relación ao número de traballadores autónomos como de asalariados; fenómeno característico da construción onde grande parte das obras (pintura, fontanería, electricidade, etc.) realízanse por autónomos ou pequenas empresas.

Por concellos, Redondela (1087), Cangas (1078), Nigrán (812) e Moaña (788) ocupan o primeiro lugar en volume de traballadores. Os crecementos máis importantes nestes últimos anos danse en Redondela, con máis de 250 traballadores asalariados e 72 autónomos, e Cangas con 180 asalariados e 64 autónomos.

En termos de estrutura empresarial, o ascenso tamén é moi intenso acadando no ano 2006 un total de 1.383 empresas de construción, 424 unidades máis cá no ano 2000, que representan o 15% do total da provincia e o 5% de Galicia.

| Evolución empresas construción 2000-2006 | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Concello** | **2000** | **2002** | **2004** | **2006** | **Variación absoluta 2000-2006** |
| Baiona | 71 | 87 | 102 | 101 | + 30 |
| Cangas | 146 | 176 | 210 | 218 | + 72 |
| A Guarda | 72 | 82 | 90 | 93 | + 21 |
| Moaña | 131 | 151 | 173 | 198 | + 67 |
| Nigrán | 161 | 178 | 202 | 224 | + 63 |
| Oia | 30 | 30 | 32 | 39 | + 9 |
| Redondela | 194 | 223 | 251 | 283 | + 89 |
| O Rosal | 61 | 62 | 75 | 80 | + 19 |
| Soutomaior | 43 | 46 | 54 | 63 | + 20 |
| Vilaboa | 50 | 64 | 76 | 84 | + 34 |
| **TOTAL GAC** | **959** | **1.099** | **1.265** | **1.383** | **+ 424** |
| **Provincia** | **6.360** | **7.085** | **8.237** | **9.261** | **+ 2.901** |
| **Galicia** | **20.979** | **22.720** | **25.581** | **28.224** | **+ 7.245** |

Fonte: IGE. Directorio de Empresas

Por concellos, en todos se coñece un crecemento importante no número de empresas, destacando polo volume total Redondela (283), Nigrán (224), Cangas (218) e Moaña (198); concellos que suman máis do 68% do incremento total de empresas neste período no conxunto do GAC:

**2.- Proceso urbanizador:** O forte proceso urbanizador faise tamén evidente nas cifras de concesión de *Licenzas de edificación* (obra nova e rehabilitación) que ascenden a un total de 4.625 entre os anos 2000 ao 2006 no conxunto do territorio GAC, cantidade moi elevada que representa o 23,4% da totalidade de licenzas concedidas na provincia de Pontevedra e o 8,2% de Galicia.

| Evolución Licenzas Construción 2000-2006 | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total licenzas T= A+B+C | (A) Nova planta | (B) Rehabilitación | ( C) Só demolición total | % A/T | % B/T |
| Baiona | 454 | 336 | 113 | 5 | 74,01 | 24,89 |
| Cangas | 908 | 532 | 368 | 8 | 58,59 | 40,03 |
| A Guarda | 445 | 284 | 152 | 9 | 63,82 | 34,16 |
| Moaña | 1.114 | 476 | 607 | 31 | 42,73 | 54,49 |
| Nigrán | 425 | 381 | 40 | 4 | 89,65 | 9,41 |
| Oia | 237 | 224 | 13 | 0 | 94,51 | 5,49 |
| Redondela | 428 | 343 | 79 | 6 | 80,14 | 18,46 |
| O Rosal | 363 | 321 | 42 | 0 | 88,43 | 11,57 |
| Soutomaior | 125 | 102 | 21 | 2 | 81,60 | 16,80 |
| Vilaboa | 244 | 201 | 42 | 1 | 82,38 | 17,21 |
| **GAC** | **4.625** | **3.200** | **1.477** | **66** | **67,47** | **31,14** |
| **Provincia** | **19.770** | **15.286** | **4.278** | **206** | **77,32** | **21,64** |
| **Galicia** | **55.794** | **40.907** | **13.372** | **1.515** | **73,32** | **23,97** |

Fonte: IGE. Ministerio Fomento. Estatística construción edificios

Entre os concellos destacan Moaña con 1.114 licenzas, Cangas con 908, Baiona 454, A Guarda con 445, Redondela 428, Nigrán 425 e O Rosal 363.

A maioría das licenzas concedidas no conxunto do territorio GAC son para nova construción, 67,5% do total, cifra que se eleva ao 95% en Oia, 90% en Nigrán e 89% no Rosal; en cambio en Moaña son máis importantes as outorgadas para a rehabilitación de vivendas co 55%, sendo tamén destacables en Cangas (40,03%) e A Guarda (34,16%).

Para rematar, salientamos o proceso urbanizador co *Índice Construtivo*, indicador que relaciona as licenzas coa poboación (por 1.000 habitantes). Este indicador pon de relevo que o proceso construtor é moi superior á media provincial e autonómica, e non se corresponde coa propia evolución da poboación censada.

| Índice Construtivo (Licenzas/1000 habitantes) | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | **Poboación 2000** | **Licenzas 2000** | **Poboación 2006** | **Licenzas 2006** | **Índice Construtivo 2000** | **Índice Construtivo 2006** |
| Baiona | 10.741 | 47 | 11.653 | 72 | 4,38 | 6,18 |
| Cangas | 23.442 | 141 | 25.202 | 117 | 6,01 | 4,64 |
| A Guarda | 10.000 | 78 | 10.254 | 70 | 7,80 | 6,83 |
| Moaña | 17.907 | 121 | 18.432 | 141 | 6,76 | 7,65 |
| Nigrán | 15.905 | 64 | 17.631 | 61 | 4,02 | 3,46 |
| Oia | 2.925 | 31 | 3.140 | 27 | 10,60 | 8,60 |
| Redondela | 29.108 | 75 | 30.029 | 82 | 2,58 | 2,73 |
| O Rosal | 5.846 | 51 | 6.326 | 60 | 8,72 | 9,48 |
| Soutomaior | 5.369 | 33 | 6.110 | 11 | 6,15 | 1,80 |
| Vilaboa | 5.780 | 26 | 6.030 | 64 | 4,50 | 10,61 |
| **GAC** | **127.023** | **667** | **134.807** | **705** | **5,25** | **5,23** |
| **Provincia** | **912.621** | **2.794** | **943.117** | **2.986** | **3,06** | **3,17** |
| **Galicia** | **2.731.900** | **8.618** | **2.767.524** | **8.118** | **3,15** | **2,93** |

Fonte: IGE. Ministerio Fomento. Estatística construción edificios

O *Índice* no ano 2007 recolle 5,23 licenzas por cada 1.000 habitantes, que supera aos 3,17 de Pontevedra e ás 2,93 de Galicia. Cómpre sinalar os índices construtivos de Vilaboa, Oia e O Rosal por enriba de concellos máis poboados como Redondela ou Nigrán.

**d) Sector Pesca**

A pesca é un sector sometido a profundos cambios motivados, en grande medida, pola regulación internacional, os cambos tecnolóxicos, os patróns de consumo e a situación dos recursos naturais.

**Ocupación**: O *Censo de Poboación e Vivenda do 2001*, indicaba que o conxunto das actividades pesqueiras, marisqueo e acuicultura, seguían a manter un lugar destacado có 11,33% da poboación ocupada. Estas cifras eran especialmente relevantes en concellos como Cangas (19,54%), A Guarda (19,44%), Moaña (15,84%) e Baiona (12,82%) e menor en Nigrán, O Rosal ou Redondela con porcentaxes que variaban entre 3,8% e o 5,6%.

Nos últimos anos, tivo lugar unha redución notable do emprego no sector, que se reflicte nos datos de afiliados á *Seguridade Social* na actividade de Pesca, acuicultura e servizos.

A decembro do 2007, o número de persoas dadas de alta na seguridade social no CNAE 05, ascendía a **3.141 traballadores** (9,71% do total de afiliados); cifra moi inferior á que aparecía no *Censo de Poboación e Vivenda do 2001.*

| | **Afiliados á Seguridade Social (Autónomos e Asalariados)** | **% Respecto ao total** |
|---|---|---|
| Agricultura, silvicultura, gandería | 668 | 2,07 |
| Pesca, acuicultura e servizos auxiliares | 3.141 | 9,71 |
| Industria incluída enerxía | 4.458 | 13,79 |
| Construción | 5.318 | 16,44 |
| Servizos | 18.754 | 57,99 |
| **TOTAL GAC** | **32.339** | **100,00** |

Fonte: Consellería de Traballo. Datos de Afiliados por Concellos 2007

No conxunto do GAC o emprego na pesca diminuíu en 914 persoas; sendo especialmente importante a caída en Redondela, Cangas, Moaña e A Guarda.

**Afiliados á Seguridade Social en Pesca, acuicultura e servizos auxiliares. 2003-2007**

| | **2003** | | **2004** | | **2005** | | **2006** | | **2007** | | **Variación 2003-2007** | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Concello** | **A** | **T** | **A** | **T** | **A** | **T** | **A** | **T** | **A** | **T** | **A** | **T** |
| Baiona | 0 | 207 | 0 | 189 | 0 | 176 | 0 | 171 | 0 | 163 | | **- 44** |
| Cangas | 17 | 932 | 17 | 849 | 15 | 876 | 15 | 881 | 13 | 809 | **-4** | **- 123** |
| Guarda (A) | 0 | 665 | 8 | 645 | 10 | 638 | 16 | 619 | 20 | 557 | **20** | **- 108** |
| Moaña | 0 | 739 | 0 | 699 | 0 | 674 | 0 | 652 | 0 | 626 | | **- 113** |
| Nigrán | 0 | 119 | 0 | 116 | 0 | 119 | 0 | 113 | 0 | 91 | | **- 28** |
| Oia | 0 | 43 | 0 | 39 | 0 | 37 | 0 | 39 | 0 | 38 | | **- 5** |
| Redondela | 0 | 1.383 | 0 | 738 | 0 | 1.252 | 0 | 1.192 | 4 | 972 | **4** | **- 411** |
| Rosal (O) | 0 | 14 | 0 | 22 | 0 | 28 | 0 | 25 | 0 | 32 | | **- 18** |
| Soutomaior | 0 | 109 | 0 | 67 | 0 | 81 | 0 | 63 | 0 | 76 | | **- 33** |
| Vilaboa | 0 | 164 | 0 | 180 | 0 | 192 | 0 | 188 | 0 | 195 | | **- 31** |
| **TOTAL GAC** | 17 | 4375 | 25 | 3544 | 25 | 4073 | 31 | 3943 | 37 | 3559 | **20** | **- 914** |

Fonte: Consellería de Traballo. Datos de Afiliados por Concellos 2007

#### e) Sector agro, gandeiro e forestal

A agricultura é cada vez máis marxinal en termos de emprego e renda; non así en aspectos sociais, ambientais, culturais e autoconsumo; representando unicamente o 2,6% da poboación ocupada segundo o *Censo de Poboación do 2001*; cifra inferior ao 4,16% provincial e ao 7,66 autonómico. Tan só Oia (19,93%) e O Rosal (10,07%) manteñen un notable peso porcentual do emprego agrario debido a un sistema agrario específico dentro de Galicia, tanto pola súa especialización (viñedo, horta, flor, viveirismo, forestal) como pola importancia do traballo a tempo parcial e a proximidade a núcleos urbanos significativos; de xeito que, en bastantes casos, o agricultor é tamén pescador, gandeiro ou silvicultor, ou ben obtén ingresos doutros sectores.

Segundo os datos de altas na *Seguridade Social do 2007*, un total de 656 persoas traballan como asalariadas ou autónomas en actividades de agricultura, gandería, silvicultura e servizos auxiliares (CNAE 01 e 02)

| Afiliados á Seguridade Social. Agricultura, gandería, silvicultura e servizos (CNAE 01 e 02) | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Baiona** | **Cangas** | **Guarda** | **Moaña** | **Nigrán** | **Oia** | **Redondela** | **Rosal** | **Soutomaior** | **Vilaboa** | **GAC** |
| 19 | 47 | 101 | 17 | 49 | 100 | 45 | 227 | 28 | 42 | **656** |

Fonte: Altas Seguridade Social. Consellería de Traballo. 2007

Conforme ao *Censo Agrario do 1999* hai un total de **8.166 explotacións agrarias**[1] que suman **23.240 ha.** de superficie total (% da superficie total do GAC) distribuídas en **92.255 parcelas**; resultando así unha media de 2,8 ha e 11,3 parcelas por explotación; onde o 98% de tódalas explotacións teñen menos de 5 ha.

| Explotacións agrarias. Evolución 1989-1999 | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | **Total explotacións** | | **Con terras** | | **Sen Terras** | | **Parcelas** | |
| | **1989** | **1999** | **1989** | **1999** | **1989** | **1999** | **1989** | **1999** |
| Baiona | 866 | 450 | 866 | 450 | 0 | 0 | 7.122 | 3.400 |
| Cangas | 847 | 780 | 847 | 779 | 0 | 1 | 6.688 | 10.524 |
| A Guarda | 704 | 462 | 704 | 460 | 0 | 2 | 6.192 | 4.530 |
| Moaña | 1.012 | 697 | 1.012 | 694 | 0 | 3 | 9.788 | 8.621 |
| Nigrán | 1.424 | 781 | 1.424 | 781 | 0 | 0 | 12.515 | 4.684 |
| Oia | 759 | 660 | 759 | 657 | 0 | 3 | 13.117 | 16.215 |
| Redondela | 2.319 | 1.383 | 2.307 | 1.382 | 12 | 1 | 10.975 | 10.225 |
| O Rosal | 1.269 | 1.578 | 1.269 | 1.577 | 0 | 1 | 10.632 | 15.142 |
| Soutomaior | 940 | 675 | 940 | 673 | 0 | 2 | 11.886 | 8.173 |
| Vilaboa | 1.008 | 650 | 1.008 | 650 | 0 | 0 | 13.390 | 10.741 |
| **GAC** | **11.148** | **8.116** | **11.136** | **8.103** | **12** | **13** | **102305** | **92.255** |
| **Pontevedra** | 94.016 | 69.774 | 93.953 | 69.333 | 63 | 441 | 1.253.805 | 1.080.849 |

Fonte: INE. Censo Agrario 1999

As características máis salientables da estrutura agraria son as seguintes:

1.- A actividade agraria diminúe a grande velocidade. Entre 1989 e 1999, desapareceron 3.342 explotacións. Así, a agricultura é un fenómeno cada vez máis testimonial, representada por persoas maiores no réxime especial agrario con produción para autoconsumo e, nalgúns casos, venda esporádica de produtos.

2.- Segundo os mesmos datos do Censo Agrario do 1999, había un total de 7.986 titulares traballando nas explotacións agrarias, dos que o 65,6% teñen 55 ou máis anos de idade; (en casos como Nigrán, Redondela e Cangas sobrepasan o 70%), o cal é un indicador do grao de envellecemento da poboación ocupada neste sector de actividade.

[1] Explotación agraria. (Definición IGE): Unidade técnico-económica da que se obteñen produtos agrarios baixo a responsabilidade dun titular. Esta unidade técnico-económica caracterízase pola utilización dos mesmos medios de produción: man de obra, maquinaria, etc.

| Titulares Explotacións agrarias. Distribución por grupos de idade. 1999 | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | **Total** | **% ata 34** | **% 35 a 54** | **% 55 a 64** | **% 65 e +** |
| Baiona | 437 | 3,43 | 30,89 | 28,60 | 37,07 |
| Cangas | 770 | 2,08 | 27,01 | 29,48 | 41,43 |
| A Guarda | 456 | 1,32 | 32,02 | 24,12 | 42,54 |
| Moaña | 685 | 2,92 | 30,07 | 25,40 | 41,61 |
| Nigrán | 761 | 1,31 | 26,15 | 26,54 | 45,99 |
| Oia | 653 | 5,51 | 40,12 | 24,66 | 29,71 |
| Redondela | 1.367 | 2,49 | 27,29 | 26,26 | 43,96 |
| O Rosal | 1.560 | 7,50 | 38,91 | 24,36 | 29,23 |
| Soutomaior | 653 | 2,14 | 28,02 | 28,02 | 41,81 |
| Vilaboa | 644 | 3,57 | 27,17 | 25,78 | 43,48 |
| **GAC** | **7.986** | **3,64** | **31,23** | **26,13** | **38,99** |
| **Provincia** | **68.543** | **4,58** | **32,90** | **26,19** | **36,32** |

Fonte: INE. Censo Agrario 1999

3.- A superficie total das explotacións reduciuse considerablemente xa que, entre o censo de 1989 e 1999 **perdéronse 4.151 ha de superficie total**. O descenso máis significativo foi o de *Terras Labradas* pasando de representar un 17% no 1989 ao 7,7% no 1999. O caso de Cangas é paradigmático do abandono acelerado da agricultura, ao caer non só as terras de cultivo; senón tamén as *Plantacións forestais*, e aumentando ata case un 71% a tipoloxía de *Outras terras*.

| Distribución da superficie total das explotacións agrarias. 1989-1999 | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | **Total** | | **Labradas** | | **Pastos** | | **Arb. Forestais** | | **Outras terras** | |
| | **1989** | **1999** | **1989** | **1999** | **1989** | **1999** | **1989** | **1999** | **1989** | **1999** |
| Baiona | 2.442 | 2.245 | 10,75 | 3,56 | 2,95 | 8,02 | 69,70 | 84,32 | 17,24 | 4,05 |
| Cangas | 2.638 | 1.703 | 10,11 | 7,99 | 10,99 | 1,17 | 58,53 | 20,55 | 23,96 | 70,29 |
| A Guarda | 917 | 908 | 6,52 | 6,72 | 1,64 | 0,22 | 22,68 | 71,70 | 62,81 | 21,37 |
| Moaña | 2.185 | 1.949 | 12,87 | 5,23 | 1,74 | 1,33 | 37,94 | 53,72 | 51,17 | 39,71 |
| Nigrán | 1.927 | 1.358 | 9,15 | 10,97 | 8,93 | 7,36 | 53,24 | 60,75 | 17,44 | 20,84 |
| Oia | 7.920 | 5.848 | 20,39 | 4,38 | 3,16 | 2,79 | 65,10 | 59,92 | 27,55 | 32,90 |
| Redondela | 2.516 | 2.515 | 4,19 | 11,45 | 4,49 | 6,84 | 61,45 | 70,54 | 19,48 | 11,13 |
| O Rosal | 3.104 | 3.420 | 14,59 | 12,95 | 1,74 | 1,67 | 75,16 | 74,36 | 7,83 | 10,99 |
| Soutomaior | 1.835 | 1.523 | 15,27 | 5,98 | 13,62 | 7,94 | 35,80 | 34,27 | 39,51 | 51,87 |
| Vilaboa | 1.991 | 1.855 | 11,06 | 10,30 | 5,07 | 2,75 | 60,32 | 61,89 | 17,38 | 25,12 |
| **GAC** | **27.475** | **23.324** | **17,23** | **7,70** | **4,93** | **3,82** | **58,97** | **61,13** | **25,73** | **27,33** |
| **Provincia** | **320643** | **303.472** | **10,75** | **12,84** | **13,63** | **13,78** | **36,69** | **38,73** | **38,92** | **34,64** |

As diferenzas co conxunto provincial son notables, tal e como se pode observar no caso da menor presenza dos cultivos na zona GAC ou no maior peso relativo das especies forestais, fronte a unha estrutura agraria provincial cunha distribución máis proporcionada entre cultivos, pastos e plantacións arbóreas.

4.- En relación ás terras labradas, a superficie máis importante é a que ocupan os cultivos herbáceos con 1.035 ha. (dos que grande parte son cereais coma o millo), seguidos dos viñedos con 635 ha.

| Distribución superficie de terras labradas (ha) | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Total Terras Labradas | Cultivos Herbáceos | Froitais | Viñedo | Outras terras labradas |
| Baiona | 80 | 45 | 8 | 27 | 0 |
| Cangas | 136 | 75 | 9 | 52 | 0 |
| A Guarda | 61 | 52 | 3 | 6 | 0 |
| Moaña | 102 | 53 | 9 | 40 | 0 |
| Nigrán | 149 | 105 | 10 | 34 | 0 |
| Oia | 256 | 229 | 3 | 24 | 0 |
| Redondela | 443 | 197 | 34 | 212 | 0 |
| O Rosal | 289 | 155 | 28 | 106 | 0 |
| Soutomaior | 90 | 29 | 4 | 57 | 0 |
| Vilaboa | 191 | 95 | 18 | 77 | 1 |
| **GAC** | **1.797** | **1.035** | **126** | **635** | **1** |

Fonte: INE. Censos agrarios 1999

No caso do viñedo, O Rosal e Redondela son os concellos onde as explotacións agrarias manteñen o maior número de ha. en explotación. Cifra que é moi inferior ás que están inscritas no Rexistro Vitivinícola; o que implica que grande parte do viñedo está en mans de persoas xubiladas ou que se adican a outras actividades económicas non agrarias.

É interesante observar a existencia dunha cabana cabalar a monte, principalmente localizada no concello de Oia, o que supón un aproveitamento complementario dos recursos forestais. Os cabalos pastan en liberdade, sendo agrupados unha vez ao ano para proceder á rapa e á marcaxe das crías.

## 2.- Condicións laborais: elevado nivel de temporalidade e precariedade

Os cambios nos sistemas produtivos están afectando directamente á calidade do emprego traducíndose en crecente inestabilidade laboral; sobretodo no emprego feminino. Un exemplo desta situación do mercado de traballo é o elevado nivel de asalariados con carácter temporal fronte aos asalariados fixos.

No total do territorio GAC os contratos temporais acadan o 42,8% do total de asalariados fronte ao 38% provincial e o 36,6% autonómico. Esta situación é destacada en Vilaboa cunha temporalidade do 56,5%, Moaña 52,5% ou en Cangas có 50%.

| Asalariados fixos e eventuais (Censo 2001) | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | **Asalariados** | **Con carácter fixo** | **Con carácter eventual** | **(%) Con carácter fixo** | **(%) Con carácter eventual** |
| Baiona | 4.087 | 2.860 | 1.227 | 69,98 | 30,02 |
| Cangas | 8.137 | 4.085 | 4.052 | 50,20 | 49,80 |
| A Guarda | 2.918 | 1.87 | 1.041 | 64,32 | 35,68 |
| Moaña | 6.074 | 2.887 | 3.187 | 47,53 | 52,47 |
| Nigrán | 5.408 | 3.618 | 1.790 | 66,90 | 33,10 |
| Oia | 915 | 486 | 429 | 53,11 | 46,89 |
| Redondela | 10.116 | 5.896 | 4.220 | 58,28 | 41,72 |
| O Rosal | 1.559 | 873 | 686 | 56,00 | 44,00 |
| Soutomaior | 1.552 | 969 | 583 | 62,44 | 37,56 |
| Vilaboa | 1.950 | 847 | 1.103 | 43,44 | 56,56 |
| **TOTAL GAC** | **42.716** | **24.398** | **18.318** | **57,12** | **42,88** |
| **PONTEVEDRA** | **288.373** | **178.529** | **109.844** | **61,91** | **38,09** |
| **GALICIA** | **794.992** | **504.102** | **290.890** | **63,41** | **36,59** |

Fonte: IGE. Censo de Poboación e Vivenda 2001. INE

As diferenzas entre sexos son notables. No caso das mulleres, os contratos temporais superan o 51% dos empregos no conxunto do GAC; cifra moi superior á media de Galicia (40,5%) e provincial (43%).

Esta situación agudizase en concellos como Vilaboa ou Oia onde superan o 60% dos contratos. A situación máis favorable se produce en Nigrán e Baiona onde os contratos fixos superan o 60% do emprego feminino.

| % Eventualidade salarial homes-mulleres. Censo 2001 | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Homes asalariados | | Mulleres asalariadas | |
| | % Con carácter fixo | % Con carácter eventual | % Con carácter fixo | % Con carácter eventual |
| Baiona | 76,08 | 23,92 | 60,54 | 39,46 |
| Cangas | 54,62 | 45,38 | 42,62 | 57,38 |
| A Guarda | 71,62 | 28,38 | 50,35 | 49,65 |
| Moaña | 51,55 | 48,45 | 40,80 | 59,20 |
| Nigrán | 71,10 | 28,90 | 60,44 | 39,56 |
| Oia | 59,66 | 40,34 | 37,31 | 62,69 |
| Redondela | 62,30 | 37,70 | 51,90 | 48,10 |
| O Rosal | 60,82 | 39,18 | 44,44 | 55,56 |
| Soutomaior | 68,69 | 31,31 | 50,47 | 49,53 |
| Vilaboa | 48,28 | 51,72 | 35,38 | 64,62 |
| **TOTAL GAC** | **61,80** | **38,20** | **49,21** | **50,79** |
| **PONTEVEDRA** | **65,07** | **34,93** | **56,97** | **43,03** |
| **GALICIA** | **65,94** | **34,06** | **59,55** | **40,45** |

Fonte: IGE. Censo de Poboación e Vivenda 2001. INE

### 3.- Renda: nivel de renda por debaixo das medias provincial e autonómica

En termos xerais, o nivel de renda de tódolos concellos do territorio GAC está por debaixo do total provincial e autonómico. Aínda que as diferenzas son notables segundo se utilice o indicador da *Renda Familiar Dispoñible* ou o *VEBpm por habitante.*

O indicador de ***Renda Familiar Dispoñible*** (suma de tódolos ingresos efectivamente percibidos polos fogares que representa a renda que dispoñen as economías domésticas para gastar e aforrar) acada unha media de 10.845 €/habitante no total do GAC; e tódolos concellos, agás Nigrán, contan cunha renda bruta familiar por debaixo da provincial (11.552 €/hab.) e autonómica (11.833 €/hab.).Ademáis, os concellos de Oia e O Rosal, que contan cun maior peso do sector agrario, son os que teñen un menor nivel de renda.

No caso do ***VEB por habitante*** (diferenza entre a produción de bens e servizos e o consumo intermedio referido a tódalas ramas de actividade económica e sectores institucionais) as diferenzas son maiores. Segundo esta variable, tódolos concellos dispoñen dun VEB por habitante (media 12.000 €/hab.) moi inferior ao provincial e autonómico (media 16.700 €/hab.). Neste caso os concellos cun nivel de renda máis alto son A Guarda, Nigrán, Redondela e Baiona.

Se atendemos ao *Valor Engadido Bruto (pm)* tódolos concellos vense claramente superados por localidades de maior rango industrial coma Vilagarcía, Porriño, Caldas, Mos, Lalín e O Grove.

| Indicadores Económicos Estruturais | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Ano 2005 (€/hab.) | | Ano 2005. Índice de participación territorial. Base Galicia=10000 € | | | | |
| | VEB por habitante | Renda Familiar Dispoñible | Índice Industrial | Índice Comercial | Índice de Restauración | Índice Actividade Económica | Índice Turístico |
| Baiona | 12.951 | 11.345 | 11 | 30 | 40 | 24 | 160 |
| Cangas | 12.125 | 10.758 | 28 | 57 | 71 | 49 | 69 |
| A Guarda | 14.276 | 11.144 | 15 | 35 | 26 | 26 | 100 |
| Moaña | 11.318 | 10.595 | 26 | 38 | 42 | 32 | 19 |
| Nigrán | 13.500 | 11.767 | 23 | 39 | 39 | 36 | 62 |
| Oia | 11.039 | 10.536 | 4 | 5 | 8 | 4 | 39 |
| Redondela | 13.090 | 10.649 | 65 | 84 | 64 | 69 | 16 |
| O Rosal | 11.653 | 10.418 | 14 | 14 | 11 | 11 | 2 |
| Soutomaior | 12.651 | 10.590 | 9 | 16 | 16 | 13 | 13 |
| Vilaboa | 12.531 | 10.648 | 10 | 18 | 13 | 13 | 32 |
| Pontevedra | 16.794 | 11.552 | 1.648 | 1.808 | 3.152 | 3.311 | 3.649 |
| Galicia | 16.725 | 11.833 | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 10.000 |

Fonte: Caixanova. Atlas Socioeconómico de Galicia 2007.

Profundizando na análise estrutural da economía e a situación no contexto autonómico en termos de capacidade de xerar rendas dentro da economía de mercado, consideramos a presentación das seguintes variables:

En primeiro lugar, temos en conta o **Índice Industrial** que mide o peso relativo (en tanto por 10.000 unidades) das actividades industriais (incluída a construción) de cada municipio respecto ao total de Galicia. O calculo faise en función do imposto de actividades económicas (IAE), véndose neste indicador claramente a preponderancia de Redondela (65), seguido de Cangas (28), Moaña (26) e Nigrán (23); pero con valores moi inferiores aos municipios intermedios da provincia con forte presenza de polígonos industriais coma Porriño (336), Pontevedra (217), Mos (135) ou Vilagarcía (105). O Índice de Vigo (1.007) é un claro exemplo do polo de atracción que representa para os traballadores do contorno do GAC.

En relación á actividade comercial, medida polo **Índice Comercial**, que representa o peso relativo da actividade comercial minorista e maiorista municipal respecto ao total de Galicia, medido en base a recadación de impostos, temos tamén a Redondela (84), nun lugar destacado seguido de Cangas (57), Nigrán (39) e Moaña (38). Neste caso, a importancia deste índice en Redondela é unha das máis altas da provincia, tan só superada por Pontevedra, Mos, Vilagarcía, Vigo, Porriño e Lalín.

O **Índice de Actividade Económica**, que determina o peso do conxunto da actividade industrial e servizos en relación a Galicia, seguen a mesma posición de predominio, Redondela, Nigrán, Cangas e Moaña. Aínda que o peso sexa inferior a

concellos con preponderancia industrial coma Porriño, Mos, Vilagarcía, Pontevedra e Vigo como vimos indicando nos anteriores indicadores de actividade.

No caso do **Índice de Restauración**, que relaciona o peso dos bares e restaurantes en termos de recadación de impostos sobre o total de Galicia, que pode ser un indicador do nivel de consumo suntuario, renda e atracción turística da zona, vemos que destacan Cangas, Redondela, Moaña, Baiona e Nigrán con índices só superados polos núcleos urbanos de Vigo e Pontevedra, ou concellos coma Sanxenxo ou O Grove.

Afondando na capacidade de territorio para atraer visitantes, utilizamos o **Índice Turístico** que se calcula en función do imposto de actividades de hostalaría, nivel de ocupación, etc. Os concellos de Baiona, A Guarda ou, en menor medida Cangas, presentan os índices superiores da provincia, só superados por Pontevedra e Vigo; ademais de municipios netamente turísticos coma Sanxenxo ou O Grove.

## I.2.5.- SECTOR PRODUTIVO DO MAR

Galicia conta cunha plataforma costeira cun rendemento pesqueiro estimado en 16 Tm/km$^2$/ano.

Segundo os datos do Plan Operativo FEP 2007-2013 a flota pesqueira representa o 70,12% dos buques das comunidades autónomas de converxencia (UE), e o 45,47 do volume total de emprego.

| Buques | GT | Kw | %Buques | % GT | % Kw | Emprego | Armadores |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 6.597,00 | 205.809,96 | 372.700,73 | 70,12% | 68,16% | 59,87% | 17.527 | 6.089 |

Fonte: Plan Operativo FEP 2007-2013

É o segundo produtor mundial de mexillón (*Mytilus galloprovincialis*), tras China, con máis de 200.000 Tm (2007), e a produción de rodaballo (*Psetta máxima*) ascende a 5.600 Tm (2007) que representa o 94,2% da produción española.

En relación co marisqueo xerase o 40% da produción europea cunha media de 70 millóns de euros ao ano (IGE 2002).

Todos este datos debuxan un panorama onde o mar ten un grande protagonismo na economía de Galicia. Nembargantes non está exento de diferentes problemáticas causadas polos cambios normativos, pola evolución do mercado internacional, a degradación do medio mariño e outras efectos da acción humana.

### Sector do mar no territorio do GAC: estruturas e actividades

O territorio GAC conta con sete Confrarías de Pescadores e forma parte de catro distritos marítimos: Cangas, Vigo, Baiona e Tui. Os portos con embarcacións pesqueiras existentes na zona son: A Guarda, Baiona, Panxón, Redondela, Arcade, San Adrián, Meira, Moaña, Cangas e Aldán; todos eles pertencentes ao grupo Portos de Galicia da Consellería de Política Territorial; ademais do porto de Camposancos no río Miño.

**1.- Embarcacións:** Segundo os datos publicados na web: Plataforma Tecnolóxica do Mar (Consellería de Pesca) a flota pesqueira total dos mencionados portos está conformada por 824 embarcacións, cunha potencia total de 74.343,8 CV e 13.713,79 TRB (Toneladas de Rexistro Bruto).

| Embarcacións por Portos e caladoiros (Total, CV e TRB). 2007 | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Portos** | **Total barcos** | **Total CV** | **Total TRB** | **Distribución** |
| A Guarda | 99 | 25.824,2 | 6.342,64 | Artes Menores C. Nacional: 43<br>Enmalle Rasco C Nacional: 1<br>Palangre Superficie C. Nacional: 24<br>Palangre Superficie P. Internacional: 31 |
| Baiona | 92 | 3100,6 | 340,35 | Artes Menores C. Nacional: 91<br>Palangre Superficie: P. Internacional: 1 |
| Panxón | 8 | 245 | 24,65 | Artes Menores C. Nacional: 8 |
| Redondela | 142 | 6.154,1 | 685,65 | Artes Menores C. Nacional: 116<br>Cerco Caladoiro Nacional: 12<br>Auxiliar acuicultura: 14 |
| Arcade | 54 | 787,7 | 59,48 | Artes Menores C. Nacional: 53<br>Auxiliar: 1 |
| San Adrián | 5 | 311 | 48,6 | Artes Menores C. Nacional: 4<br>Auxiliar acuicultura: 1 |
| Meira | 4 | 543 | 106,42 | Artes Menores C. Nacional: 2<br>Cerco C. Nacional: 1<br>Auxiliar acuicultura: 1 |
| Moaña | 195 | 16.220,8 | 1.905,41 | Artes Menores C. Nacional: 132<br>Cerco Caladoiro Nacional: 3<br>Auxiliar acuicultura: 60 |
| Cangas | 172 | 17.576,9 | 3.735,45 | Artes Menores C. Nacional: 144<br>Cerco Caladoiro Nacional: 3<br>Arrastre Conxeladores P Internacional: 6<br>Auxiliares: 19 |
| Aldán | 53 | 3.580,5 | 465,14 | Artes Menores C. Nacional: 38<br>Auxiliar acuicultura: 15 |
| **GAC** | **824** | **74.343,8** | **13.713,79** | Artes Menores C. Nacional: 631<br>Enmalle Rasco C Nacional: 1<br>Cerco C. Nacional: 19<br>Palangre Superficie C. Nacional: 24<br>Palangre Superficie P. Internacional: 32<br>Arrastre Conxeladores P Interna: 6<br>Auxiliar acuicultura: 111 |

Fonte: Consellería de Pesca. Plataforma Tecnolóxica do mar.

A meirande parte da flota está formada por barcos de pequena tonelaxe destinados ás *Artes Menores no Caladoiro Nacional* cun total de 631 barcos. Seguen en número os barcos de servizos nas actividades de acuicultura; principalmente bateas de mexillón, cun total de 111 barcos. Tamén existen un total de 31 barcos adicados ás artes de *Palangre en Pesquerías Internacionais* e *Palangre de superficie no Caladoiro Nacional*. Ademais dos 19 barcos do *Cerco nacional* e os 6 *Conxeladores da zona NAFO* e outras augas internacionais con base en Cangas.

Os rasgos tipolóxicos de cada un destes segmentos de flota son os seguintes:

**a) Flota do Caladoiro Nacional**. **Artes Menores.-** Inclúense neste apartado unha grande variedade de pequenas embarcacións que varían en eslora e arqueo en función da arte e especies obxectivo. Por termo medio, teñen unha eslora inferior a 6 metros e un arqueo medio de 2,46 TRB. O sistema de propiedade adoita ser familiar con explotación directa do buque.

Este grupo está formado por un total de 631 embarcacións, cun rexistro total de 2.894 TRB. A maior parte destes barcos están en Cangas (144), Moaña (132) e Redondela (116).

| Barcos Artes Menores. Caladoiro Nacional. 2007 | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Portos** | **Total barcos** | **Media eslora** | **Media TRB** | **Media CV** |
| A Guarda | 43 | 8,06 | 5,5 | 48,8 |
| Baiona | 91 | 6,24 | 2,6 | 28,9 |
| Panxón | 8 | 7,05 | 3,08 | 30,62 |
| Redondela | 116 | 4,97 | 1,48 | 18,49 |
| Arcade | 53 | 4,84 | 1,10 | 14,58 |
| S. Adrián | 4 | 4,63 | 0,97 | 21,75 |
| Meira | 2 | 5,17 | 2,23 | 25 |
| Moaña | 132 | 5,54 | 2,00 | 39,19 |
| Cangas | 144 | 6,6 | 2,96 | 36,18 |
| Aldán | 38 | 6,58 | 2,68 | 22,96 |
| **GAC** | **631** | **5,968** | **2,46** | **28,647** |

Fonte: Plataforma Tecnolóxica do mar. Consellería de Pesca

Os barcos de maior dimensión e tonelaxe están na Guarda e Panxón; e os máis pequenos na enseada de San Simón (Redondela, Arcade e San Adrián).

**b) Caladoiro Nacional. Cerco.-** Forman parte desta flota 19 barcos cunha eslora media de 13,75 metros e rexistro total de 335,6 TRB e 3.897 CV. A meirade parte da flota está en Redondela (12) e os restantes en Cangas (3), Moaña (3) e Meira (1).

| Portos | Total barcos | Media eslora | Media TRB | Media CV |
|---|---|---|---|---|
| Redondela | 12 | 14,16 | 13,75 | 141,75 |
| Meira | 1 | 11,2 | 9,68 | 128 |
| Moaña | 3 | 11,83 | 8,95 | 103,3 |
| Cangas | 3 | 17,83 | 33,24 | 252,6 |
| **GAC** | **19** | **13,75** | **16,4** | **156,41** |

Fonte: Plataforma Tecnolóxica do mar. Consellería de Pesca

Os barcos do cerco de maior dimensión son os de Cangas.

**c) Palangre de Superficie[2]. Caladoiro Nacional e Augas Internacionais**.- Esta flota merece unha descrición máis detallada polas súas peculiaridades, posto que aínda pertencendo a armadores da zona, principalmente da Guarda, buques están no porto de Vigo.

Na Guarda hai 80 empresas armadoras, 85 buques palangreiros, o cal supón uns 650 postos directos de traballo, así como outros indirectos non cuantificados., que representan preto do 50% da flota galega.

[2] Os datos difiren entre a Plataforma Tecnolóxica do Mar e os obtidos directamente das asociacións da Guarda.

Nos últimos anos, un número importante de buques exportáronse a terceiros países diminuíndo considerablemente as unidades con pavillón español. Existen dúas asociacións de armadores de buques de peixe espada na zona: E&G (Asociación Empresarial de Espadeiros Guardeses) e ORPAGU (Organización de Produtores Palangreiros Guardeses).

A pesquería de palangre de superficie está baseada na captura principal de peixe espada e secundariamente doutras especies: túnidos e quenllas. Estes buques atópanse dispersos por todos os océanos tropicais do mundo utilizando diferentes portos base para realizar as súas operacións loxísticas

Na seguinte táboa móstranse as características tipo dun buque palangreiro de longa distancia que opera tanto no Atlántico Sur, Indico ou Pacífico:

| CARACTERÍSTICAS BUQUE TIPO I (ÍNDICO-PACÍFICO) | |
|---|---|
| **Eslora** | 44,5 |
| **Manga** | 9,2 |
| **Puntal** | 3,9 |
| **GT** | 580 |
| **Modalidade pesca** | PALANGRE SUPERFICIE |
| **Caladoiros habituais** | OCEANO ÍNDICO - PACÍFICO |
| **Acordos de pesca** | COMORES - SEYCHELLES - REP. MAURICIO - MADAGASCAR – MOZAMBIQUE |
| **Nº de tripulantes** | 16 |
| **Duración das mareas** | 100 DÍAS |
| **Días de traballo anuais** | 340 |
| **Portos operativos** | PORT LOUIS (ISLA MAURICIO), Yakarta, Ciudad del Cabo |

Fonte: Plataforma Tecnolóxica do mar. Consellería de Pesca

A táboa que segue amosa as características tipo dun buque palangreiro que opera no Atlántico norte:

| CARACTERÍSTICAS BUQUE TIPO II ATLÁNTICO NORTE | |
|---|---|
| **Eslora** | 23 |
| **Manga** | 7 |
| **Puntal** | 3 |
| **GT** | 190 |
| **Modalidade pesca** | PALANGRE SUPERFICIE |
| **Caladoiros habituais** | ATLÁNTICO NORTE, AZORES, CANARIAS, AGUAS CONTINENTAIS PORTUGUESAS |
| **Acordos de pesca** | CABO VERDE, MAURITANIA |
| **Nº de tripulantes** | 12 |
| **Duración das mareas** | 60 DÍAS |
| **Días de traballo anuais** | 265 |
| **Portos operativos** | VIGO, LAS PALMAS, MINDELO |

As especies que capturan figuran detalladas na táboa seguinte:

| Caracterización das Capturas e Rendemento Buque Tipo I | | |
|---|---|---|
| **Especie** | **captura en Tm** | **Prezo medio tonelada** |
| **Peixe espada** | 127,0 | 3.500,00€ |
| **Marraxo** | 10,0 | 2.000,00€ |
| **Quenlla** | 119,0 | 1.000,00€ |
| **Atún** | 23,0 | 2.000,00€ |
| **Aletas** | 14,0 | 10.000,00€ |
| **Variado** | 32,0 | 900,00€ |

| Caracterización das Capturas e Rendemento Buque Tipo II | | |
|---|---|---|
| **Especie** | **captura en Tm** | **Prezo medio tonelada** |
| **Peixe espada** | 40,0 | 4.000,00€ |
| **Marraxo** | 50,0 | 2.000,00€ |
| **Quenlla** | 150,0 | 1.000,00€ |
| **Atún** | 40,0 | 2.000,00€ |
| **Aletas** | 25 | 10.000,00€ |
| **Variado** | 100,0 | 900,00€ |

Os costos de explotación dun palangreiro aparecen reflectidos no cadro que se insire a continuación:

| Costos de Explotación de Buque Palangreiro | | | |
|---|---|---|---|
| **GASTOS** | **Euros** | **Euros/GT** | **%Total** |
| Víveres | 21.943,48 € | 37,83 € | 1,50% |
| Combustible | 380.867,01 € | 656,67 € | 26,04% |
| Aceite lubricante | 4.750,25 € | 8,19 € | 0,32% |
| Outros materiais | 10.258,31 € | 2.521,35 € | 0,70% |
| **MATERIAIS** | **417.819,05 €** | **720,38 €** | **28,57%** |
| Aparellos | 134.925,89 € | 232,63 € | 9,23% |
| Outros aparellos | 68.162,95 € | 117,52 € | 4,66% |
| **APARELLOS** | **203.088,84 €** | **350,15** | **13,89%** |
| Salarios | 411.096,07 € | 708,79 € | 28,11% |
| IRPF | 79.232,17 € | 136,61 € | 5,42% |
| Seguros sociais | 80.224,05 € | 138,32 € | 5,49% |
| Viaxes tripulación | 42.702,37 € | 73,62 € | 2,92% |
| Outros costos de traballo | 41.633,00 € | 71,78 € | 2,85% |
| **TRIPULACIÓN** | **654.887,66 €** | **1.129,12** | **44,78%** |
| Reparacións | 47.858,25 € | 82,51 € | 3,27% |
| Gastos portuarios, descargas | 37.910,00 € | 65,36 € | 2,59% |
| **ATRAQUE, REPARACIONS, ETC.** | **85.768,25 €** | **147,88 €** | **5,86%** |
| Seguro do buque | 36.455,10 € | 62,85 € | 2,49% |
| Seguro da mercancía | 5.783,38 € | 9,97 € | 0,40% |
| **SEGUROS E OUTROS** | **42.238,48 €** | **72,82 €** | **2,89%** |
| Impostos | 47.532,00 € | 81,95 € | 3,25% |
| Costo de licenzas | 11.050,00 € | 19,05 € | 0,76% |
| Costo utilización de Acordos de pesca | | | |
| **TOTAL** | **1.462.384,28 €** | **7.445,37** | **100,00%** |

A Flota espadeira da zona, atravesa dificultades derivadas de tres factores fundamentais:

▪ Crecemento constante das importacións que produce unha redución do prezo en primeira venda como se observa nos gráficos que seguen







- Baixo prezo de primeira venda dun produto que chega aos consumidores cun prezo final sete veces maior respecto ao prezo en orixe, cando a cadea distributiva é relativamente sinxela. O elevado prezo de venda ao público provoca a caída do consumo o que repercute de novo na subasta e no prezo en orixe.

- Incremento de custes de explotación, especialmente o derivado do prezo do combustible.

**d) Arrastre Conxeladores. NAFO e Pesquerías Internacionais**.- Esta flota está integrada por 6 buques con porto en Cangas que suman 2.685 TRB e 8.440 CV de potencia.

| Portos | Total barcos | Media eslora | Media TRB | Media CV |
|---|---|---|---|---|
| Cangas | 6 | 54,32 | 447,5 | 1.406,6 |
| **GAC** | **6** | **54,32** | **447,5** | **1.406,6** |

A media de cada barco é 54,32 metros de eslora e 448 TRB.

**f) Barcos auxiliares e de acuicultura.-** Os polígonos de bateas (especialmente mexillón) son unha das actividades máis importantes na Ría de Vigo e Aldán. Hai 695 bateas e 111 barcos que traballan neste sector (incluímos algunha barca auxiliar doutras actividades). Suman 2.978,48 TRB e unha potencia de 19.390,5 CV. O barco tipo ten 15,8 metros de eslora e 33,5 TRB.

| Portos | Total barcos | Media eslora | Media TRB | Media CV |
|---|---|---|---|---|
| Redondela | 14 | 14,86 | 24,84 | 164,82 |
| Arcade | 1 | 4,62 | 1,59 | 5 |
| San Adrián | 1 | 20,7 | 44,7 | 224 |
| Meira | 1 | 25,0 | 85,8 | 240 |
| Moaña | 60 | 14,97 | 26,9 | 178,95 |
| Cangas | 19 | 15,73 | 28,9 | 176 |
| Aldán | 15 | 14,17 | 24,2 | 180,53 |
| **GAC** | **111** | **15,72** | **33,85** | **167,04** |

Fonte: Plataforma Tecnolóxica do mar. Consellería de Pesca

O maior número de barcos teñen sede en Moaña (60), Cangas (19) e Aldán (15); onde están os principais polígonos de bateas da Ría de Vigo

## 2.- Venda en Lonxas

### a) Pesca de Baixura

A flota de baixura emprega diferentes artes tendo unha ampla variedade de especies obxectivo.

Entre as artes máis empregadas destacan as nasas para a captura do polbo, nécora, anguía e camarón. As artes de enmalle (miños, trasmallos, betas e xeito) para a captura da centola, choco, pescada, sardiña, sargo, etc. E o cerco para a pesca da sardiña, bolo ou xurelo.

<table>
<tr><th colspan="3">Artes empregadas na pesca de baixura e especies capturadas</th></tr>
<tr><th colspan="2">ARTES</th><th>ESPECIES</th></tr>
<tr><td colspan="2" rowspan="4">nasas</td><td>Polbo (Octopus vulgaris)</td></tr>
<tr><td>Nécora (Necora puber)</td></tr>
<tr><td>Camarón</td></tr>
<tr><td>Anguía (butrón)</td></tr>
<tr><td rowspan="5">enmalle</td><td rowspan="5">Miños, trasmallos betas, xeito</td><td>Sargo, abadexo, robaliza, lubina, etc</td></tr>
<tr><td>Choco (Sepia officinalis)</td></tr>
<tr><td>Centola (Maja squinado)</td></tr>
<tr><td>Pescada, lirio, etc.</td></tr>
<tr><td>Sardiña</td></tr>
<tr><td colspan="2">cerco</td><td>Sardiña, bolo, xurelo, etc.</td></tr>
</table>

As capturas son vendidas nas lonxas autorizadas, principalmente polo método da subasta á baixa. No ano 2007, as 10 especies máis vendidas sumaron un valor total de 3,36 millóns de euros; sendo o polbo a principal especie vendida con máis do 48% do valor total (1,47 millóns de euros). Non obstante, hai que salientar que esta espcie viu disminuida a súa captura en máis de 200 mil kg nos útlimos tres anos.

A segunda especie en importancia é a nécora con maís de 493 mil euros, seguida do choco (357 mil euros), a centola ( 232 mil euros) e a robaliza ( 231 mil euros).

Outras especies destacables en valor son o camarón, a anguía e a pescada. Especies que ven fluctuar fortemetne os seus volumes de captura e valor de mercado nos últimos cinco anos.

| Evolución das capturas da pesca de baixura dos últimos 5 anos na zona 7 ANO | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 2003 | 2004 | 2005 | 2006 | 2007 |
| **POLBO** | Quilos | 487.822 | 506.245 | 206.040 | 240.858 | 294.277 |
| | Importe (euros) | 2.916.046 | 2.609.434 | 1.095.596 | 1.144.546 | 1.476.183 |
| **NÉCORA** | Quilos | 25.322 | 23.548 | 30.732 | 32.124 | 27.801 |
| | Importe (euros) | 449.031 | 471.414 | 513.464 | 505.817 | 493.685 |
| **CAMARÓN** | Quilos | 13.258 | 7.781 | 7.761 | 6.995 | 7.114 |
| | Importe (euros) | 302.990 | 240.271 | 260.166 | 216.171 | 196.150 |
| **ANGUÍA** | Quilos | 19.708 | 22.014 | 14.512 | 42.994 | 18.860 |
| | Importe (euros) | 166.275 | 189.279 | 126.201 | 386.951 | 169.740 |
| **SARGO** | Quilos | 1.034 | 1.663 | 2.155 | 2.749 | 4.777 |
| | Importe (euros) | 6.404 | 9.258 | 12.730 | 17.558 | 31.941 |
| **ROBALIZA** | Quilos | 6.067 | 14.413 | 17.885 | 18.542 | 20.886 |
| | Importe (euros) | 72.116 | 172.354 | 217.320 | 217.848 | 231.803 |
| **CHOCO** | Quilos | 79.369 | 72.991 | 88.555 | 65.214 | 95.922 |
| | Importe (euros) | 352.671 | 283.583 | 340.120 | 282.447 | 357.584 |
| **CENTOLA** | Quilos | 14.268 | 14.929 | 31.865 | 32.419 | 18.736 |
| | Importe (euros) | 162.966 | 195.731 | 306.747 | 298.595 | 232.501 |
| **PESCADA** | Quilos | 5.868 | 5.270 | 6.913 | 19.260 | 44.095 |
| | Importe (euros) | 31.452 | 29.353 | 36.908 | 88.512 | 168.688 |
| **SARDIÑA** | Quilos | 2.889 | 9.048 | 3.776 | 7.000 | 4.875 |
| | Importe (euros) | 4.833 | 7.080 | 3.695 | 7.182 | 6.097 |

Fonte: Plataforma Tecnolóxica do mar. Consellería de Pesca

### b) Marisqueo

A costa do GAC formada pola Ría de Aldán, Ría de Vigo e litoral do Baixo Miño, presenta unhas condicións favorables para a produción de marisco propiciada polos afloramentos anuais producidos entre abril e outubro. Asemade, o rango de mareas, cunha media de tres metros, deixa ao descuberto os arenais durante períodos longos de tempo o que permite a súa explotación e extracción de forma tradicional e artesanal.

Existe un bo número de enseadas onde se extrae principalmente berberecho (*Cerastoderma edule*), ameixa babosa (*Venerupis pullastra*), ameixa fina (*Venerupis decussata*), e outras especies.

O marisqueo practicase mediante dúas modalidades: a que se exerce dende embarcación (a flote) e a realizada no intermareal (a pé). Cada unha está regulada de forma específica e conta cunha problemática diferente.

Hai un total de 2.198 persoas adicadas as labores de extración e venda de marisco no conxunto do GAC.

Existen un total de 412 embarcacións de marisqueo e 553 mariscadoras a pé. O maior número de mariscadoras están en Redondela, Moaña e Arcade.

| Nº de socios de cada entidade, encargadas da xestión da extracción e venda do marisco | | | |
|---|---|---|---|
| **ENTIDADES** | **Nº DE SOCIOS TOTAIS** | **Nº EMBARCACIÓNS MARISQUEO** | **Nº MARISCADORES A PÉ** |
| Confraría Pescadores de Cangas | 280 | 38 | 0 |
| Confraría de Pescadores de Aldán | 69 | 59 | 11 |
| Confraría Pescadores de Moaña | 380 | 62 | 160 |
| Asociación M. Pedra Oliveira | 82 | 13 | 62 |
| Confraría Pescadores Arcade | 201 | 54 | 114 |
| Confraría Pescadores Redondela | 340 | 101 | 176 |
| Confraría de Pescadores Baiona | 300 | 26 | 30 |
| Confraría de Pescadores A Guarda | 427 | - | - |
| Cies Artesanais SCG | 80 | 41 | 0 |
| Mar do Morrazo SCG | 39 | 18 | 0 |

Fonte: Datos Confrarias Pescadores, Asociacións Mariscadores e Cooperativas do GAC.

As especies de maior volume de captura son a ameixa xaponesa e a ameixa rubia seguida do berberecho, crecendo considerablemente nos últimos anos a extración de especies como a volandeira e o ourizo. Mención aparte merece a recollida de algas de tradición para a fertilización dos campos, utilizándose actualmente para o consumo.

| Evolución capturas das especies máis importantes procedentes do marisqueo | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | **ANO 2003** | **2004** | **2005** | **2006** | **2007** |
| AMEIXA RUBIA | Quilos | 85.336 | 94.861 | 81.600 | 175.977 | 222.602 |
| | Importe (euros) | 812.483 | 830.131 | 705.760 | .378.792 | 1.736.378 |
| AMEIXA XAPONESA | Quilos | 114.368 | 171.749 | 255.519 | 341.178 | 432.829 |
| | Importe (euros) | 903.655 | 1.370.957 | 1.893.422 | 2.675.247 | 3.092.450 |
| AMEIXA BABOSA | Quilos | 94.804 | 76.806 | 48.356 | 93.440 | 102.735 |
| | Importe (euros) | 1.526.869 | 1.190.299 | 745.523 | 1.434.619 | 1.547.416 |
| AMEIXA FINA | Quilos | 34.623 | 64.744 | 55.536 | 66.079 | 66.250 |
| | Importe (euros) | 850.159 | 1.695.024 | 1.557.224 | 1.850.162 | 1.540.060 |
| BERBERECHO | Quilos | 208.970 | 161.528 | 189.951 | 263.669 | 204.130 |
| | Importe (euros) | 526.446 | 371.102 | 539.408 | 915.702 | 565.234 |
| NAVALLA | Quilos | 35.710 | 57.429 | 49.424 | 53.957 | 76.031 |
| | Importe (euros) | 600.265 | 905.797 | 749.340 | 788.445 | 1.104.428 |
| OURIZO | Quilos | 52.938 | 146.009 | 152.932 | 143.274 | 174.787 |
| | Importe (euros) | 81.573 | 243.203 | 249.356 | 297.566 | 457.565 |
| PERCEBE | Quilos | 71.317 | 92.196 | 87.737 | 76.468 | 76.595 |
| | Importe (euros) | 2.433.664 | 2.882.711 | 3.124.636 | 2.829.073 | 3.244.432 |
| VOLANDEIRA | Quilos | 15.552 | 75.199 | 80.301 | 106.514 | 180.972 |
| | Importe (euros) | 46.300 | 221.350 | 273.950 | 294.144 | 330.195 |

Fonte: Plataforma Tecnolóxica do mar. Consellería de Pesca

As 9 principais especies pocedentes das actividades de marisqueo acadan no ano 2007 un valor total de 13,6 millóns de euros.

A ameixa babosa, xaponesa, rubia e fina, suman en conxunto máis de 7,9 millóns de euros, o que representa preto do 60% do valor total do marisco vendido nas lonxas. Entre estas, destaca o valor da xaponesa con máis de 3 millóns de euros.

É importante destacar o valor da navalla con máis de 1,1 millóns de euros; e o forte crecimento nos últimos anos nas vendas de volandeira (180 mil euros no ano 2007) e ourizo (457 mil euros no 2007).

**Situación xeral do sector artesanal: pesca e marisqueo.**

O sector nos últimos anos segue a vencer numerosos obstáculos grazas á súa ampla experiencia, tanto profesional como organizativa, reivindicativa e de xestión das diferentes pesquerías.

A actividade costeira artesanal e o marisqueo enfrontase ao esgotamento dos recursos e á perda de zonas produtivas provocadas pola contaminación, os aterramentos e outras infraestruturas, os cambios na dinámica das rías, a elevada presión extractiva e as deficiencias na xestión.

Trátase dun sector con problemas na comercialización, cunha marcada diferenza entre o prezo en orixe e o prezo final ao consumidor, e polo tanto cunha baixa captación do valor engadido por parte do sector extractivo. Existen moitas dificultades para que o control da cadea de comercialización estea en mans dos produtores ao que se lle engade nos últimos tempos o incremento dos costos de explotación que merman de forma considerable a rendibilidade das operacións pesqueiras.

O feito de que no contexto global actual aparezan novos competidores e produtos doutras zonas, que en moitos casos non cumpren os requisitos esixidos ós productos galegos, merma todavía máis o control desta cadea de comercialización. O baixo consumo de produtos do mar en determinados segmentos da poboación, especialmente nas novas xeracións de poboacións non costeiras, pode co tempo minimizar a boa imaxe de produto natural, saudable e alto valor nutritivo coa que contan os produtos galegos do mar.

É un sector que conta cun intrusismo laboral intenso e ao que afecta en gran medida un furtivismo moi activo, en moitos casos do propio sector. A baixa formación e a propio idiosincrasia das persoas do mar é fonte, en moitos casos, de graves problemas; e a individualidade propia do mariñeiro, a súa escasa experiencia na toma de decisións en conxunto e a falla de visión global impide a resolución doutros moitos. En determinadas ramas de actividade existe tamén a dificultade de relevo xeracional debido, entre outros motivos, á complexidade do sistema formativo e as excesivas normas para poder desenvolver estas actividades.

### I.2.6.- Infraestruturas

O coñecemento das características da rede de infraestruturas de transporte, dos seus problemas e das súas oportunidades, nunha aglomeración como a que conforma o territorio do GAC Ría de Vigo-Baixo Miño, que xira en torno á cidade de Vigo, é un elemento fundamental para poder elaborar un plan estratéxico de actuación que teña como obxectivo fomentar o benestar dos seus habitantes.

A crecente complexidade funcional deste territorio que se atopa nunha situación de expansión, manifléstase na estrutura dos asentamentos poboacionais e nos fluxos de persoas e mercancías que discorren e se canalizan pola súa rede de transportes. Esta rede de infraestruturas de comunicación (autoestrada, autovía, porto comercial, ferrocarril, etc.), na súa conformación actual e nas súas perspectivas de futuro, está pensada máis para as relacións co exterior do territorio que para os fluxos intraterritoriais, o que comporta moitos problemas de mobilidade ás persoas que viven dentro do territorio, así como problemas de conxestión da rede de estradas principais e secundarias.

**Mapa de intensidades de tráfico nas nas principais estradas da rede autonómica no territorio do GAC**




A área de estudo aglutina a unha poboación de 135.720 persoas que xera máis de 42.000 desprazamentos diarios[1] por motivos de traballo, dos que unha gran porcentaxe fanse a través do coche particular[2] o que xera problemas de saturación nas estradas da área. Polo tanto, os problemas do tráfico e o transporte son a cotío citados pola cidadanía entre os máis importantes dos que lles afectan.

[1] Censo de poboación e vivenda 2001. Poboación en vivendas familiares ocupada que realiza unha ou máis viaxes diarias ao lugar de traballo, segundo sexo e o tempo de desprazamento ao lugar de traballo
[2] Segundo datos do censo de poboación e vivenda 2001, o 67% dos desprazamentos ao centro de traballo fanse empregando o coche particular.

| Poboación en vivendas familiares ocupada que realiza unha ou máis viaxes diarias ao lugar de traballo, segundo sexo e o tempo de desprazamento ao lugar de traballo Ano 2001 | | |
|---|---|---|
| Tempo do desprazamento | Número de desprazamentos | Porcentaxe con respecto ao total |
| **Menos de 30 minutos** | 33.667 | 79,88% |
| **De 30 a 45 minutos** | 5.834 | 13,84% |
| **De 45 minutos a 1 hora** | 1.979 | 4,70% |
| **1 hora ou máis** | 665 | 1,58% |
| **Total desprazamentos** | 42.145 | 100,00% |
| Fonte: Censo de Poboación e Vivenda 2001 | | |

Polo tanto, poderían caracterizarse como principais problemas na **mobilidade por estrada** os seguintes:

- Saturación nas principais vías de comunicación por estrada: A ponte de Rande soporta as maiores intensidades de tráfico da A9 ao acoller o tráfico que ven da Coruña, Pontevedra e do Morrazo. Ademais, a gratuidade da ponte de Rande para vigueses e residentes no Morrazo traduciuse na conxestión da ponte e na menor utilización de transportes colectivos coma o autobús ou o transporte marítimo, afectando así á circulación de boa parte do territorio. Por outra banda, o vial de alta capacidade do Morrazo, incrementou o tráfico que accede á ponte de Rande e elevou notablemente a conxestión da autoestrada.

- É salientable tamén a saturación da maioría das estradas costeiras da provincia, en contraste coas vías interiores. Faltan cintos de circunvalación capaces de distribuír o tráfico que accede ás autovías e vías costeiras de alta capacidade e non existen nós de conexión suficientes que faciliten a incorporación do tráfico.

- Deficiencias no trazado e nas conexións das estradas secundarias. O trazado actual das vias principais e secundarias de comunicación por estrada está pensado para comunicar os distintos núcleos de poboación coa cidade de Vigo e non tanto para vertebrar o territorio, polo que determinados núcleos

rurais (sobre todo os que están máis apartados de Vigo) teñen serias dificultades de conexión.

Polo que atinxe ao **transporte de pasaxeiros por estrada**, o territorio conta con varias liñas de autobuses que centralizan a súa actividade na estación de autobuses de Vigo, conectando as principais vilas da zona co núcleo urbano vigués pero cun servizo bastante deficiente á hora de interconectar o territorio e facilitar o fluxo de comunicacións das parroquias do rural coas capitais municipais.

Por outra banda, o transporte marítimo conta con dúas zonas de actuación, como son a Ría de Vigo e a desembocadura do Río Miño. No primeiro caso, as principais rutas son as que conectan a cidade de Vigo coas vilas de Cangas e Moaña que, segundo datos facilitados pola Autoridade Porturaria de Vigo, moveron un tráfico de máis de un millón de persoas no ano 2006[3].

| **Movemento rexistrado do tráfico local e cruceiros no porto de Vigo 2005-2007** | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Semestre** | **Tráfico local: pasaxeiros** | **Tráfico cruceiros: pasaxeiros** | **Taxa de variación do tráfico local de pasaxeiros** | **Taxa de variación tráfico cruceiros** |
| 1/2005 | 462.674 | 53.723 | -32,30% | -6,60% |
| 2/2005 | 686.657 | 77.813 | 48,41% | 44,84% |
| 1/2006 | 446.160 | 53.621 | -35,02% | -31,09% |
| 2/2006 | 582.921 | 75.647 | 30,65% | 41,08% |
| 1/2007 | 395.904 | 57.044 | -32,08% | -24,59% |
| Fonte: Autoridade Portuaria de Vigo | | | | |

No caso do tránsito de pasaxeiros da desembocadura do Río Miño, o referente é o Ferry que leva liña A Guarda-Camiña, que no ano 2007 moveu máis de 74.000 persoas e preto de 30.000 vehículos. Esta liña veuse moi afectada pola inauguración da ponte de Goián-Vila Nova da Cerveira no ano 2005, que desviou moito tráfico rodado da zona cara a Portugal.

[3] Nesta cifra tamén hai que ter en conta os pasaxeiros que van as Illas Cíes e que collen o barco na estación marítima de Vigo.

| Tránsito de vehículos e pasaxeiros do Ferry A Guarda-Caminha Ano 2007 | | | |
|---|---|---|---|
| | Vehículos | Pasaxeiros | Outros vehículos |
| Xaneiro | 778 | 1.831 | 100 |
| Febreiro | 601 | 1.547 | 63 |
| Marzo | 680 | 1.752 | 86 |
| Abril | 2.363 | 6.225 | 281 |
| Maio | 1.673 | 4.586 | 266 |
| Xuño | 1.777 | 5.026 | 289 |
| Xullo | 3.680 | 11.764 | 454 |
| Agosto | 8.032 | 21.776 | 656 |
| Setembro | 2.931 | 7.701 | 386 |
| Outubro | 2.069 | 5.169 | 266 |
| Novembro | 1.578 | 3.879 | 181 |
| Decembro | 1.046 | 3.015 | 171 |
| **Total** | **27.208** | **74.271** | **3.199** |

Fonte: Concello da Guarda

En canto ao **transporte ferroviario,** as infraestruturas da zona quedaron obsoletas hai tempo e presenta varias deficiencias: o trazado das vías permanece sen modificar dende hai décadas, non se conta en toda a provincia coa necesaria dobre vía e as velocidades dos ferrocarrís rexionais non son competitivas co transporte por estrada. Ademais, malia conectar os centros dos catro núcleos costeiros, ningún dos traxectos entre as distintas estacións da provincia considerase atractivo en canto á redución de tempos con respecto ao autobús interurbano ou ao vehículo particular, e non existen trens de proximidades para traxectos dentro da provincia, só trens rexionais de comunicación interprovincial.




Respecto ao **tráfico aéreo**, o aeroporto de referencia é o de Peinador, no que se poden atopar conexións con aeroportos nacionais, pero que conta con poucas conexións internacionais. A excepción do voo a París, os movementos de pasaxeiros con destino ao estranxeiro realízanse a través de Madrid ou Barcelona. Polo tanto, Peinador configúrase como un aeroporto de influenza local, constituíndo Santiago e Porto mellores alternativas para os voos de longa distancia tanto pola súa capacidade e tamaño coma polas súas conexións internacionais. Con todo, o aeroporto está a crecer en número de pasaxeiros e en tráfico de mercancías, debido as melloras realizadas nas súas instalacións durante os últimos anos.

| Evolución do movemento de pasaxeiros e mercancías no aeroporto de Peinador 2004-2007 | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | **Pasaxeiros (nº)** | **Porcentaxe de variación con respecto ao ano anterior** | **Mercancías (kg)** | **Porcentaxe de variación con respecto ao ano anterior** |
| **2004** | 911.878 | 8,56% | 1.029.729 | -9,23% |
| **2005** | 1.108.720 | 21,59% | 1.363.187 | 32,38% |
| **2006** | 1.187.598 | 7,11% | 1.252.411 | -8,13% |
| **2007** | 1.405.777 | 18,37% | 1.952.616 | 55,91% |
| Fonte: AENA | | | | |

En resumo, no tocante ás infraestruturas de comunicación, o grao de integración dos transportes no territorio da Ría de Vigo concéntrase basicamente no núcleo de Vigo: estación de autobuses, estación de ferrocarril, estación marítima e aeroporto. A intermodalidade entre todos estes medios de transporte é moi baixa, pois non hai coordinación de horarios e hai moitas deficiencias no establecemento das paradas e no ordenamento dos espazos de intercambio e correspondencia, ademais de que non existe unha autoridade única que os regule e poida establecer un billete único, co que se poida combinar varios medios de transporte.

**Portos pesqueiros e lonxas de pesca dentro do territorio do GAC**




Fonte: Consellería de Medio Ambiente

Por último, dado que o presente estudo ten como marco a elaboración dunha estratexia de acción de cara a conseguir unha reactivación económica das zonas costeiras e das actividades vencelladas co mar tamén é necesario facer avaliación das infraestruturas relacionadas coa actividade pesqueira extractiva. Tal e como se amosa no mapa, practicamente todos os concellos que están dentro do territorio do GAC teñen un ou varios portos pesqueiros, sendo os máis importantes os dos concellos de Cangas, Moaña, A Guarda, Baiona e Redondela, nos que ademais se conta con lonxa de venda de peixe, nas que se acadou no ano 2007 un volume de peixe vendido de case 2 millóns de quilos, o que xerou un volume de negocio de case 15 millóns de euros[4].

[4] Volume de pesca negociada no ano 2007 1.995.398,57 kg, que representou un importe de 14.925.959,35€. Fonte: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

## I.2.7.- SITUACIÓN AMBIENTAL DA ZONA COSTEIRA

Os ecosistemas marítimos da costa de Galicia son particularmente interesantes por ser únicos na súa estrutura, orixe e características, o territorio do GAC comprende a enseada de Aldán, na ría de Pontevedra, e a Ría de Vigo, cunha grande variedade de formacións xeolóxicas costeiras, acantilados, praias, fondos de ría, etc., e as formacións costeiras de cantís do Baixo Miño.

As Rías son formacións xeolóxicas configuradas por vales tectónicos de profundidade moderada inundados polo mar, que gozan de fertilización extra grazas a eventos estacionais de afloramento, entre os meses de abril e outubro. Albergan sistemas altamente produtivos con 260 g C /cm$^2$ ano como valor medio, o que equivale ao dobre de produción dunha sabana. Aínda que o afloramento é eminentemente costeiro, o seu efecto esténdese cara ao mar aberto influíndo en toda a plataforma galega.

A Foz do Miño e o efecto de borde que causa a súa desembocadura no mar, produce unha zona de grande riqueza complementaria á da Ría de Vigo.

Nas augas galegas preséntase unha encrucillada de fauna boreal e lusitánica o que lle outorga un destacable valor bioxeográfico nos ecosistemas mariños e terrestres. Existindo especies que atopan en Galicia o seu límite setentrional ou meridional de distribución xerando ecosistemas de elevada biodiversidade.

### Especies protexidas

Nas augas do territorio GAC teñen presenza diferentes especies protexidas, invertebrados e vertebrados, como aves, tartarugas e mamíferos mariños.

A "Directiva Hábitats" (CEE 21 de maio de 1992), trasposta á normativa española por medio do "Real Decreto 1997/1995", sinala como estritamente protexidas algunha das especies de cetáceos que deben ser obxecto de medidas especiais de conservación do seu hábitat. No seu Anexo II inclúe especificamente ao arroás (*Tursiops truncatus*) e á toniña (*Phocoena phocoena*) e no Anexo IV outras especies de cetáceos que requiren un coidado rigoroso.

Todas estas especies protexidas están recollidas no Catálogo español de especies ameazadas ("Real Decreto 439/1990" e "Orde de 9 de xuño de 1999, pola que se inclúen no Catálogo Nacional de Especies Ameazadas determinadas especies de cetáceos"), así como no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, "Decreto 88/2007, do 19 de abril". Ademais están suxeitas á "Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade", onde se indica que queda prohibido dar morte, danar, molestar ou inquedar intencionadamente aos animais silvestres, sexa cal fora o método empregado

ou a fase do seu ciclo biolóxico, e ao "Real Decreto 1727/2007, de 21 de decembro, polo que se establecen medidas de protección dos cetáceos".

Sobre as especies calificadas de vulnerables compre poñer en marcha Plans de Conservación.

Existen na área de estudo espazos naturais de grande relevancia ambiental que contan cunha especial protección a través de normas internacionais, europeas, estatais e galegas.

**Relación de espazos protexidos**

Seguindo ao "Decreto 72/2004, do 2 de abril, da Consellería de Medio Ambiente, polo que se declaran determinados Espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais", o ámbito do GAC acolle:

- Zonas propostas como Lugares de Importancia Comunitaria para formar parte da rede Natura 2000.

**Natura 2000** é a rede de espazos naturais protexidos a escala da Unión Europea creada en virtude da "Directiva 92/43/CEE do Consello, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres" (Directiva hábitats), con obxecto de salvagardar os espazos naturais máis importantes de Europa. Componse de zonas especiais de conservación (ZEC) declaradas polos Estados membros con arreglo á Directiva hábitats e, ademais, das zonas especiais de protección para as aves (ZEPA) que se designan de acordo coa Directiva aves ("Directiva 79/409/CEE do Consello, de 2 de abril de 1979, relativa á conservación das aves silvestres").

O espazos incluídos nesta categoría son os seguintes:

**Foz do Miñor,** Lic Es1140003 A Ramallosa, situada no extremo suroeste da ría de Vigo, nos concellos de Nigrán e Baiona. Trátase da zona húmida máis importante e de maior extensión no longo tramo costeiro que vai desde a enseada de San Simón, no fondo da ría de Vigo, ao estuario do río Miño. Superficie: 92 ha. Altitude media: 10 m. Rexión bioclimática: Atlántica.

Marismas situadas na desembocadura do río Miñor, protexidas do mar aberto pola barra de area da praia de Ladeira, nas que se concentran comunidades de aves acuáticas durante o período invernal.

Hábitats: Pasteiros de Spartina (*Spartinion maritimi*), Pasteiros salinos atlánticos (*Glauco-Puccinellietalia maritimae*), Mato halófilo mediterráneo e termoatlántico (*Sarcocornetea fruticosi*).

Flora e Vexetación: presenta diferentes tipos de vexetación halófila de marisma. Destaca especialmente a extensa e ben conservada pradaría de *Spartina maritima* (asociación *Spartinetum maritimae*). O raro endemismo galaico-portugués *Narcissus cyclamineus* está tamén citado na zona.

Fauna: Lontra (*Lutra lutra*), Lavanco real (*Anas platyrhynchos*), Garza real (*Ardea cinerea*), Agulla colipinta (*Limosa lapponica*), Carrán cristado (*Sterna sandvicensis*).

**Illas Cíes,** Lic Es0000001 Illas Cíes, na ría de Vigo e pertencentes ao concello de Vigo. Forman parte do Parque Nacional das Illas Atlánticas. Superficie: 990 ha. Altitude media: 24 m. Rexión bioclimática: Atlántica.

A súa especial protección deriva da diversidade de comunidades vexetais propias de dunas e de acantilados mariños que posúen, dos diferentes hábitats de interese comunitario que albergan, e da riqueza da súa fauna, en particular a avifauna.

Hábitats: Vexetación anual sobre reboutallos mariños acumulados. Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas. Pasteiros salinos atlánticos (*Glauco-Puccinellietalia maritimae*). Mato halófilo mediterráneo e termoatlántico (*Sarcocornetea fruticosi*). Dunas móbiles embrionarias. Dunas móbiles de litoral con Ammophila arenaria (dunas brancas). Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (dunas grises). Dunas con céspedes do Malcomietalia. Dunas con vexetación esclerófila do Cisto-Lavanduletalia. Uceiras secas europeas. Uceiras secas atlánticas costeiras de Erica vagans. Rochedos silíceos con vexetación pioneira do Sedo-Scleranthion ou do Sedo albi-Veronicion dillenii.

Flora e Vexetación: Entre os taxons máis ameazados e de distribución máis localizada encóntrase *Erodium maritimum*, pequeno xeranio en perigo crítico de extinción segundo o "Libro vermello da flora ameazada española". Ademais, nas dunas de Figueiras-Muxieiro localízase a única poboación galega de *Armeria pungens* e a segunda poboación galega da camariña (*Corema album*), que xuntamente coa subespecie costeira do toxo (*Ulex europaeus* subsp. *Latebracteatus*), conforman unha matogueira de trasduna exclusiva destas illas. Entre os endemismos ibero-atlánticos e galaicos destacan Angélica (*Angellica pachycarpa*) e a Herba de namorar (*Armeria pubigera*), que presentan algunhas das formacións máis extensas e mellor conservadas da súa área de distribución mundial.

Fauna: acollen interesantísimas colonias de cría de aves mariñas, algunhas delas de carácter excepcional coma os corvos mariños cristados cunhas 1.000 parchas, unha das máis importantes de Europa, e de gaivota patiamarela que cunhas 20.000 parellas é unha das máis isalientables do mundo. Píldora raiada (*Arenaria interpres*), Gaivota patiamarela (Larus *cachinnans*), Gaivota escura (*Larus fuscus*), Corvo mariño cristado (*Phalacrocorax aristotelis*), Corvo mariño real (*Phalacrocorax carbo*), Pardela fuchabuchos (*Puffinus puffinus mauretanicus*), Arao dos cons (*Uria aalge ibericus*).

Son tamén un enclave de elevado interese para a herpetofauna española. Cabe destacar especialmente a presenza da píntega común (*Salamandra salamandra*), a lagarta dos penedos (*Podarcis hispanica*), e o esgonzo ibérico (*Chalcides bedriaga*i), endemismo ibérico raro e moi localizado en Galicia.

Este arquipelago foi asemade declarado como ZEPA consonte á Directiva aves.

**Baixo Miño,** Lic Es1140007 Baixo Miño, comprende o último treito do río e a súa Foz, é dicir os concellos que conforman o tramo internacional do río Miño, entre os que se inclúen os do Rosal e A Guarda. Superficie: 2.871 ha.

Hábitats: esteiro, bosques aluviais, dunas e chairas lamacentas ou areosas, entre outros.

Flora e Vexetación: A zona estuárica presenta unha extensa superficie de xunqueiras, pradarías de ciperáceas e vexetación helofítica, con predominio da carriceira de *Phragmites australis*, así como manchas de salgueiral pantanoso, en Salcidos e áreas veciñas. As xunqueiras e pradarías húmidas, así como retallos de bosque ripario, caracterizan as veciñas illas da Canosa, Morraceira do Grilo, Morraceira das Varandas e As Pozas. Augas abaixo da illa Boega e ata as inmediacións da Pasaxe, hai algúns bancos areosos intermareais, máis extensos do lado portugués, e beiras lamacento-areentas, parcialmente cubertas de pradarías de *Zostera noltii* e outros tipos de vexetación halófila. A extensión de dunas é escasa e restrínxese á desembocadura (praia de Camposancos).

Fauna: De grande importancia pola variedade da súa fauna ictiolóxica, única no contexto galego, que inclúe varias especies ameazadas e endémicas, como a lamprea (*Petromyzon marinus*), o salmón (*Salmo salar*) -que se atopa no seu límite meridional de distribución en Europa- a forma migratoria da troita ou reo (*Salmo trutta trutta*), a zamborca (*Alosa alosa*), a saboga (*Alosa fallax*), o barbo (*Barbus bocagei*), o cacho (*Squalius carolitertii*), peixe (*Rutilus arcasii*), a boga do Douro (*Chondrostoma duriense*), a barbela (*Cobitis calderoni*), a anguía (*Anguilla anguilla*), e o espiñento (*Gasterosteus gymnurus*).

**Illas Estelas,** Lic Es1140012 Illas Estelas, no concello de Nigrán. Superficie: 725 ha. Altitude media: 1 m. Rexión bioclimática: Atlántica. Pequeno arquipélago con fondos mariños moi ben conservados. Nelas aniña unha pequena colonia de aves mariñas. Hábitats: Esteiros e uceiras secas atlánticas costeiras de *Erica vagans*.

**Enseada de San Simón,** Lic Es1140016 Enseada de San Simón, situado nas beiras dos concellos de Moaña, Pontevedra, Redondela, Soutomaior e Vilaboa. Superficie: 2.218 ha. Altitude media: 1 m. Rexión bioclimática: Atlántica. Espacio intermareal dominado por superficies lamacento-areeiras cubertas por praderías de algas (*seba*). Poboación invernante de 3.500 anátidas e boa presenza de limícolas durante os pasos migratorios.

Hábitats: chairas lamacentas ou areosas que non están cubertas de auga cando hai marea baixa. Vexetación anual pioneira con Salicornia e outras especies de zonas lamacentas ou areosas: Pasteiros de Spartina (*Spartinion marítimo*), Pasteiros salinos atlánticos (*Glauco-Puccinellietalia maritimae*), Uceiras secas europeas y bosques aluviais de Alnus glutinosa e Fraxinus excelsior (*Alno-Padion, Alnion incanae, Salicion albae*). Fauna: Pato asubión (*Anas penelope*), Alavanco real (*Anas platyrhynchos*), Garza real (*Ardea cinerea*), Parrulo chupón (*Aythya ferina*) Pilro curlibico (*Calidris alpina*), Garzota (*Egretta garzetta*), Agulla colipinta (*Limosa lapponica*), Corvo mariño real (*Phalacrocorax carbo*), Píllara cincenta (*Pluvialis squatarola*).

**Cabo Udra,** Lic Es1140009 Cabo Udra, nos concellos de Bueu e Cangas. Superficie 623 ha. Tramo costeiro situado na parte externa da ría de Aldán, no que alternan pequenas áreas acantiladas e rochedos graníticos de baixa altura con pequenas calas e praias areosas encaixadas, e que inclúe importantes matogueiras costeiras. Área dun gran valor paisaxístico, localizada nun contorno densamente poboado.

Hábitats: esteiro, cantís e uceiras.

Flora e vexetación: Fieito (*Asplenium marinum*), ao que acompaña máis raramente *Davallia canariensis*, fieito relito macaronésico. *Armeria pubigera*, *Armeria maritima*. Pasteiros de *Festuca pruinosa* e matogueiras aerohalófilas galaico-portuguesas da asociación *Cisto salvifolii-Ulicetum humilis*, que lle confiren unha especial relevancia ao espazo natural.

Fauna: Corvos mariños (*Phalacrocorax aristotelis* e *Phalacrocorax carbo*), diversas especies de gaivotas (*Larus spp.*), e carráns (*Sterna spp.*), e limícolas como o virapedras (*Arenaria interpres*).

**Costa da Vela,** Lic Es1140010 Costa da Vela, no concello de Cangas. Superficie 1.419 ha. Tramo costeiro onde converxe o litoral aberto, constituído principalmente por unha fronte case lineal de abruptos acantilados graníticos e esquistosos, e o litoral da

ría de Vigo, principalmente areoso e amparado pola pantalla protectora das próximas illas Cíes. Estes nítidos contrastes, que teñen lugar dentro dunha área reducida, así como a extraordinaria beleza escénica na que se enmarcan, confírenlle ao espazo natural un excepcional valor paisaxístico.

Hábitats: cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas, dunas móbiles embrionarias, dunas brancas e dunas grises, entre outros.

Flora e Vexetación: A maior parte da súa superficie está ocupada por augas e fondos mariños (72%), mentres que no ámbito terrestre predominan as matogueiras e plantacións forestais de eucaliptos e piñeiros.

Fauna: aves mariñas, entre as que cabería destacar o arao (*Uria aalge*)), o furabuchos balear (*Puffinus mauretanicus*), endemismo en perigo crítico de extinción, e o carrán cristado (*Sterna sandvicensis*). Entre a avifauna terrestre destaca a presenza de especies propias de formacións arbustivas abertas ou de sotobosque do piñeiral, como a papuxa do mato (*Sylvia undata*), a cotovía pequena (*Lullula arborea*), e a noitarega ou avenoiteira cincenta (*Caprimulgus europaeus*).

- Lugares declarados como Zona de Especial Protección para as Aves consonte a Directiva 79/409/CEE, relativa á conservación das aves silvestres.

**Illas Cíes,** Zepa Es000000, nunha superficie de1.990 ha. Descritas anteriormente.

**Esteiro do Miño,** Zepa Es0000375 Esteiro do Miño, situado na raia entre España e Portugal, 1.688 ha., nos concellos do Rosal e A Guarda, é unha zona húmida de tipo marítimo-terrestre de gran valor científico, cultural e paisaxístico, incluída desde 1.965 na "Lista de zonas húmidas de Europa e Norte de África de importancia internacional" (lista MAR) e recoñecido na Convención de Ramsar (1971) sobre ecosistemas húmidos de importancia internacional.

Hábitats: ademais dos hábitats de interese comunitario presenta notables formacións de vexetación helofítica (fundamentalmente *Phragmites australis* e *Scirpus* spp.).

Flora e vexetación: As comunidades vexetais dominantes no esteiro e zonas contiguas están representadas por especies hidrófitas. Na marisma da xunqueira de Salcidos, na desembocadura do río Tamuxe, hai que destacar a existencia dun extenso canaval de gran interese ecolóxico formado por importantes masas de carrizos (Phragmites communis), que se pode considerar como uno dos máis interesantes da provincia, e no que as aves atopan refuxio.

Fauna: De importancia pola diversidade e abundancia das súas aves acuáticas e a avifauna ligada ás formacións de vexetación palustre. Corvo mariño grande (*Phalacrocorax carbo)*, Cerceta (*Anas crecca)*, Lavanco (*Anas platyrhynchos*), Pato cristado (*Aythya fuligula)*, Mergo cristado (*Mergus serrator*), Gabita (*Haematopus ostralegus*), Píldora cincenta (*Pluvialis squatarola)*, Mazarico chiador (*Numenius phaeopus*), Pilro común (*Calidris alpina)*, Pilro tridáctilo (*Calidris alba)*, Píllara das dunas (*Charadrius alexandrinus)*, Becacina pequena (*Lymnocryptes minimus*), ou o pilro escuro (*Calidris maritima*).

Na proposta de ampliación da Rede Natura inclúense novas áreas costeiras de Oia.



O **Rexistro Xeral de Espazos Naturais de Galicia**, creado polo "Decreto 82/1989, do 11 de maio" configura os seguintes espazos naturais que contan coa cualificación de chan rústico de protección de espazos naturais:

- **Barra, Cabo Home,** 1.052 ha.**,** dende Punta Area Brava a Punta Balea. Concello de Cangas.
- **Carballeira de Coiro**, 542 ha., nos concellos de Cangas, Bueu e Moaña.
- **Montes do Morrazo,** 3.734 ha. Concellos de Moaña, Marín e Vilaboa.
- **Coto Redondo**, 547 ha., nos concellos de Vilaboa e Marín.
- **Mar de San Simón,** 2.466 ha. Concellos de Vilaboa, Pontevedra, Soutomaior e Redondela.
- **Illas Cíes**, 474 ha., na ría de Vigo e pertencentes ao concello de Vigo.
- **Foz do Miñor**, 202 ha., nos concellos de Nigrán e Baiona.
- **Serra do Argallo**, 6.880 ha. Concellos de Baiona, Oia, Gondomar, Tomiño, O Rosal e A Guarda.
- **Esteiro do Miño**, 1.497 ha., nos concellos do Rosal e A Guarda.

### Ameazas ambientais

A situación ambiental da zona está influída pola intensidade dos asentamentos humanos e do uso do litoral; cabe diferenzar a Ría de Vigo, moito máis antropizada, e a área costeira do Baixo Miño, con menor impacto.

Entre os ataques ambientais cabe mencionar:

- A presión humana sobre o litoral -construción e urbanización excesiva, proliferación de instalacións portuarias, recheos e portos deportivos- que leva á destrucción física dos fondos, á ocupación da lámina de auga e ao aumento do tráfico marítimo, o que provoca unha profunda afección ambiental con repercusión na produción de especies comerciais, tanto de pesca como de marisqueo.

- A contaminación orgánica como codayuvante xunto con causas naturais na aparición das mareas vermellas que impiden a comercialización acuícola e marisqueira.

- A inexistencia ou insuficiencia no saneamento dos núcleos urbanos, a proliferación de polígonos industriais e a ausencia de depuración específica, a instalación da industria de construción de barcos e o desguace na beira do mar e no interior da ría, xunto coa aportación de contaminantes pola escorrentía, augas fluviais e derivacións de augas pluviais provintes de viais, estacións de combustible, etc., propician un incremento da

contaminación, que é máis grave no caso dos contaminantes persistentes e metais pesados polo traspaso a través da cadea trífica.

- A privatización do dominio público, a causa dos usos deportivos, os recheos, a influenza submarina dos emisarios das depuradoras e os dragados limitan a superficie de explotación de recursos.

- crecemento do tráfico marítimo e das instalacións portuarias provoca unha contaminación acústica inédita ata o momento cunha forte afección para as poboacións de especies mariñas, aínda sen avaliar suficientemente.

- A sobre explotación dos recursos mariños pon en perigo a súa comercialización, así como ao resto das especies da cadea trófica que dependen dos mesmos.

- As capturas accidentais de aves e mamíferos mariños teñen un forte impacto sobre estas especies e poden chegar a supoñer unha ameaza para algunha delas.

- A propia actividade pesqueira e acuícola contén prácticas que poden ter efectos negativos sobre o medio e inciden sobre a biodiversidade e produtividade do conxunto do sector, tales como a introdución deliberada ou accidental de especies foráneas, a falla de limpeza de detritos orgánicos, ou o vertido ao mar de restos da alimentación e antibióticos subministrados aos peixes de granxa.

- A intensidade do tráfico marítimo da ría supón unha ameaza continua polo risco de verteduras e accidentes. O Prestige foi o grande desastre ambiental marítimo dos últimos anos, afectando moi negativamente a toda a costa do ámbito deste GAC, sobre todo á de Oia e ás Illas Cíes. A recuperación ambiental aínda non está suficientemente avaliada, anque, algunhas áreas e especies non terán unha doada recuperación.

- Os proxectos de infraestruturas industriais e de comunicación, como o Plan Vigo Integra, que implicarán máis erosión do chan, perda de terra fertil, fragmentación do territorio, separación entre casas e aldeas, desaparición de xacimentos arqueolóxicos, cursos e augas subterráneas, etc. As Directrices de Ordeación do Territorio de Galicia, tamén en fase de tramitación en este momento tamén poderían provocar un importante aumento da presión urbana sobre o estado natural do litoral e os recursos.

### Ameazas concretas presentes en plans actualmente en curso

Entre as ameazas concretas ao medio ambiente que poderían afectar seriamente aos recursos pesqueiros atópanse as propostas feitas nos plans acuícola, plan director de portos deportivos de Galicia e plan de ampliación do porto de Vigo. Estas serían as afeccións na zona do presente GAC:

- Plan Acuícola:

Afeccións das propostas realizadas dentro do Plan Sectorial de Parques de Tecnoloxía Alimentaria Revisado (Plan Galego de Acuicultura), foi aprobado polo Consello da Xunta o 28 de agosto de 2008:

-Parque nº 1 Orelludas (Santa María de Oia), 75.000 m$^2$. Parque de nova creación de 525 Tm/ano.
-Parque nº 2 Mougás (Santa María de Oia), 88.000 m$^2$. Ampliación de instalacións xa existentes con graves ilegalidades urbanísticas con 616 Tm/ano.
-Parque nº 3 Punta dos Patos (Cangas), 34.000 m$^2$. Ampliación de instalacións xa existentes de 238 Tm/ano.

Entre as afeccións máis salientables dos parques piscícolas están:
Elevado volume de residuos orgánicos (peixes mortos, restos de pensos, parasitos etc.); e químicos (reactivos , antibióticos, deterxentes de limpeza de tanques, etc.), que supoñen importantes variacións no Ph e na concentración de osíxeno e nitróxeno, entre outros efectos aínda non suficientemente estudiados.

- Plan Director de Portos Deportivos:

Propostas concretas na zona presentes no Plan director de Portos Deportivos, a fase de exposición pública rematou en xullo de 2008:

**Baiona**: - Proposta de 340 amarres, recheo destrutivo e inxustificado, afección a praias.
- Proposta de 300 amarres imposible aumentar máis prazas na zona delimitada.
- Proposta de 495 amarres, concesión da confraría de Baiona con impacto na praia da Barbeira.

**Panxón**: -Proposta de 43 fondeos, interferencia con fondeos tradicionais a menos de 100 m da praia de Panxón e polígono de dimensión brutal e protección limitada sobre concesión marisqueira. O propio plan considera alta a interferencia sobre os recursos pesqueiros e marisqueiros.

**Canido**: - Proposta de 45 fondeos, interferencia con fondeos tradicionais; fondeo masificador pechando praia; actividade pesqueira en inmediacións; o propio plan recoñece interferencia sobre os recursos pesqueiros e marisqueiros.

- Proposta de 80 prazas mariña seca actuación bastante correcta.

**Bouzas**: -Proposta de 430 amarres, actuación privatizadora de volume excesivo; a propia actuación pecharía a bocana de entrada.

**Vigo (Náutico)**: -Proposta de 600/1.000 amarres aberración absoluta con gran impacto sobre as correntes xerais da ría; 342.300 $m^2$ de ocupación.
-Proposta de 100 prazas mariña seca.

**Etea (Teis)**: -Proposta de 250/1.000 amarres; outra aberración, calado insuficiente, destrución da praia de Teis de gran riqueza marisqueira; 155.550 $m^2$ de ocupación de lámina mariña

**Chapela**: -Proposta de 640 amarres con recheo de 5.850 $m^2$ destrutivo e inxustificado nº brutal de amarres con afección ás praias lindantes; 55.050 $m^2$ de lámina mariña ocupados.

**San Adrián**: -Proposta de porto deportivo de nova implantación de 450 amarres; Situado sobre LIC. O propio plan considera alta a interferencia sobre espazos protexidos. Recheo destrutivo de 3.700 $m^2$ en LIC; nº brutal de amarres; forte impacto paisaxístico e na actividade pesqueira na zona. O propio plan estima elevada a interferencia sobre os recursos pesqueiros e marisqueiros; 51.650 $m^2$ de lámina mariña ocupados.
-Proposta de 80 amarres. Situado sobre LIC; afección á costa e forte impacto paisaxístico. O propio plan considera alta a interferencia sobre os recursos pesqueiros e marisqueiros; 12.500 $m^2$ de lámina mariña ocupados.

**Latón (Moaña)**: -Proposta de porto deportivo de nova implantación de 400 amarres; destrución de praia. O propio plan estima elevada a probabilidade de interferencia sobre a dinámica litoral; nº brutal de amarres; necesaria obra maior sobre concesión marisqueira; 49.100 $m^2$ de lámina mariña ocupados.
-Proposta de 100 prazas; mariña seca sobre 5.900 $m^2$ de novo recheo sobre concesión marisqueira.

**Moaña**: -Proposta de 50 amarres (ampliación do porto deportivo actual) sobre concesión marisqueira; nº amarres xa excesivo na actualidade.
-Proposta de 360 amarres (O Con) sobre concesión marisqueira; calado insuficiente, zona pedregosa; recheo brutal de 10.850 $m^2$ sobre arrecife marisqueiro; nº brutal de amarres que destruiría praia.

**Cangas**: -Proposta de 555 amarres (290 novos) sobre concesión marisqueira; interfire co transporte de ría; calado insuficiente; nº amarres xa excesivo na actualidade; eliminaría o porto tradicional.
-Proposta de 100/125 prazas mariña seca sobre concesión marisqueira; marina seca sobre novo recheo de 5.350 m²; afectaría á serea de Cangas; calado insuficiente que afectaría a desembocadura de río (a menos de 80 m ).
-Proposta de porto deportivo de nova implantación 420 amarres (O Salgueirón); ocupa e*spazo natural 6 Barra-Cabo de Home*; obra de gran envergadura moi destrutiva situado sobre concesión marisqueira; impacto visual inadmisible; recheos brutais (11.200 m² e 8.550 m²); destrución de praias; importante afección ás correntes; dragados destrutivos en fondo rochoso; parte de chan rústico de protección de espazos naturais; moi pouco calado; tramitación ilegal; uso non acorde con planificación urbanística; plan de usos non aprobado.

**Aldán**: -Proposta de porto deportivo de nova implantación de 175 amarres sobre concesión marisqueira; actuación dura de construción sobre área de 25.700 m²; forte impacto paisaxístico e afección a praias. O propio plan considera alta a probabilidade de interferencia sobre a dinámica litoral e a praia de Arneles xa con actual problema de basculamento; interferencia con actividade acuícola; situado sobre banco marisqueiro e concesión. O propio plan estima elevada a interferencia sobre os recursos pesqueiros e marisqueiros; uso non acorde con planificación urbanística e a actividade pesqueira na zona.
-Proposta de 50 prazas mariña seca; mariña seca en dominio público; impacto visual inadmisible e interferencia con actividade acuícola e portuaria.

- Plan de ampliación do Porto de Vigo (Estudo Xeral de Planificación Portuaria/Marzo 2008). Depende dun Plan de Usos aínda non aprobado pero parte das obras xa se están realizando. Propostas concretas:

O Areal- recheos de 79.680 m²; O Berbés- recheos de 22.353 m²; Bouzas- recheos de 83.024 m²; Chapela/Pescanova- recheos de 5.000 m2 e dragado en zona marisqueira de 30.000 m² (xa en curso de execución); Plan Nouvel/Zona central A Laxe- Prolongación de peirao trasatlántico e ampliación do Náutico de Vigo. 342.480 m² de área de actuación; Punta Chapelisa- Fase 1- 17.038 m² de recheos; Fase 2 - 4.156 m² de recheos; Duchess- Rande- 31.000 m² de recheos en plena Rede Natura (traballos xa iniciados en terra).

## Localización dalgúns puntos "negros" no territorio GAC

A continuación presentamos un MAPA indicando a localización dalgún punto problemático de forte impacto ambiental na Ría de Vigo[5] como mostra de que as ameazas esténdense por toda a costa:

Punto 0.- O MAR, no seu conxunto, tal e como se menciona en parágrafos anteriores: contaminación por augas fecais, con vertidos de depuradoras deficientes, metais pesados, clorobifenoles, hidrocarburos aromáticos, etc.

Punto1.- Monteferro, A Foz do Miñor: depuradora deficitaria e PXOUM insostible. Conxunto de ameazas para esta zona sensible da ría de Vigo que provocan, en moitos casos, o peche das zonas marisqueiras.

Punto 2.- Canido: proposta de porto deportivo



Fonte: Elaboración Propia

Punto 3.- Depuradora do Lagares: verte ao día 85 millóns de litros de auga sen depurar. O proxecto actual de nova macrodepuradora contradí estudos que recomendan pequenas depuradoras en cada cunca interconectadas entre si.

Punto 4.- Ampliación recheos portuarios de Bouzas.

Punto 5.- Urbanización da Laxe e ampliación Porto de Cruceiros en Vigo.

Punto 6.- Teis: porto deportivo ilegal e depuradora deficitaria-

Punto 7.- Chapela: aterramentos e verteduras de empresas.

Punto 8.- Rande: recheos, ampliación ponte, etc..

Punto 9.- Redondela: depuradora deficiente.

Punto 10.- Arcade: verteduras de empresas e depuradora deficitaria.

Punto 11.- Vilaboa: verteduras de empresas e depuradora deficitaria.

Punto 12.- Domaio: varadoiros, recheos e verteduras empresas.

Punto 13.- Moaña: plan urbanismo masificador e depuradora deficitaria.

Punto 14.- Cangas: depuradora deficitaria, proxecto de porto deportivo e urbanización de luxo en Massó, etc.

Punto 15.- Cíes: ampliación peirao de Rodas e aglomeracións.

5 Máis información en: http://www.salvemosmonteferro.org

### Sensibilización ambiental

A mala situación ambiental é tan evidente que se observa un aumento da sensibilidade ambiental na sociedade, malia que esta non é xeralizable a todas as persoas, nin a todos os colectivos nin a todos os temas.

En relación ao sector produtivo compre incidir na mellora da sensibilidade ambiental e poñer en marcha mecanismos para evitar a contaminación de diversos tipos: reparacións, aceites, calidade das augas nos portos, residuos sólidos, restos de aparellos, etc.

## I.2.8.- PATRIMONIO MARÍTIMO

O patrimonio marítimo é unha creación sociocultural que pode definirse como *"a totalidade das manifestacións vencelladas á actividade marítima dos homes e mulleres da beiramar ao longo do tempo, manifestacións que están inseridas na paisaxe do litoral e no propio medio mariño, que a súa vez forma parte do patrimonio natural"*[6].

O patrimonio, ademais dos elementos materiais e inmateriais, está integrado de forma especial pola memoria colectiva, histórica e actual, dos conflitos de clase derivados das particulares relacións sociais das actividades pesqueiras.

Basta con mencionar a defensa do mar que as confrarías de pescadores, bateeiros e outros colectivos, fixeron no caso do *Prestige*, ou o combate dos mariñeiros de Cangas e A Guarda polo peche do *Caladoiro Canario-Sahariano*.

As experiencias colectivas na explotación dos recursos e o asociacionismo mariñeiro son moi antigas. Un exemplo son os *Gremios do Mar* que no *Antigo Réxime* pescaban sardiña coa arte do "Cerco Real" que consistía en panos de rede que aportaba cada pescador, ou as *Asociacións* de corte sindicalista e combativo de clase e os *Pósitos* de carácter máis corporativo e posibilista, apoiados pola administración, e convertidos nas *Confrarías de pescadores* na época da ditadura franquista.

O sindicalismo mariñeiro, no primeiro tercio do s XX, é unha das experiencias máis emblemáticas, e tristemente esquecidas, da clase traballadora. A finais do s XIX, o mar coñece un incipiente proceso de industrialización e entrada do capitalismo nas relacións sociais de produción. A entrada de sistemas de pesca foráneos, como as "traiñas ou cerco de xareta" usadas na pesca da sardiña, implanta un novo contexto social que agudiza o conflito tradicional pola explotación e reparto da riqueza pesqueira (*¡Abajo las traiñas, que roban nuestro pan, Rataplán, rataplán, rataplán*!; cantan os xeiteiros).

As asociacións dos pescadores e, paralelamente, as dos armadores, medran e se fortalecen chegando ao seu máximo apoxeo na II República. A potente *"Federación de Industria Pesqueira"*, integrada na CNT, acadaba máis de 17.000 mariñeiros en 46 portos, e nela estaban a *Alianza Mariñeira* de Cangas e *Solidariedade Mariñeira* de Moaña con 1500 afiliados cada unha. Organizacións combativas de clase, capaces de facer fronte aos abusos dos armadores (reivindicacións sobre os descansos semanais, os repartos das capturas e da riqueza xerada, a seguridade e hixiene, etc.) e resistir os "peches patronais" a pesar da ameaza real e recorrente da fame, das enfermidades e da represión política.

[6] Dionisio Pereira, *"O Patrimonio Marítimo Galego: un diagnóstivo actual". Revista* ADRA. 2007.

Dende hai anos, investigadores e colectivos, tentan sacar á luz e dignificar esta particular dimensión do traballador do mar, que rematou có golpe militar do ano 1936, cós asasinatos sistemáticos dos dirixentes e cadros sindicais e a represión de familiares na época da ditadura franquista. Lugares coma o *"Anguieiro"* no alto da Portela (Cangas) ou a *"Enseada da Bombardeira"* (Baiona) tamén chamada a *"volta dos nove*", forman parte do patrimonio na honra dos homes que alí foron masacrados.

No seu conxunto, o patrimonio marítimo galego está ameazado. A maior parte das actuacións de corte proteccionista, públicas e privadas, feitas nas derradeiras décadas centráronse nos recursos rurais (muíños, hórreos, casas labregas, etc.) mentres na costa, a urbanización, o turismo residencial, as infraestruturas, o abandono paulatino das actividades produtivas do mar e o desinterese por parte da poboación e a administración, fixo que desapareceran de forma sistemática elementos patrimoniais noutra hora esenciais na actividade socioeconómica das comunidades costeiras.

A situación vaise salvando grazas ao esforzo de asociacións, moitas delas integradas na *Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial*, particulares e algunha administración, que traballan por conservar e recuperar embarcacións, aparellos, edificacións, coñecementos técnicos e populares.

A poboación, en xeral, e a administración local, en particular, descoñece e, incluso, despreza o seu patrimonio; a pesar das experiencias de moitos países (Escandinavia, Países Baixos, USA, Gran Bretaña, Francia, etc) que mostran que o investimento en valorización patrimonial é rendible e capaz de xerar emprego (ver exemplos das páxinas web: www.europeans.maritime-heritage.org; www.culturamaritima.org; www.carpinteriasderibeira.org; www.cetmar.org ).

Dionisio Pereira sinala, no artigo xa mencionado, a existencia de 23 categorías de patrimonio inmobiliario, 34 de mobiliario e 17 de inmateriais; ademais das subseguintes divisións internas.

CATEGORÍAS PATRIMONIAIS: Un breve repaso sistemático nos daría as seguintes categorías patrimoniais:

- BENS CULTURAIS INMOBLES
  - Saíñas, alfolís e casetos do sal
  - Arquitectura industrial (almacéns de salga e vivendas anexas, fábricas de conserva, factorías baleeiras, telleiras, caleiras, fábricas de curtimes...)
  - Asentamentos costeiros e fachadas marítimas das cidades e vilas do litoral
  - Arquitectura popular:

- Vivenda mariñeira
  - Construcións adxectivas (tendais, loxas, alboios e pías para encascar, secadoiros de peixe, cañeiras para o argazo ou balumada, casetos)
  - Muíños de maré
- Elementos de paso (sendas costeiras, pasos ou pasais...)
- Valados das agras costeiras
- Estaleiros, varadoiros e carpinterías de ribeira
- Espazos de acuicultura (ostreiras, cetáreas, viveiros...)
- Pesqueiras ou comboas
- Arquitectura portuaria (portos, peiraos, diques, dársenas, embarcadoiros, ramplas de varada, espigóns...)
- Outras construcións portuarias (almacéns, lonxas, cargadoiros de mineral, chabolos, depósitos de auga)
- Malecóns
- Edificios urbanos vencellados ás actividades marítimas (Pescaderías, Aduanas, edificios de Confrarías ou Pósitos de Pescadores, Balnearios e Casas de Baño...)
- Faros, semáforos e sinais diversas (luces, farois, marcas de enfilación, sinais de milla...)
- Estacións de Salvamento e Socorrismo
- Casas de prácticos
- Lazaretos
- Arquitectura militar (castelos, Arsenal, torres, murallas marítimas, baterías, fortíns, cuarteis...)
- Arquitectura relixiosa (santuarios con devoción mariñeira, ermidas...)
- Cemiterios mariños
- Espazos de vixiancia (atalaias, fachos, vixías, garitas, torreóns...)
- Espazos de sociabilidade das comunidades de xentes do mar
- Espazos forestais reservados á construción naval (Devesas do Rei)

- BENS CULTURAIS MOBLES

  - Artes de pesca e marisqueo
  - Trebellos de pesca e marisqueo (a flote, mergullo...)
  - Trebellos de cabotaxe e actividades marítimas diversas
  - Instrumental de navegación
  - Elementos e útiles de comunicación
  - Vestimenta e calzado
  - Cestería
  - Tonelería
  - Embarcacións

    - Pesca e marisqueo
    - Cabotaxe e transporte de ría (viaxeiros, mercadurías...)
    - Transporte alta mar
    - Deportivas e lecer
    - Mariña de Guerra
    - Salvamento
    - Servizo de porto
    - Dragas e barcazas
    - Barcos alxibe
    - Barcos escola
    - Cableros
    - Auxiliares
    - Barcos de río (pesca, recreo, transporte, pasaxe...)
    - Barcos históricos
    - Submarinos
- Pecios (embarcacións e obxectos que transportaban)
- Bateas
- Utillaxe das bateas
- Ferramenta das carpinterías, velarías e cordoerías
- Ferramenta dos toneleiros
- Maquinaria e utillaxe dos estaleiros
- Útiles das atadeiras e redeiras
- Trebellos para apañalo argazo
- Utillaxe empregado nos almacéns de salgazón
- Utillaxe e maquinaria das fábricas de conserva
- Utillaxe das actividades de salvamento (a flote, mergullo)
- Utillaxe empregado na recollida do piche
- Maquinaria e utillaxe portuario (pequenos guindastes, carretillas...)
- Boias
- Mecanismos de varada(chigres, rodos....)
- Mobiliario dos Balnearios e Casas de Baño
- Representacións visuais e sonoras diversas:
    - Cadros, gravados e deseños
    - Fotografías
    - Maquetas e xoguetes
    - Diaporamas
    - Cinema, vídeo e TV
    - Discografía e gravacións diversas

- Cartografía, derroteiros e cadernos de a bordo
- Documentación diversa:
    - Fretes e contratos

        - Planos de embarcacións
        - Contabilidade de casas armadoras, estaleiros e diversos establecementos industriais
        - Estatísticas portuarias
        - Regulamentos e documentación de Gremios, Confrarías, Pósitos e asociacións mariñeiras, (patronais ou de clase) ou de outras entidades relacionadas co mar.
        - Patrimonio documental da Armada referido a Galiza
        - Marcas de pesca
        - Bibliotecas e arquivos de axentes sociais vencellados ás actividades marítimas
        - Memorias escritas por persoas vencelladas ás actividades marítimas
    - Xornais e publicacións relacionadas co mundo do mar
    - Bibliografía marítima
    - Iconografía mariñeira:
        - Petroglifos
        - Exvotos
        - Imaxes relixiosas
        - Cruces de afogados
        - Altos e baixos relevos
        - Esculturas e tallas
        - Decoración das embarcacións
        - Decoración dos inmobles
        - Elementos decorativos diversos
        - Marcas de familia
        - Maios de barcos
    - Litografías impresas nas latas de conserva
    - Publicidade diversa (cartelería, folletos, formularios, spots, cuñas de radio...)

- BENS CULTURAIS INMATERIAIS
    - Tradición oral (romanceiro, contos, lendas, refráns, adiviñas, cancioneiro...)
    - Folclore (danzas, representacións...)
    - Creacións literarias vencelladas ao mar
    - Sistemas de reparto
    - Unidades de medida
    - Toponimia costeira e hidrotoponimia (de superficie e subacuática)
    - Falas
    - Técnicas de traballo:
        - Pesca, marisqueo e cultivos mariños

        - Pequeno e grande cabotaxe
        - Actividades de conservación, transformación e transporte do peixe, marisco e algas
        - Confección e reparación de aparellos e utillaxe
        - Construción naval (carpintería, velaría, metalurxia, cordolería e cabullería...)
        - Navegación
        - Mergullo
        - Estiba e desestiba
        - Servizo de porto
        - Vixiancia e sinalización
        - Salvamento e socorrismo
        - Varada
        - Recollida de piche
        - Artesanato vario (cestería, roupa de augas, tonelería, zoqueiros...)
        - Maquetismo
    - Hábitos das xentes do mar (vida cotiá, xogos, sociabilidade...)
    - Gastronomía
    - Ritos e crenzas (mitoloxía, simboloxía, relixiosidade...)
    - Festas e celebracións (regatas, procesións marítimas...)
    - Sistemas de reprodución de coñecementos (planes de estudos de escolas pesqueiras, náuticas, construción naval, mergullo).
    - Asociacionismo mariñeiro e naval:
        - Gremios
        - Confrarías de pescadores
        - Agrupacións mariñeiras (para o traballo colectivo, de defensa, benéficas, socorros, etc.) e de mariscadores
        - Colectivos de armadores e navieiros
        - Sindicatos (pescadores, mariñeiros, estibadores, traballadores/as do porto, da conserva e salgado, etc.)
        - Asociacións de fabricantes de conserva e salgazón
        - Agrupacións de constructores navais
        - Clubs náuticos e deportivos
        - Sociedades de Salvamento
        - Mutuas de Seguros Navais
    - Ciencias do mar (historia, etnografía, antropoloxía, lingüística, bioloxía ...)
    - Historia marítima (navegación, historia da pesca, dos movementos sociais no mundo do mar, da emigración, das relacións comerciais...)
    - Intercambios con outras culturas marítimas
    - Protección do medio mariño
    - Construción da paisaxe do litoral

No territorio do *GAC Ría de Vigo-Baixo Miño*, a iniciativa privada levou a cabo a restauración dalgúns edificios para destinalos a outras actividades económicas (Ex: *A Casa de Aldán*, antiga fábrica de salga en Aldán-Cangas ou a *Casa de Couso* no Hío-Cangas), pero moitos están ameazados pola especulación urbanística e o cambio de actividades que desvirtúa totalmente a súa orixe e o contorno no que está ubicado (Ex: Fabrica Massó-Cangas e Curbera-Hío). A estas actuacións hai que engadir a existencia de *Plans de Proteción e recuperación de cascos históricos* (PEPRI) que tentan manter a fisionomía de rúas e fachadas tradicionais das vilas mariñeiras (Ex: Cangas).

Noutro eido de actuacións, a *Asociación Meiramar-Axouxeres de Moaña* recuperou no acceso ao porto de Meira unha antiga "carreira" ou "fábrica de fíos", que atendía a mediados do s XX a demanda de redes e nasas. O *Instituto de Estudos Miñoranos* leva feito traballos de recuperación de toponimia e hidrotoponimia no contorno do Baixo Miño e Ría de Vigo. Varias asociacións culturais como a *Agrupación Cultural Nós* de Moaña e *A Cepa* de Cangas, e outros colectivos veciñais, desenvolven unha inxente labor de recuperación etnográfica e investigacións ao redor da historia, cultura, economía e sociedade das xentes do mar; as que se unen a recuperación fotográfica realizada pola *Federación Galega de Confrarías de Pescadores* e o *Museo do Mar de Galicia*.

Unha mención especial é o proceso de recuperación de "embarcacións tradicionais ou de interese patrimonial", así como outros elementos culturais, que realizaron as *Escolas Obradoiro* (Moaña, Cangas, etc) e as asociacións como *Mar da Pedra-amigos das gamelas* (Cangas) que leva anos traballando na recuperación da "gamela coruxeira" que, xunto á "gamela guardesa", son tipoloxías de **embarcacións únicas no mundo**: A primeira distribúese dende a Ría de Aldán ate Oia e a segunda dende A Guarda ate Viana do Castelo en Portugal. Estas embarcacións están en situación de franco retroceso e incluso perigo de desaparición debido ao troco do sistema extractivo.

No traballo de catalogación realizado pola *Asociación Mar da Pedra*, no proxecto Estella-Equal (2003) contabilízanse unhas 200 gamelas, distribuídas en 20/25 puntos ao longo da Ría de Vigo, dende o extremo norte da Ría de Aldán ao sur de Oia (www.geocities.com/mardapedra ), coa seguinte localización:




* datos incompletos

**Gráficos: Gamela Coruxeira. Estado, uso e características**










| | MIN | MEDIA | MAX |
|---|---|---|---|
| ESLORA TOTAL | 3,00 | 4,26 | 5,72 |
| ESLORA QUILLA | 1,65 | 2,71 | 3,75 |
| MANGA | 1,43 | 1,71 | 2,14 |
| PUNTAL | 0,31 | 0,47 | 0,67 |

A *Asociación Sueste* (Moaña) tamén traballa pola conservación do patrimonio e a difusión dos coñecementos da "carpintería de ribeira"; recuperando recentemente o galeón *"Eliseo"*; barco de cabotaxe característico das Rías Galegas (www.sueste.org). O concello de Moaña tamén se suma a esta lista de actuacións coa organización da *Semana do Mar* onde se realizan, entre outras, actividades formativas e difusión da cultura marítima.

A pesar destas accións, e outras non mencionadas, a ameaza avanza a pasos axigantados: aprobación de PXOUMs de corte expansivo e insostibles dende o punto de vista da valorización dos recursos locais, construción de novas infraestruturas e equipamentos, actuacións de *Portos de Galicia* que estende as desfeitas nos portos e peiraos e privatiza láminas de auga para a náutica turística allea ao contexto local, ou o *Plan Galego de Acuicultura* que ameaza zonas moi sensibles da actividade e cultura marítima.

A estas ameazas ao conxunto do patrimonio marítimo, sumanse as particulares de cada elemento que no caso de embarcacións (gamelas, botes, bucetas, dornas, faluchos, galeóns, pataches, vapores, etc.) podemos resumir en:

- Falta dun censo, dun rexistro de embarcacións e dunha normativa proteccionista específica coa se poida chegar a declarar como "monumento" ou BIC a un barco de interese patrimonial.
- A inclusión na 7ª Lista de náutica convencional, sen discriminación positiva para os seguros, amarres ou taxas; a pesar dos elevados custes do seu mantemento.
- A aplicación das Directivas Comunitarias e da *Dirección Xeral da Mariña Mercante* (Circular 7/95) sobre seguridade para barcos de recreo convencional, o que conleva a modificación da estrutura orixinal dos barcos ou a ilegalización.
- Trabas para recuperar barcos que se dan de baixa nos *Programas de redución de Flota Pesqueira* da Unión Europea para pasar a actividades culturais e recreativas.
- Desaparición de praias de uso tradicional para as gamelas e outras embarcacións menores de pesca artesanal; así como, a ausencia de lugares adecuados onde gardar ferramentas e aparellos.
- Esmorecemento e abandono de actividades e artes extractivas tradicionais.
- Morte de persoas con coñecementos técnicos de construción, navegación, etc.
- Desconsideración e descoñecemento por parte da poboación local có agravante de non existir unha normativa que a protexa.

O patrimonio marítimo pode ser un recurso socioeconómico con capacidade para crear emprego e riqueza nas comunidades costeiras mediante estratexias de conservación, revalorización de elementos patrimoniais e de incremento do coñecemento e sensibilidade social cara o patrimonio. Para elo terá que ampararse nas propias fortalezas e aproveitar oportunidades como:

- A transferencia das experiencias de valorización patrimonial consolidadas noutras zonas e países (Escandinavia, Gran Bretaña, Países Baixos, Francia, etc)
- Os proxectos de investigación e estudos sobre o patrimonio que realiza a comunidade universitaria, particulares e colectivos.
- As investigacións e aplicacións de novos materiais e tecnoloxías adaptadas á recuperación de recursos culturais.
- A experiencia e cooperación de asociacións por medio da FGCMF e outras redes de intercambio.
- A crecente demanda por parte de determinados colectivos de actividades culturais respectuosas coa tradición e o medio natural.

# II.- DIAGNÓSTICO (DAFO)



## INTRODUCIÓN.-

Partindo dos datos expostos na descrición socioeconómica e territorial podemos realizar un análise DAFO do ámbito de actuación que se expresa a continuación, desagregando o sector pesqueiro do contexto socioeconómico xeral.

## II.1.- TERRITORIO, POBOACIÓN E ESTRUTURA ECONÓMICA

### DEBILIDADES

- A elevada presión demográfica sobre o territorio costeiro, froito da dispersión poboacional e dunha ineficaz ordenación do territorio, favorece a contaminación ambiental e paisaxística e conleva o incremento do custo na dotación de servizos.
- Insuficiencia das redes de infraestruturas e equipamentos básicos que inciden na calidade de vida e no tecido produtivo.
- O illamento social e a recepción de poboación externa (xente que deixa núcleos urbanos para asentarse no medio rural e inmigrantes) provocan unha perda de identidade colectiva e un desligamento do contexto tradicional local.
- Existe unha escasa vertebración social, en gran parte motivada pola falta de espacios comúns.
- Baixo nivel formativo da poboación global en relacion á media galega.
- Intenso proceso de terciarización que desenvolveu fundamentalmente un sector servizos ligado ao comercio tradicional, con forte competencia, e moi dependente das variacións dos niveis de renda da poboación local.
- Mercado laboral inestable e precario, especialmente no colectivo de mulleres e mozos, con forte compoñente estacional.
- Existe unha boa capacidade emprendedora que permite rentabilizar os mercados dun xeito inmediato, pero pola contra non se da unha cultura empresarial baseada en estratexias empresariais a medio-longo prazo.
- Baixa repercusión social da riqueza xerada polo tecido empresarial que xenera a maior porcentaxe de valor engadido da zona, é dicir, non hai canles de retorno social da riqueza xerada.
- Elevados custes de explotación que afectan as micro e pequenas empresas que conforman máis do 70% do tecido empresarial.
- Gran dependencia de factores externos nas actividades económicas que conforman o núcleo duro da estrutura empresarial (automóbil, naval, etc.).

**AMEAZAS**

- Degradación ambiental a causa da forte presión demográfica e urbanística que pode traducirse no esgotamento e perda de calidade dos recursos, na destrucción de hábitats e na transformación da paisaxe.
- Perda de coñecementos culturais tradicionais e da identidade colectiva, o que poderá supor unha desvinculación coa realidade do contorno.
- Merma de espazos de convivencia colectiva tradicional e ruptura de redes sociais tradicionais de cooperación.
- Xeración de actitudes insolidarias e individualistas.
- Forte dependencia da economía internacional e da toma de decisións en ámbitos non locais pero que afectan directamente á estrutura económica do territorio.
- Modelo de organización territorial xerador de dinámicas insostibles.
- Escasa competitividade que favorece a deslocalización das empresas.
- Paulatino abandono dos sectores produtivos tradicionais; de difícil recuperación posterior.
- Desconexión de intereses entre os grandes investimentos de capital e a estrutura económica local (As grandes empresas impulsan o investimento público en grandes infraestruturas que en ningún caso están pensadas para favorecer ás pequenas e medianas empresas tradicionais).
- Baixo nivel da renda familiar e alto endebedamento provocan unha perda de poder adquisitivo, frean o consumo e poderán causar efectos negativos no sector terciario.
- Perda progresiva de patrimonio cultural (embarcacións, toponimia, coñecementos e técnicas, etc.).

**FORTALEZAS**

- O dinamismo demográfico asegura o reemplazo xeracional.
- A estrutura demográfica nova pode contribuír a favorecer o dinamismo socioeconómico e cultural do territorio.
- A crecente incorporación da poboación ao manexo das novas tecnoloxías da información faina permeable a unha difusión fluída de novos contidos.
- Nivel formativo elevado en determinados segmentos de poboación, con estudos profesionais, universitarios e especialidades en investigación.
- Forte sensibilización cara aos problemas que afectan á sociedade local que se reflicte nunha gran cantidade de experiencias reivindicativas. Esta característica permite, no seu caso, unha áxil resposta ós problemas colectivos que se poidan plantexar.
- Existe unha elevada masa crítica que se traduce nun forte mercado potencial.
- Gran coñecemento e especialización profesional en múltiples sectores.

- Algúns sectores amosan unha grande actividade innovadora a nivel mundial.
- Proximidade ós principais centros de investigación, tales como a Universidade de Vigo, o CSIC, etc.
- Presenza de centros de asesoramento para o desenvolvemento de iniciativas empresariais emprendedoras en cada concello.
- Considerable capacidade de xeración de valor engadido no conxunto da Ría de Vigo e contorno.
- Gran diversidade de recursos locais: sociais, naturais e culturais.

**OPORTUNIDADES**

- Vigo e o seu contorno é un polo de atracción de novas culturas e coñecementos resultantes da incorporación de novos residentes.
- Existe unha considerable contribución externa ó relevo xeracional e consecuente rexuvenecemento da poboación.
- A crecente sensibilización ambiental supón unha oportunidade para abordar os problemas de degradación do contorno.
- A crecente sensibilidade pola recuperación do patrimonio cultural, e as experiencias exitosas noutros lugares, pode ser unha vantaxe para abordar novos procesos de valorización de recursos en proceso de desaparición (cultura marítima, etc.).
- Trátase dunha poboación cunha forte tendencia á innovación o que supón unha interesante apertura a novas oportunidades.
- Gran potencialidade na aplicación de innovación en sectores productivos tradicionalmente pouco innovadores.
- Existe unha boa imaxe exterior do territorio GAC que potencialmente pode contribuír a valorizar os produtos.
- Investimento en tecnoloxía ambiental para a recuperación do contorno.
- Experiencias de valorización patrimonial.
- Accesibilidade ás axudas e subvencións da administración europea.
- Regulamentación internacional que posibilita a revalorización do contorno (UNESCO, etc.).
- Acceso ás redes internacionais de comunicación.
- Aproveitamento compatible dos recursos naturais e patrimoniais có desenvolvemento turístico, dada a actual diversificación da demanda turística.
- O desenvolvemento de bens e servizos na zona potenciado pola súa localización entre dúas importantes áreas metropolitanas (Vigo e Porto).

## II.2.- SECTOR PRODUTIVO DO MAR

### DEBILIDADES

- Altos custos de explotación na meirande parte das ramas de actividade con baixa capacidade de repercutir o impacto da suba en prezos de subministros. A forte dependencia económica da flota en temas coma o combustible e os altos custes merman de forma considerable a rendibilidade das operacións pesqueiras.
- Marcada diferenza entre o prezo en orixe e o prezo final ao consumidor, con baixa captación do valor engadido por parte do sector extractivo.
- Atomización e falta de concentración na oferta de produtos da pesca artesanal que dificulta controlar prezos e negociar con clientes en orixe.
- Dificultades de control da cadea de comercialización e na "trazabilidade" dos produtos.
- Competencia desleal de prezos nas diferentes actividades; con baixo nivel de renda por persoa.
- Dificultade no relevo xeracional en determinadas ramas de actividade.
- Complexidade do sistema formativo e excesivas normas para actividades tradicionais con baixo nivel de renda.
- Baixo consumo de produtos do mar en determinados segmentos de poboación; principalmente nas novas xeracións non costeiras.
- Falta de sistemas de xestión dos residuos das actividades no mar.
- Escasos controis sanitarios presenzais sobre produtos de importación.

### FORTALEZAS

- Boas condicións naturais, diversidade e alta calidade de produtos con elevada demanda no mercado.
- Condicións naturais axeitadas para o desenvolvemento de diferentes actividades extractivas e de acuicultura.
- Veteranía do sector en numerosas modalidades de pesca, marisqueo e acuicultura.
- Experiencia organizativa, reivindicativa e de xestión das diferentes pesquerías e actividades.
- Percepción por parte do consumidor da alta calidade dos produtos da ría de Vigo e contorno.
- Condicións naturais axeitadas para o desenvolvemento da acuicultura; como o mexillón
- Traballo profesional con elevada destreza no caso das redeiras.

**AMEAZAS**

- Incremento na competencia tanto de produtos pesqueiros doutras zonas como doutros produtos alimentarios.
- Competencia desleal de produtos de importación que non teñen o mesmo nivel de control sanitario que os produtos locais, e escasas medidas de control presenzal de ditos produtos.
- Contaminación do mar e o litoral no seu conxunto; con perda de zonas produtivas e reprodutivas por aterramentos e outras infraestruturas.
- Esgotamento de recursos.
- Perda de rendibilidade por elevación de custos non controlables polo sector: combustible, etc.
- Caída nos niveis de renda xeral da poboación, que poden provocar unha baixada na demanda global de produtos do mar.
- Incremento dos prezos finais ao consumidor por parte dos sectores comercializadores, alleos aos produtores, que poden levar a unha caída da demanda
- Riscos sanitarios que afectan as diferentes especies comerciais.
- As vantaxes comerciais que teñen produtos pesqueiros en Europa.
- A política de redución de flota da Unión Europea, supón perda de empresas e emprego.
- Intrusismo laboral na maior parte das actividades.

**OPORTUNIDADES**

- Estratexias de comercialización lideradas polo propio sector que permitan conquerir un maior valor engadido.
- Aproveitamento de subprodutos e novas especies non comercializadas ata o momento.
- Crecente diversificación na demanda de produtos do mar, tanto pola poboación nacional como internacional.
- Novos plans de explotación e especies de destino comercial.
- Experiencias na recuperación e rexeneración de fondos e bancos produtivos
- Axudas dirixidas directamente ao sector; no seu conxunto.
- No caso das redeiras, posibilidade de prestar servizos a outros sectores (acuicultura, deportes, etc.).

# TÁBOA-RESUMO DAFO XERAL

| **DEBILIDADES** | **AMEAZAS** |
|---|---|
| 1.- Elevada presión demográfica sobre o territorio costeiro, froito da dispersión poboacional e dunha ineficaz ordenación do territorio que favorece a contaminación ambiental e paisaxística e conleva o incremento do custo na dotación de servizos.<br>2.- Insuficiencia das redes de infraestruturas e equipamentos básicos que inciden na calidade de vida e no tecido produtivo.<br>3.- Illamento social e recepción de poboación externa provocan perda de identidade colectiva e desligamento do contexto tradicional local.<br>4.- Escasa vertebración social.<br>5.- Baixo nivel de formación en relcion ao resto de Galicia.<br>6.- Terciarización da economía, predominando comercio.<br>7.- Mercado laboral inestable e precario, fortemente estacional.<br>8.- Exigua cultura empresarial.<br>9.- Escasa repercusión social da riqueza xerada polo tecido empresarial, sen canles de retorno social da riqueza xerada.<br>10.- Estrutura empresarial atomizada e pouco dada á innovación.<br>11.- Gran dependencia de factores externos nas actividades económicas. | 1.- Degradación ambiental a causa da forte presión demográfica e urbanística que pode traducirse no esgotamento e perda de calidade dos recursos, na destrucción de hábitats e na transformación da paisaxe.<br>2.- Perda de coñecementos culturais tradicionais e da identidade colectiva, o que poderá supor unha desvinculación coa realidade do contorno.<br>3.- Merma de espazos de convivencia colectiva tradicional e ruptura de redes sociais tradicionais de cooperación.<br>4.- Xeración de actitudes insolidarias e individualistas.<br>5.- Forte dependencia da economía internacional.<br>6.- Modelo de organización territorial xerador de dinámicas insostibles.<br>7.- Escasa competitividade que favorece a deslocalización das empresas.<br>8.- Paulatino abandono dos sectores produtivos tradicionais.<br>9.- Desconexión de intereses entre os grandes investimentos de capital e a estrutura económica local.<br>10.- Baixo nivel da renda familiar e alto endebedamento provocan perda de poder adquisitivo, frean o consumo, e poderán causar efectos negativos no sector terciario.<br>11.- Desaparición patrimonio cultural |
| **FORTALEZAS** | **OPORTUNIDADES** |
| 1.- Dinamismo demográfico que asegura o reemplazo xeracional.<br>2.- Estrutura demográfica nova que contribuirá a favorecer o dinamismo socioeconómico e cultural do territorio.<br>3.- Crecente incorporación da poboación ao manexo das novas tecnoloxías da información: permeabilidade a unha difusión fluída de novos contidos.<br>4.- Segmentos de poboacion con alta formación-investigación.<br>5.- Forte sensibilización cara aos problemas que afectan á sociedade local que se reflicte nunha gran cantidade de experiencias reivindicativas; permitirá unha áxil resposta ós problemas colectivos que se poidan plantexar.<br>6.- Elevada masa crítica que se traduce nun forte mercado potencial.<br>7.- Gran coñecemento e especialización profesional nos diferentes sectores de actividade.<br>8.- Algúns sectores amosan unha grande actividade innovadora a nivel mundial<br>9.- Proximidade ós principias centros de investigación, tales como a Universidade de Vigo, o CSIC, etc.<br>10.- Presenza de centros de asesoramento para o desenvolvemento de iniciativas empresariais emprendedoras en cada concello.<br>11.- Considerable capacidade de xeración de valor engadido dos produtos polas características da zona.<br>12.- Gran diversidade de recursos locais: sociais, naturais e culturais. | 1.- Polo de atracción de novas culturas e coñecementos resultantes da incorporación de novos residentes (neorurais e poboación inmigrante).<br>2.- Considerable contribución externa ó relevo xeracional e consecuente rexuvenecemento da poboación.<br>3.- Crecente sensibilización ambiental: e cultural oportunidade para abordar os problemas de degradación do contorno.<br>4.- Poboación cunha forte tendencia á innovación o que supón unha interesante apertura a novas oportunidades.<br>5.- Gran potencialidade na aplicación de innovación en sectores productivos tradicionalmente pouco innovadores.<br>6.- Boa imaxe exterior do territorio GAC que potencialmente pode contribuír a valorizar os produtos.<br>7.- Investimento en tecnoloxía ambiental para a recuperación do contorno.<br>8.- Experiencias de valorización patrimonial.<br>9.- Accesibilidade ás axudas e subvencións da administración europea.<br>10.- Regulamentación internacional que posibilita a revalorización do contorno.<br>11.- Acceso ás redes internacionais de comunicación.<br>12.- Aproveitamento compatible dos recursos naturais e patrimoniais có desenvolvemento turístico, dada a actual diversificación da demanda turística.<br>13.- Desenvolvemento de bens e servizos na zona potenciado pola súa localización entre dúas importantes áreas metropolitanas (Vigo e Porto). |

## TÁBOA-RESUMO DAFO SECTOR DO MAR

| DEBILIDADES | AMEAZAS |
|---|---|
| 1.- Altos custos de explotación na meirande parte das ramas de actividade con baixa capacidade de repercutir o impacto de suba en prezos de subministros: por exemplo do combustible.<br>2.- Marcada diferenza entre o prezo en orixe e o prezo final ao consumidor, con baixa captación do valor engadido por parte do sector extractivo.<br>3.- Atomización e dispersión da oferta de pesca artesanal.<br>4.- Dificultades de control da cadea de comercialización e na "trazabilidade" dos produtos.<br>5.- Competencia desleal de prezos en actividades; con baixo nivel de renda por persoa e escaso control de clientes, etc.<br>6.- Dificultade no relevo xeracional en determinadas ramas de actividade.<br>7.- Complexidade do sistema formativo e excesivas normas para actividades tradicionais con baixo nivel de renda.<br>8.- Baixo consumo de produtos do mar en determinados segmentos de poboación; principalmente nas novas xeracións non costeiras.<br>9.- Falta de sistemas de xestión de residuos do mar.<br>10.- Poucos controis sanitarios presenzais de importacións | 1.- Competencia desleal, tanto de produtos pesqueiros de importación, con diferentes requisitos sanitarios e competencia doutros produtos alimenticios.<br>2.- Contaminación do mar e o litoral no seu conxunto; con perda de zonas produtivas e reprodutivas por aterramentos e outras infraestruturas.<br>3.- Esgotamento de recursos.<br>4.- Perda de rendibilidade por elevación de custos non controlables polo sector: combustible, etc.<br>5.- Caída nos niveis de renda xeral da poboación, que poden provocar unha baixada na demanda global de produtos do mar.<br>6.- Incremento dos prezos finais ao consumidor por parte dos sectores comercializadores, alleos aos produtores, que poden levar a unha caída da demanda<br>7.- Riscos sanitarios que afectan ás diferentes especies comerciais.<br>8.- Lexislación de redución de flota pesqueira<br>9.- Intrusismo laboral nas diferentes actividades. |
| **FORTALEZAS** | **OPORTUNIDADES** |
| 1.- Boas condicións naturais, diversidade e alta calidade de produtos do mar con elevada demanda no mercado<br>2.- Veteranía do sector en numerosas modalidades de pesca, marisqueo e acuicultura.<br>3.- Experiencia organizativa, reivindicativa e de xestión das diferentes pesquerías e actividades.<br>4.- Percepción por parte do consumidor da alta calidade dos produtos da ría de Vigo e contorno.<br>5.- Condicións naturais axeitadas para o desenvolvemento da acuicultura; como o mexillón.<br>6.- Traballo profesional con elevada destreza no caso das redeiras. | 1.- Estratexias de comercialización lideradas polo propio sector que permitan conquerir un maior valor engadido.<br>2.- Aproveitamento de subprodutos e novas especies non comercializadas ata o momento.<br>3.- Crecente diversificación na demanda de produtos do mar, tanto pola poboación nacional como internacional.<br>4.- Novos plans de explotación e especies de destino comercial.<br>5.- Experiencias en rexeneracion de fondos e bancos produtivos<br>6.- Axudas dirixidas directamente ao sector; no seu conxunto.<br>7.- No caso das redeiras, posibilidade de prestar servizos a outros sectores (acuicultura, deportes, etc.). |

# III.- ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN



## III.1.- CONSTITUCIÓN DO GAC E DEFINICIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO

O *Grupo de Acción Costeira da Ría de Vigo-Baixo Miño* naceu coa intención de promover a participación social no deseño do proceso de desenvolvemento socioeconómico que afecta ao seu territorio. A creación do GAC convertiuse nun elemento dinamizador e un laboratorio de aprendizaxe colectivo de metodoloxías e técnicas de planificación territorial.

Para a súa creación, constituiuse unha *Comisión Inicial de Coordinación,* ratificada pola *Asemblea Xeral* preparatoria que tivo lugar en Cangas o 22 de xullo. Dita Comisión integrouse inicialmente polas seguintes persoas e entidades:

- Xerentes e Técnicos da Fundación Comarcal O Morrazo, Fundación Comarcal O Baixo Miño e da Mancomunidade da Árez Intermunicipal de Vigo.
- Xerente da Confraría de Pescadores de Cangas
- Presidente da Coordinadora de Mamíferos Mariños (Cemma)
- Técnica Local de Emprego do Concello de Cangas.

A misión desta *Comisión de Coordinación* foi iniciar o proceso de difusión e creación do GAC. Para elo, aprobouse un método de traballo que tiña por principais eixes de acción a creación de *Mesas Sectoriais* e a comunicación mediante envíos postais, chamadas telefónicas, prensa e correos electrónicos das distintas convocatorias a todas as entidades susceptibles de pertencer ao GAC. Ao mesmo tempo, considerouse oportuno enviar información detallada de todo o proceso ao *Cetmar* e á propia *Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos*, cando se estimou necesario.

As *Mesas Sectoriais* (Pesca, marisqueo e acuicultura; Sindicatos, Empresarios, Ambiental, Muller, Sociocultural e Insitucional-Concellos) serviron como espazos de información, elaboración de documentos, debate e propostas de actuación. Os acordos de cada *Mesa Sectorial* difundíanse aos outros sectores mediante correo electrónico. Creándose así un autentico proceso de traballo colectivo.

Tódolos acordos sectoriais, eran postos en común pola *Comisión de Coordinación* e sometidos a debate e aprobación nas *Asembleas Xerais.*

Unha vez creadas as *Mesas Sectoriais*, o proceso concretouse en tres liñas de traballo esenciais (ver Anexo II):

- Elaboración dos **ESTATUTOS.**
- Elaboración do **PEIXE.**
- Constitución do **GAC.**

Para definir os traballos realizados nas diferentes *Mesas Sectoriais*, acordouse na *Asemblea Xeral* de setembro a creación de dúas Comisións: *Estatutos* e *PEIXE*; que se responsabilizaron da elaboración dos documentos que tiñan que ser debatidos nas *Mesas Sectoriais* de setembro-outubro e aprobados na *Asemblea Xeral Constituinte* do 9 de outubro.




A preparación do PEIXE, fíxose mediante a metodoloxía de diagnóstico social participativo *(Enfoque de Marco Lóxico e Programación por Obxectivos, principalmente),* partindo dunha análise cuantitativa dos datos socioeconómicos e territoriais, e análise cualitativa mediante o traballo nas reunións grupais da *Comisión Técnica* e o debate en *Mesas Sectoriais.* A utilización intensiva do correo electrónico foi crucial no proceso de participación colectiva e difusión dos distintos "borradores" a tódalas entidades interesadas en participar no GAC. Así propiciouse a incorporación de achegas individuais en todo momento.

Así mesmo dita documentación foi remitida regularmente ao CETMAR para que tivera constancia do proceso participativo que se estaba a seguir e, caso de consideralo oportuno, formular as súas recomendacións.

## III.2.- ESTRATEXIA

O Plan Estratéxico do GAC Ría de Vigo-Baixo Miño toma como referencia o *Eixo 4 do Fondo Europeo da Pesca* e o *Programa Operativo para a Pesca de España 2007-2013*, que busca o desenvolvemento sostible das zonas costeiras fomentando a competitividade do sector pesqueiro, a procura de alternativas socioeconómicas, a recuperación ambiental, a igualdade de oportunidades e a cohesión social. Ademais, de promover a cooperación e a difusión de boas prácticas no aproveitamento dos recursos das zonas costeiras.

Para a definición da Estratexia partiuse de dous documentos básicos:

**1.- Os Estatutos do GAC,** concretamente os artigo 4 e 5 *Obxectivos sociais e Actividades*; que determinan posibilidades de actuación.

2.- **A análise e Diagnóstico do territorio GAC (DAFO);** que determina prioridades de actuación.

1.- En relación aos Estatutos, os Obxectivos sociais e Actividades son os seguintes:

*Artigo 4..- O GAC ten como obxecto social servir de núcleo de converxencia e representación de todas as entidades e axentes socioeconómicos interesados no desenvolvemento integral e equilibrado do seu ámbito territorial de actuación, con especial referencia ao sector pesqueiro e os seus intereses, para acadar os seguintes obxectivos:*

*a) Constituír e decidir en todas as medidas, amparadas polo Eixe 4 do FEP, a selección das operacións que deban levarse a cabo polo sector privado e público, dentro da estratexia de desenvolvemento local establecida. Nomeadamente:*

*• Manter a prosperidade social e económica das zonas pesqueiras e ofrecer un valor engadido aos produtos da pesca, marisqueo e acuicultura.*

*• Manter e promover o emprego a través do apoio á diversificación ou reestructuración económica e social das zonas que se enfrontan a dificultades socioeconómicas debido á evolución do sector pesqueiro.*

*• Promover a calidade do medio costeiro.*

*• Promover a cooperación nacional e transnacional entre zonas pesqueiras.*

*b) Participar en cantas iniciativas locais, comarcais, autonómicas, estatais e internacionais que contribúan a potenciar o emprego e o desenvolvemento socioeconómico do sector pesqueiro da zona.*

*c) Servir ás entidades asociadas de centro receptor, canalizador e distribuidor de toda a información relativa ao campo de acción do desenvolvemento local, comarcal, autonómico, estatal e internacional.*

*d) A prospección e coñecemento das dotacións, recursos e proxectos existentes no territorio en cada momento.*

*e) Sensibilizar ás administracións, entidades públicas e privadas, así como as institucións comunitarias europeas co obxecto de poder optimizar o aproveitamento dos recursos endóxenos da zona para o seu desenvolvemento harmónico, equilibrado, sostible e integral.*

*f) Promover entre os asociados o intercambio de experiencias e metodoloxías de traballo no ámbito do desenvolvemento, así como a cooperación interrexional e transnacional con outras asociacións ou organizacións creadas ao abeiro do Eixe 4 do Fondo Europeo da Pesca.*

*g) Vertebrar os diferentes sectores socioeconómicos e constituír un foro de debate continuo sobre os problemas mariños, promovendo actividades de carácter informativo, de investigación, prevención e sensibilización, tendo como principais destinatarios o sector pesqueiro e, prioritariamente, as mulleres novas e colectivos desfavorecidos vinculados ao citado sector.*

*h) Concienciar á poboación e ás administracións da necesidade de protexer a integridade ambiental da costa e o medio mariño, tomando parte activa, mediante as actividades que se consideren convintes, a ser posible orixinais e innovadoras, potenciando, revalorizando e preservando os recursos naturais, culturais, históricos e artísticos da zona.*

*ARTIGO 5º.- Actividades*

*5.1.- Con carácter transversal a todas as actuacións executadas polo GAC, deberán:*

*a) Fomentar, impulsar, programar e colaborar en todo tipo de iniciativas locais, comarcais, autonómicas, estatais e internacionais que contribúan a potenciar o desenvolvemento socio económico da zona, defender a dignidade, calidade e estabilidade de emprego no sector produtivo, ou no emprego creado como resultado da diversificación do sector, facilitando o emprego múltiple para pescadores polo medio da creación de traballos adicionais fóra do sector pesqueiro, e influír e facer respectar a voz do sector nos factores que as fomenten.*

*b) Fomentar, impulsar, programar e colaborar en actuacións dirixidas á procura de valor engadido para os produtos da pesca, do marisqueo e da acuicultura.*

*c) Impulsar o exercicio profesional dirixido a fomentar a igualdade de oportunidades entre as mulleres e homes, ademais de desenvolver e aplicar tanto o coñecemento relativo ás relacións de igualdade de oportunidades humano-sociais, como ós servizos destinados a satisfacer as necesidades e aspiracións das mulleres, tendo en conta a promoción da igualdade de oportunidades.*

*d) Promover actividades de carácter informativo, de investigación, prevención e sensibilización, tendo como principais destinatarios o sector pesqueiro e, prioritariamente, as mulleres, mozos/as novas e colectivos desfavorecidos vinculados ao citado sector.*

*e) Fomentar, impulsar, programar e colaborar en actuacións dirixidas á protección do medio natural nas zonas pesqueiras co fin de manter o seu valor ambiental, a explotación dos recursos dun xeito sostible, e o seu atractivo; rexenerar e desenvolver os pobos costeiros de pescadores, así como participar nas actuacións de restablecemento do potencial produtivo do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola danado como consecuencia de posibles desastres naturais ou impactos ambientais derivados dos asentamentos e das actividades humanas.*

*5.2.- Para acadar os obxectivos, o GAC poderá desenvolver as actividades seguintes:*

*a) Accións de sensibilización do tecido socioeconómico e das administracións públicas das zonas, vinculadas á problemática, recursos, accións e proxectos que contribúan aos seus intereses de desenvolvemento, sobre todo aquelas que impliquen ao sector produtivo mariño.*

*b) Deseñar, planificar, coordinar e realizar actividades socioculturais, tales como seminarios, conferencias, xornadas, investigacións e estudos relativos á problemática do desenvolvemento integral da zona, así como editar, no seu caso, todo tipo de material en soporte escrito, audiovisual ou electro-ópticomagnético, de carácter especializado, didáctico ou simplemente divulgativo.*

*c) Solicitar ante calquera instancia e executar, no seu caso, a realización de calquera programa ou proxecto relativo á prevención de problemática e ao desenvolvemento zonal, xa sexa para executarse no ámbito local, autonómico, estatal ou internacional.*

*d) Deseñar, planificar, coordinar e executar cantas accións ou actividades sexan necesarias para acadar unha adecuada formación e posta ao día permanente de todos os colectivos socioeconómicos vinculados ao desenvolvemento zonal e, especialmente, das persoas vinculadas ao sector produtivo mariño.*

*e) Promover o intercambio de experiencias e metodoloxías de traballo, así como a procura de liñas de actuación conxunta con entidades análogas.*

*f) Realizar as actividades de intermediación ou colaboración na xestión das axudas (servir como entidade colaboradora, convocar e conceder axudas, seleccionar os proxectos, xestionar os pagos, facer un seguimento da execución, etc.).*

*g) Promover a defensa activa e conxunta dos valores ambientais e produtivos da zona fronte aos impactos ambientais derivados dos asentamentos e das actividades humanas.*

*h) Realizar cantas actividades poidan resultar conexas, antecedentes ou consecuentes das anteriores e que favorezan o desenvolvemento sostible do territorio conforme os obxectivos establecidos no artigo 44 do Regulamento CE 1198/2006 do Fondo Europeo de Pesca. Con carácter transversal a todas as actuacións executadas polo GAC.*

*i) Facilitar a análise e avaliación das actividades do GAC polo sector, entidades asociadas, participantes ou tecido social da zona.*

2.- Para concretar os *Obxectivos e Accións do Plan Estratéxico*, tomouse como punto de partida as vantaxes comparativas (fortalezas e oportunidades) do territorio, e as disfuncionalidades e/ou restriccións (debilidades e ameazas) que na análise DAFO se puxéron de relevo; coa posterior análise e aportación de propostas en Mesas Sectoriais.

Esquema resumo seguido:



**A Estratexia parte da seguinte consideración:**

## O MAR, PATRIMONIO DAS COMUNIDADES COSTEIRAS

O mar é o patrimonio esencial das comunidades costeiras. As actividades extractivas, a industria e servizos vencellados ao mar representan unha fracción importante da economía do territorio GAC que nos últimos anos vese ameazada pola evolución do mercado, a normativa sectorial e os impactos que as actividades humanas provocaron no ecosistema ao longo do tempo.

O territorio GAC ten o potencial creativo e organizativo necesario para deseñar, inventar e plantexar novos escenarios de desenvolvemento. Aspecto do que se deriva a súa riqueza cultural, tecnolóxica e a diversidade produtiva. As particularidades lingüísticas e os estreitos lazos culturais que caracterizan aos habitantes deste espazo territorial da costa sur de Galicia, confirman unha peculiaridade social con rasgos diferenciais.

Neste contexto, a ESTRATEXIA ten por **finalidade** conservar a pervivencia económica do sector pesqueiro mediante o fortalecemeno da súa competitividade e mellorando o potencial produtivo e a calidade ambiental dos eu ecosistema;a o temo que se buscan alternativas de diversificació coa valorización do patrimonio cultural.



## III.3. OBXECTIVOS DO PEIXE

### 1.- Relación de Obxectivos Específicos:

**Obxectivo Específico 1: FORTALECER A COMPETITIVIDADE DO SECTOR PRODUTIVO DO MAR: PESCA, MARISQUEO E ACUICULTURA**

Relación cos Eixos dos Cadros Financeiros:

Executarase directamente por medio do **EIXO I**

*Executarase complementariamente polo* ***EIXO III*** *e dentro do Orzamento de Difusión, Sensibilización e Formación do GAC*

**Obxectivo Específico 2: MELLORAR O CONTORNO NATURAL E A CALIDADE AMBIENTAL**

Relación cos Eixos dos Cadros Financeiros

Executarase directamente por medio do **EIXO III**

*Executarase complementariamente polo* ***EIXO II*** *e dentro Orzamento de Difusión, Sensibilización e Formación do GAC*

**Obxectivo Específico 3: PROMOVER A VALORIZACIÓN DO PATRIMONIO MARÍTIMO COMO MODELO DE COHESIÓN SOCIAL E BÚSQUEDA DE NOVAS OPORTUNIDADES DE EMPREGO.**

Relación cos Eixos dos Cadros Financeiros:

Executarase directamente por medio do **EIXO II**

*Executarase complementariamente dentro Orzamento de Difusión, Sensibilización e Formación do GAC*

**Obxectivo específico 4: FOMENTAR A COOPERACIÓN E A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES.**

Relación cos Eixos dos Cadros Financeiros:

*Executarase por medio dos diferentes Eixos I, II, III de forma Transversal e, específicamente, polo EIXO VI. Será prioridade nas actuacións do GAC dentro do orzamento de Difusión, Sensibilización e Formación.*

**Obxectivo específico 5: CONTRIBUIR Á DINAMIZACIÓN SOCIAL E A XESTIÓN PARTICIPATIVA DO DESENVOLVEMENTO**

Relación cos Eixos dos Cadros Financeiros:

*Executarase dentro do orzamento de Difusión, Sensibilización e Formación.*

**2.- Descrición de cada Obxectivo:**

**Obxectivo Específico 1: FORTALECER A COMPETITIVIDADE DO SECTOR PRODUTIVO DO MAR: PESCA, MARISQUEO E ACUICULTURA**

Os sectores produtivos do mar representan unha fracción importante da economía dos concellos do territorio GAC. Sen embargo, a continuidade das actividades extractivas (pesca, marisqueo e acuicultura) vese ameazada pola situación ambiental das rías e polas dificultades para obter un maior valor engadido na primeira venda dos produtos, que se pode agravar có impacto da crise económica actual no conxunto da poboación.

Neste sentido, o *Grupo de Acción Costeiro Ría de Vigo-Baixo Miño* ten por principal obxectivo manter a competitividade do sector produtivo do mar mellorando as estratexias de comercialización e buscando formas de valorización sostible dos recursos mariños.

**1.- Relación co DAFO Sector Mar:**

**Debilidades directamente relacionadas:**

Dm2.- Marcada diferenza entre o prezo en orixe e o prezo final ao consumidor, con baixa captación do valor engadido por parte do sector extractivo.

Dm3.- Dispersión da oferta de pesca artesanal.

Dm4.- Dificultades de control da cadea de comercialización e na trazabilidade dos produtos.

Dm5.- Competencia desleal de prezos en actividades con baixo nivel de renda por persoa e escasa control de clientes, etc.

Dm8.- Baixo consumo de produtos do mar en determinados segmentos de poboación; principalmente nas novas xeracións non costeiras.

**Ameazas directamente relacionadas:**

Am1.- Competencia desleal de produtos de importación con diferentes requisitos técnicos-sanitarios.

Am4.- Perda de rendabilidade por elevación de custos non controlables polo sector: combustible, etc.

Am6.- Incremento dos prezos finais ao consumidor por parte dos sectores comercializadores, alleos ao sector extractivo que crean unha esppoden levar a unha caída da demanda.

Am5.- Caída nos niveis de renda xeral da poboación, que poden provocar unha baixada na demanda global de produtos do mar.

**Fortalezas directamente relacionadas:**

Fm1.- Boas condicións naturais, diversidade e calidade de produtos do mar con demanda no mercado.

Fm2.- Veteranía do sector en numerosas modalidades de pesca, marisqueo e acuicultura.

Fm3.- Experiencia organizativa, reivindicativa e de xestión das diferentes pesquerías e actividades.

Fm4.- Percepción por parte do consumidor de alta calidade dos produtos da ría de Vigo e contorno.

**Oportunidades directamente relacionadas:**

Om1.- Estratexias de comercialización lideradas polo propio sector que permitan conquerir un maior valor engadido.

Om2.- Aproveitamento de subprodutos e novas especies non comercializadas ata o momento.

Om3.- Crecente diversificación na demanda de produtos do mar.

Om4.- Novos plans de explotación e especies de destino comercial.

Om5.- Axudas dirixidas directamente ao sector; no seu conxunto.

Om6.- Existencia de Centros de Investigación e Tecnolóxicos.

**2.- Obxectivos inducidos:**

- Contribuír ao mantemento e creación de renda
- Contribuír ao mantemento do emprego
- Contribuír ao fortalecemento dos lazos sociais e económicos entre sectores

**3.- Coherencia do Plan Financeiro coa estratexia:**

Para lograr este obxectivo destinamos inicialmente un total de **1.227.600 €** dos que **1.116.000 €** son para "actividades produtivas". O que representa **o 60% do importe total** que se pode destinar para "actividades produtivas" no conxunto do orzamento do GAC e **o 33% do montante global** para proxectos.

**4.- Número previsto de proxectos:**

A previsión é que as Confrarías de Pescadores e outras entidades do mar executen un proxecto de comercialización conxunto. Esto determinará o número final de proxectos a executar. Contase cunha media de 15 proxectos para esta liña caso de non realizarse o proxecto colectivo.

## Obxectivo Específico 2: MELLORAR O CONTORNO NATURAL E A CALIDADE AMBIENTAL

O actual modelo de desenvolvemento económico e social, con amplos sectores de poboación vivindo "de costas ao mar", provocou a sobreexplotación dos recursos, unha elevada contaminación ambiental e a degradación do litoral. Esta situación incide negativamente no propio sector extractivo, na pervivencia dos diferentes ecosistemas mariños e terrestres e ameaza a calidade de vida da poboación local.

Neste sentido, consideramos que promover estratexias que incrementen o coñecemento do ecosistema mariño e litoral, que promovan a rexeneración e conservación ambiental e a sostibilidade das actividades produtivas é o segundo obxectivo específico do GAC.

**1.- Relación co DAFO Xeral e do Sector do Mar:**

**Debilidades directamente relacionadas:**

D1.- Elevada presión demográfica sobre o territorio costeiro, froito da dispersión poboacional e dunha ineficaz ordenación do territorio que favorece a contaminación ambiental e paisaxística e conleva o incremento do custo na dotación de servizos.

**Ameazas directamente relacionadas:**

A1.- Degradación ambiental a causa da forte presión demográfica e urbanística que pode traducirse no esgotamento e perda de calidade dos recursos, na destrucción de hábitats e na transformación da paisaxe.
A2.- Perda de coñecementos culturais tradicionais e da identidade colectiva, o que poderá supor unha desvinculación coa realidade do contorno.
A4.- Xeración de actitudes insolidarias e individualistas.
A5.- Forte dependencia da economía internacional.
A6.- Esgotamento dos recursos por sobreexplotación.
A7.- Modelo de organización territorial xerador de dinámicas insostibles.

**Fortalezas directamente relacionadas:**

F2.- Estrutura demográfica nova que contribuirá a favorecer o dinamismo socioeconómico e cultural do territorio.
F4.- Segmentos de pobaocion con alto nivel fotrmativo en investigacion
F5.- Forte sensibilización cara aos problemas que afectan á sociedade local que se reflicte nunha gran cantidade de experiencias reivindicativas que permite unha áxil resposta ós problemas colectivos.

**Oportunidades directamente relacionadas:**

O3.- Crecente sensibilización ambiental e cultural: oportunidade para abordar os problemas de degradación do contorno.

O4.- Poboación cunha forte tendencia á innovación o que supón unha interesante apertura a novas oportunidades.

O5.- Gran potencialidade na aplicación de innovación en sectores productivos.

O7.- Investimento en tecnoloxía ambiental para a recuperación do contorno.

O8.- Experiencias de valorización patrimonial.

O9.- Accesibilidade ás axudas e subvencións da administración europea.

O10.- Regulamentación internacional que posibilita a revalorización do contorno.

**2.- Obxectivos inducidos:**

- Contribuír ao mantemento do potencial produtivo do mar
- Contribuír á mellora da calidade ambiental e á conservación do hábitat
- Contribuír ao mantemento do emprego e as rendas no sector do mar
- Contribuír ao fortalecemento dos lazos sociais e económicos entre sectores
- Contribuír ao incremento da sensibilidade ambiental da poboación

**3.- Coherencia do Plan Financeiro coa estratexia:**

Para lograr este obxectivo destinamos inicialmente un total de **1.097.400 €** (29,5% do total para proxectos) dos que **762.600 €** son para "actividades non produtivas"(68,3% do total de "actividades non produtivas") e **334.800 €** para "actividades produtivas" (o 18% do total para actividades produtivas").

**4.- Número previsto de proxectos:**

Estimamos 20 proxectos cunha media de 90.000 € cada proxecto.

## Obxectivo Específico 3: PROMOVER A VALORIZACIÓN DO PATRIMONIO MARÍTIMO COMO MODELO DE COHESIÓN SOCIAL E BÚSQUEDA DE NOVAS OPORTUNIDADES DE EMPREGO.

O mar é o ecositema no que se sustentaron diferentes modos sociais de produción que ao longo do tempo foron deixando un patrimonio material e inmaterial con trazos moi específicos. Recursos que, a pesar da ameaza de desaparición, fóronse conservando grazas ao esforzo de diferentes persoas e colectivos que implementaron formulas novidosas de valorizar estos recursos cun forte componente de cohesión social.

Neste sentido, consideramos como un obxectivo específico de carácter integrador promover accións de valorización do patrimonio marítimo que sirvan como modelo de xestión dos recursos sociais e posibiliten a creación de oportunidades económicas a nivel local.

**1.- Relación co DAFO Xeral:**

**Debilidades directamente relacionadas:**

D1.- Elevada presión demográfica sobre o territorio costeiro, froito da dispersión poboacional e dunha ineficaz ordenación do territorio que favorece a contaminación ambiental e paisaxística
D3.- Illamento social e recepción de poboación externa provocan perda de identidade colectiva e desligamento do contexto tradicional local.
D4.- Escasa vertebración social.
D5.- Baixo nivel de formacion en termos relativos ao resto de Galicia
D6.-Mercado laboral inestable e precario, fortemente estacional.
D8.- Escasa repercusión social da riqueza xerada polo tecido empresarial que xenera alto valor engadido, sen canles de retorno social da riqueza xerada.
D10.- Gran dependencia de factores externos nas actividades económicas.

**Ameazas directamente relacionadas:**

A1.- Degradación ambiental a causa da forte presión demográfica e urbanística que pode traducirse no esgotamento e perda de calidade dos recursos, na destrucción de hábitats e na transformación da paisaxe.
A2.- Perda de coñecementos culturais tradicionais e da identidade colectiva.
A3.- Merma de espazos de convivencia colectiva e ruptura de redes sociais tradicionais de cooperación.
A4.- Xeración de actitudes insolidarias e individualistas.
A7.- Modelo de organización territorial xerador de dinámicas insostibles.
A9.- Paulatino abandono dos sectores produtivos tradicionais.

A10.- Desconexión de intereses entre os grandes investimentos de capital e a estrutura económica local.
A12.- Desaparicion patrimonio cultural

**Fortalezas directamente relacionadas:**

F2.- Estrutura demográfica nova que contribuirá a favorecer o dinamismo cultural do territorio.
F4.- Nivel formativo elevado; en termos xerais
F5.- Forte sensibilización cara os problemas que afectan á sociedade local que se reflicte nunha gran cantidade de experiencias reivindicativas que permite unha áxil resposta ós problemas colectivos.
F12.- Gran diversidade de recursos locais: sociais, naturais e culturais

**Oportunidades directamente relacionadas:**

O1.- Polo de atracción de novas culturas e coñecementos resultantes da incorporación de novos residentes
O3.- Crecente sensibilización ambiental e cultural oportunidade para abordar os problemas do contorno.
O8.- Experiencias de valorización patrimonial.
O9.- Accesibilidade ás axudas e subvencións da administración europea.
O10.- Regulamentación internacional que posibilita a revalorización do contorno.
O12.- Aproveitamento compatible dos recursos naturais e patrimoniais có desenvolvemento turístico.

**2.- Obxectivos inducidos:**

- Contribuír ao mantemento do patrimonio cultural en xeral
- Contribuír ao mantemento e creación de emprego e rendas
- Contribuír á cohesión social e comunicación interxeracional
- Contribuír ao fortalecemento dos lazos sociais e económicos entre sectores

**3.- Coherencia do Plan Financeiro coa estratexia:**

Para lograr este obxectivo destinamos inicialmente un total de **558.000 €** (15% do total destinado a proxectos) dos que **409.200 €** son para "actividades produtivas"(22% do total de "actividades produtivas") e **148.000 €** para "actividades non produtivas" (13,3% do total para actividades non produtivas").

**4.- Número previsto de proxectos:**

Consideramos que se poden levar a cabo uns 15 proxectos, cunha media de 40.000 € por proxecto.

**Obxectivo específico 4: FOMENTO DA COOPERACIÓN E A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES.**

O Eixo 4 do Fondo Europeo da Pesca, indica a necesidade de ter en conta a cooperación sectorial e interterritorial como ferramenta de desenvolvemento das comunidades costeiras. E, por enriba de todo, a necesidade de promover a integración e participación dos colectivos máis desfavorecidos nas distintas esferas da vida económica e social.

Neste sentido, a "igualdade de oportunidades" valorarase específicamente nos ***Criterios de Baremación*** dos diferentes proxectos; de tal forma que sexan prioritarias (en porcentaxe de axuda) aquelas accións que teñan por obxectivo a estes colectivos. A maiores, establecese unha partida específica para proxectos de cooperación interterritorial e de "igualdade de oportunidades" e os propios fondos do GAC (sensibilización, formación, etc.) terán como destino prioritario aos colectivos desfavorecidos.

**1.- Relación co DAFO Xeral:**

**Debilidades directamente relacionadas:**

D3.- Illamento social e recepción de poboación externa provocan perda de identidade colectiva e desligamento do contexto tradicional local.
D4.- Escasa vertebración social.
D5.- Baixo nivel de formacion en termos relativos ao resto de Galicia
D6.-Mercado laboral inestable e precario, fortemente estacional.

**Ameazas directamente relacionadas:**

A3.- Merma de espazos de convivencia colectiva e ruptura de redes sociais tradicionais de cooperación.
A4.- Xeración de actitudes insolidarias e individualistas.
A7.- Modelo de organización territorial xerador de dinámicas insostibles.
A10.- Desconexión de intereses entre os grandes investimentos de capital e a estrutura económica local.

**Fortalezas directamente relacionadas:**

F2.- Estrutura demográfica nova que contribuirá a favorecer o dinamismo cultural do territorio.
F4.- Nivel formativo medio; en termos xerais.
F5.- Forte sensibilización cara os problemas que afectan á sociedade local que se reflicte nunha gran cantidade de experiencias reivindicativas que permite unha áxil resposta ós problemas colectivos.
F12.- Gran diversidade de recursos locais: sociais, naturais e culturais.

**Oportunidades directamente relacionadas:**

O1.- Polo de atracción de novas culturas e coñecementos resultantes da incorporación de novos residentes.

O3.- Crecente sensibilización ambiental e cultural oportunidade para abordar os problemas do contorno.

O8.- Experiencias de valorización patrimonial.

O9.- Accesibilidade ás axudas e subvencións da administración europea.

O12.- Aproveitamento compatible dos recursos naturais e patrimoniais có desenvolvemento turístico.

**2.- Obxectivos inducidos:**

- Contribuir á cohesión social e comunicación interxeracional
- Contribuir á formación e integración socioeconónica de colectivos
- Contribuir á creación de posibilidades de creación de renda e emprego

**3.- Coherencia do Plan Financeiro coa estratexia:**

Para lograr este obxectivo destinamos inicialmente un total de **93.000 €;** distibuidos no *Eixo transversal 6.- Fomento cooperación* **55.800 €** (5% do total destinado a proxectos non produtivos) e **37.200 €** para "actividades non produtivas" no *Eixo 7.- Igualdade de oportunidades* (3,3% do total para actividades non produtivas").

Ademais, en tódolos proxectos, independentemente dos Eixos de actuación, téñense en conta os aspectos transversais de igualdade de oportunidades. E o orzamento de Difusión, Sensibilización e Formación do GAC terá como unha prioridade a "igualdade de oportunidades".

**4.- Número previsto de proxectos:**

Prevense 7 proxectos en total.

## Obxectivo específico 5: CONTRIBUIR Á DINAMIZACIÓN SOCIAL E A XESTIÓN PARTICIPATIVA DO DESENVOLVEMENTO

A participación social considérase como principal motor de desenvolvemento territorial. O descoñececemento dos recursos, das ameazas, das metodoloxías de intervención en procesos sociais, son alguns dos aspectos que frenan a busquedas de alternativas sostibles que melloren a calidade de vida das poboaicóns locais.

Neste sentido, o GAC, por medio das súas actuacións propias, tera por obxectivo dar a coñecer a poboación o conxunto da riqueza patrimonial e ambiental, formar en metodoloxías de planificación local, mostrar experiencias potencialmente utilizables, reforzar os lazos de cohesión social e a igualdade de oportunidades para todos os colectivos con especial dificultade de acceso ao emprego, á educación e ao disfrute do hábitat.

**1.- Relación co DAFO Xeral:**

**Debilidades directamente relacionadas:**

D1.- Elevada presión demográfica sobre o territorio costeiro, froito da dispersión poboacional e dunha ineficaz ordenación do territorio que favorece a contaminación ambiental e paisaxística e conleva o incremento do custo na dotación de servizos.

D2.- Insuficiencia das redes de infraestruturas e equipamentos básicos que inciden na calidade de vida e no tecido produtivo.

D3.- Illamento social e recepción de poboación externa provocan perda de identidade colectiva e desligamento do contexto tradicional local.

D4.- Escasa vertebración social.

D5.- Baixo nivel de formación en relcion ao resto de Galicia

D9.- Escasa repercusión social da riqueza xerada polo tecido empresarial, sen canles de retorno social da riqueza xerada.

**Ameazas directamente relacionadas:**

A2.- Perda de coñecementos culturais tradicionais e da identidade colectiva, o que poderá supor unha desvinculación coa realidade do contorno.

A3.- Merma de espazos de convivencia colectiva tradicional e ruptura de redes sociais tradicionais de cooperación.

A4.- Xeración de actitudes insolidarias e individualistas.

A6.- Modelo de organización territorial xerador de dinámicas insostibles.

A8.- Paulatino abandono dos sectores produtivos tradicionais.

A11.- Desaparición patrimonio cultural

**Fortalezas directamente relacionadas:**

F2.- Estrutura demográfica nova que contribuirá a favorecer o dinamismo socioeconómico e cultural do territorio.

F3.- Crecente incorporación da poboación ao manexo das novas tecnoloxías da información: permeabilidade a unha difusión fluída de novos contidos.

F4.- Segmentos de poboacion con alta formación-investigación.

F5.- Forte sensibilización cara aos problemas que afectan á sociedade local que se reflicte nunha gran cantidade de experiencias reivindicativas; permitirá unha áxil resposta ós problemas colectivos que se poidan plantexar.

F9.- Proximidade ós principias centros de investigación, tales como a Universidade de Vigo, o CSIC, etc.

F10.- Presenza de centros de asesoramento para o desenvolvemento de iniciativas empresariais emprendedoras en cada concello.

F12.- Gran diversidade de recursos locais: sociais, naturais e culturais.

**Oportunidades directamente relacionadas:**

O1.- Polo de atracción de novas culturas e coñecementos resultantes da incorporación de novos residentes (neorurais e poboación inmigrante).

O3.- Crecente sensibilización ambiental: e cultural oportunidade para abordar os problemas de degradación do contorno.

O4.- Poboación cunha forte tendencia á innovación o que supón unha interesante apertura a novas oportunidades.

O5.- Gran potencialidade na aplicación de innovación en sectores productivos tradicionalmente pouco innovadores.

O8.- Experiencias de valorización patrimonial.

O9.- Accesibilidade ás axudas e subvencións da administración europea.

10.- Regulamentación internacional que posibilita a revalorización do contorno

**2.- Obxectivos inducidos:**

- Contribuír á cohesión social e comunicación interxeracional
- Contribuír á formación e integración socioeconónica de colectivos
- Contribuír á creación de posibilidades de creación de renda e emprego

**3.- Coherencia do Plan Financeiro coa estratexia:**

Para lograr este obxectivo destinamos o orzamento de *Difusión, Sensibilización e Formación* do GAC, que ascende a un total de **372.000 €** (10% do total).


O MAR, PATRIMONIO DAS COMUNIDADES COSTEIRAS
EIXO 2: Diversificación Económica
EIXO 1: Fortalecemento da Competitividade sector pesqueiro
Patrimonio Marítimo:
Económico
Natural
Cultural
Social
EIXO 3: Mellora do contorno natural e a calidade ambiental

# IV.- PLAN FINANCEIRO



## IV.1- XUSTIFICACIÓN

O orzamento total de axuda pública do GAC Ría de Vigo-Baixo Miño ascende á **3.711.630 de euros,** dando un resultado final de investimento (público e privado) de **4.206.514,01 de euros;** dos que 1.237.210,00 euros son o investimento privado xerado.

A previsión deste orzamento, así como, a súa solicitude na convocatoria dos Grupos de Acción Costeira publicada pola *Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos* no DOG do 28 de xullo do 2008 fundamentase en:

- O Grupo zona 7 Ría de Vigo-Baixo Miño, comprende dúas Rías diferentes: *Ría de Aldán e Ría de Vigo;* cunha costa dende Oia ata A Guarda de características semellantes a moitos concellos da zona da Costa da Morte.

- Hai un total de 10 concellos, cunha poboación de 135 mil habitantes, nun contexto de máis de 500 mil, con Vigo e contorno como zona máis industrializada de Galicia, co conseguinte impacto negativo nas actividades produtivas do mar, desaparición do patrimonio marítimo e degradación ambiental.

- Hai 7 confrarías de Pescadores, 6 Asociacións de Mexilloeiros, 3 Cooperativas/asociacións de Naseiros, 3 Asociacións de Redeiras, máis os colectivos de mariscadores e armadores de diferentes flotas.

- A zona de Vigo, polo volume de emprego no sector do Mar, é unha das áreas máis afectadas pola redución das flotas, a perda de caladoiros internacionais (ex: a situación vivida polo caladoiro Sahariano-Canario) e a redución de produtividade no medio mariño.

- É unha zona turística tradicional que precisa orientar o sector cara a modelos respectuosos co contorno natural, social e cultural da área.

- É unha zona con forte presión urbanística e infraestrutural que necesita de fortes investimentos nos sectores produtivos primarios e nas medidas de conservación do medio natural, para contrarrestrar os efectos negativos sobre a calidade de vida debidos a sobresaturación e sobreexplotación.

- É necesario concibir e implantar modelos “piloto” de aproveitamento sustentable de recursos que poidan ser transferibles a outros territorios de iguais características a nivel europeo; e a zona GAC Ría de Vigo-Baixo Miño é un “laboratorio” ideal.

## IV.2.- CADRO FINANCIEIRO

| Eixos | | Tipo de proxecto | %Total | | Importe | Reparto | % | 2009 | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 | Total subvencions | Gasto Público % | Gasto Privado | Gasto Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| SECTORIAIS OU VERTICAIS | 1. Fortalecemento da competitividade do sector pesqueiro, en especial a través da mellora da comercialización. | Produtivos | 30 | 60,00 | 1.113.489,00 € | 1.224.837,90 € | 33,0 | 344.869,81 € | 192.154,80 € | 192.154,80 € | 192.154,80 € | 192.154,80 € | 1.113.489,00 € | 60 | 742.326,00 € | 1.855.815,01 € |
| | | Non Prod. | 3 | 10,00 | 111.348,90 € | | | 34.486,98 € | 19.215,48 € | 19.215,48 € | 19.215,48 € | 19.215,48 € | 111.348,90 € | 100 | | 111.348,90 € |
| | 2. Promoción económica: creación de emprego e oportunidades económicas a través da diversificación. | Produtivos | 11 | 22,00 | 408.279,30 € | 556.744,50 € | 15,0 | 126.452,27 € | 70.456,76 € | 70.456,76 € | 70.456,76 € | 70.456,76 € | 408.279,30 € | 60 | 272.186,20 € | 680.465,50 € |
| | | Non Prod. | 4 | 13,33 | 148.465,20 € | | | 45.982,64 € | 25.620,64 € | 25.620,64 € | 25.620,64 € | 25.620,64 € | 148.465,20 € | 100 | | 148.465,20 € |
| | 3. Mellora do entorno natural e a calidade medioambiental | Produtivos | 9 | 18,00 | 334.046,70 € | 1.094.930,85 € | 29,5 | 103.460,94 € | 57.646,44 € | 57.646,44 € | 57.646,44 € | 57.646,44 € | 334.046,70 € | 60 | 222.697,80 € | 556.744,50 € |
| | | Non Prod. | 20,5 | 68,33 | 760.884,15 € | | | 235.661,04 € | 131.305,78 € | 131.305,78 € | 131.305,78 € | 131.305,78 € | 760.884,15 € | 100 | | 760.884,15 € |
| | 4. Promoción da cohesión social | Produtivos | | | | | | | | | | | | | | |
| | | Non Prod. | 0 | 0,00 | - € | | | | | | | | | | | |
| HORIZONTAIS OU TRANSVERSAIS | 5. Fomento da sociedade da información e as novas tecnoloxías. | Produtivos | | | | 92.790,75 € | 2,5 | | | | | | | | | |
| | | Non Prod. | 0 | 0,00 | - € | | | | | | | | | | | |
| | 6. Fomento da igualdade de oportunidades | Produtivos | | | | | | | | | | | | | | |
| | | Non Prod. | 1 | 3,33 | 37.116,30 € | | | 11.495,66 € | 6.405,16 € | 6.405,16 € | 6.405,16 € | 6.405,16 € | 37.116,30 € | 100 | | 37.116,30 € |
| | 7. Fomento da cooperación e da participación | Produtivos | | | | | | | | | | | | 60 | | |
| | | Non Prod. | 1,5 | 5,00 | 55.674,45 € | | | 17.243,49 € | 9.607,74 € | 9.607,74 € | 9.607,74 € | 9.607,74 € | 55.674,45 € | 100 | | 55.674,45 € |
| TOTAL PROXECTOS | | PRODUTIVOS | 50 | | 1.855.815,01 € | 1.855.815,01 € | 50 | 574.783,02 € | 320.258,00 € | 320.258,00 € | 320.258,00 € | 320.258,00 € | 1.855.815,01 € | 60 | 1.237.210,00 € | 3.093.025,01 € |
| | | NON PRODUTIVOS | 30 | | 1.113.489,00 € | 1.113.489,00 € | 30 | 344.869,81 € | 192.154,80 € | 192.154,80 € | 192.154,80 € | 192.154,80 € | 1.113.489,00 € | 100 | | 1.113.489,00 € |
| | | **TOTAL** | **80** | | 2.969.304,01 € | 2.969.304,01 € | 80 | 919.652,84 € | 512.412,79 € | 512.412,79 € | 512.412,79 € | 512.412,79 € | 2.969.304,01 € | | 1.237.210,00 € | 4.206.514,01 € |
| **Gastos de Funcionamento do GAC** | | | **10** | | 371.163,00 € | 371.163,00 € | 10 | 114.689,37 € | 64.118,41 € | 64.118,41 € | 64.118,41 € | 64.118,41 € | 371.163,00 € | 100 | | |
| **Gastos de Difusión e Sensibilización** | | | **10** | | 371.163,00 € | 371.163,00 € | 10 | 114.689,37 € | 64.118,41 € | 64.118,41 € | 64.118,41 € | 64.118,41 € | 371.163,00 € | 100 | | |
| **Total Gastos de Xestión** | | | **20** | | 742.326,00 € | 742.326,00 € | 20 | 229.378,73 € | 128.236,82 € | 128.236,82 € | 128.236,82 € | 128.236,82 € | 742.326,00 € | 100 | | |
| | | | | | | | | 30,972 | 17,257 | 17,257 | 17,257 | 17,257 | | 100 | | |
| **Total del Plan Estrátexico Zonal** | | | | | **3.711.630,01 €** | | | 1.149.031,57 € | 640.649,61 € | 640.649,61 € | 640.649,61 € | 640.649,61 € | 3.711.630,01 € | | | |

# V.- EXEMPLOS DE ACTUACIÓNS POR EIXOS



A continuación recóllense **FICHAS-TIPO** de posibles accións por **EIXOS.** Son exemplos orientativos que non delimitan o abano de proxectos que poidan presentarse ao futuro GAC.

Ningunha das accións contempladas implica aumento do esforzo pesqueiro conforme a definición establecida no *Reglamento (CE) nº 2371/2002 del Consejo.* Non serán financiables actuacións que leven consigo un incremento do esforzo pesqueiro.

**TIPOLOXÍA XERAL DAS ACCIÓNS NO EIXO:**

| | |
|---|---|
| **EIXO I:** | **Fortalecemento da competitividade do sector do mar: pesca, marisqueo e acuicultura** |
| **LIÑA DE ACCIÓN:** | **Liña 1: Estratexias de comercialización dos produtos do mar** |
| **CONTEXTO:** | A situación do mercado dos produtos primarios, e o control dos intermediarios comercializadores, presiona á baixa os prezos en primeira venda. Situación que se agrava coa crise económica actual. Como resultado, o valor engadido que queda no sector extractivo en produtos de elevada calidade é moi baixo respecto ao prezo de venda ao público. Superar esta situación debe ser un obxectivo prioritario. |
| **OBXECTIVO XERAL** | Conquerir un maior valor engadido para o sector extractivo |
| **POSIBLES PROXECTOS (Non exclusivos):** | - Proxectos que melloren as liñas de comercialización mediante venda en conxunto da mercancía (posibilidade de que exista un xestor para levar a cabo dita actividade).<br>- Proxectos que establezan unha liña de mercado máis directa co consumidor final (depurar os produtos ou o seu mantemento nunha cetárea que permitan realizar a venda diminuindo a cantidade de intermediarios).<br>- Proxectos que permitan avaliar a situación do mercado dos diferentes produtos. |
| **CRONOGRAMA:** | 2009-2013 |
| **LOCALIZACIÓN:** | Territorio GAC |
| **RESULTADOS:** | O sector extractivo consegue un maior valor na 1ª venda |
| **INDICADORES:** | Nº de estruturas de venda<br>Nº de estudos de mercado<br>Nº entidades beneficiarias<br>Nº beneficiarios finais<br>Nº especies contempladas |
| **COMPLEMENTARIEDADE** | Analizar en cada proxecto o grao de compatibilidade e complementariedade coas axudas das *Ordes da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.* Ter en conta a lexislación de Pesca e demais normas sectoriais e territoriais. |
| **ORZAMENTO TOTAL:** | Incluído no orzamento total do Eixo I: 1.224.837,90 € |
| **PRIORIDADE:** | Sector produtivo do mar local. Os criterios de baremación de proxectos contemplan esta discriminación positiva. |

**EXEMPLO PROXECTO:**

| EIXO I: | Liña 1: Estratexias de comercialización dos produtos do mar |
|---|---|

| | |
|---|---|
| TÍTULO DO PROXECTO | ESTUDO DE MERCADO DOS PRODUTOS DO MAR DA ZONA 7 |
| DESCRICIÓN | O territorio GAC ten como unha das dúas fortalezas a existencia dunha grande diversidade e calidade de recursos mariños. Algúns explotados tradicionalmente, e outros de incipiente valorización. Ante a actual situación do mercado, que empeza a resentirse dos efectos da crise económica, faise necesario coñecer a situación de cada produto, o nivel da demanda e as perspectivas de mellora para acadar maior valor engadido . |
| OBXECTIVOS | - Coñecer a oferta e demanda dos principais produtos mariños da zona<br>- Incrementar o valor engadido dos produtos do mar<br>- Manter emprego no sector |
| ACCIÓNS | - Estudo de mercado |
| CRONOGRAMA: | - 2010-2011 |
| LOCALIZACIÓN: | - Territorio GAC |
| PROMOTORES | - Grupo de confrarías e asociacións do sector |
| ORZAMENTO: | - 90.000 euros |
| TRANSFERENCIA | Posibilidade de transferir a outras zonas da costa de Galicia. |
| COMPLEMENTARIEDADE | Complementariedade con outros proxectos do EIXO I. Posible incompatibilidade con outras Ordes de axudas dos diferentes Eixos do FEP. |

| EIXO I: | Liña 1: Estratexias de comercialización dos produtos do mar |
|---|---|

| | |
|---|---|
| **TÍTULO DO PROXECTO** | **CREACIÓN SISTEMA DE COMERCIALIZACIÓN CONXUNTO** |
| **DESCRICIÓN** | A competitividade do sector produtivo, en especial do marisqueo, pasa por acadar mellores prezos e valor engadido na venda dos produtos primarios. Para logar este obxectivo considerase adecuado crear unha estrutura de venda conxunta entre diferentes entidades do sector; que podería chegar a estar, incluso, dotada de depuradora de mariscos propia. |
| **OBXECTIVOS** | - Incrementar o valor engadido dos produtos do mar<br>- Manter emprego no sector |
| **ACCIÓNS** | - Estudo de viabilidade técnica-económica-financeira<br>- Creación entidade de xestión e comercialización<br>- Construción depuradora, local e equipo |
| **CRONOGRAMA:** | - 2010-2013 |
| **LOCALIZACIÓN:** | - Concello Territorio GAC |
| **PROMOTORES** | - Grupo de confrarías e asociacións do sector |
| **ORZAMENTO:** | - 1-1,5 millóns de euros |
| **TRANSFERENCIA** | Posibilidade de transferir a outras zonas da costa de Galicia. |
| **COMPLEMENTARIEDADE** | Complementariedade con outros proxectos do EIXO I. Posible incompatibilidade con outras Ordes de axudas dos diferentes Eixos do FEP. |

TIPOLOXÍA XERAL DAS ACCIÓNS NO EIXO:

| | |
|---|---|
| **EIXO I:** | **Fortalecemento da competitividade do sector do mar: pesca, marisqueo e acuicultura** |
| **LIÑA DE ACCIÓN:** | **Liña 2: Valorización de produtos/subprodutos do mar** |
• Unha ***Comisión Conxunta de Coordinación***, entre os representantes do **GAC Ría de Vigo-Baixo Miño e o GDR MAIV-Baixo Miño** co obxectivo de asegurar un nivel de investimento equilibrado no territorio de actuación, de xeito que nos concellos de A Guarda, O Rosal, Oia, Baiona, Nigrán, Redondela e Soutomaior, establézase unha actuación coordinada e non se produza sobrefinanciamento.

• Unha ***Comisión Conxunta de Coordinación***, entre os representantes do **GAC Ría de Vigo-Baixo Miño e o GDR Morrazo-Pontevedra** coa finalidade de asegurar un nivel de investimento equilibrado no ámbito territorial de actuación, de maneira que nos concellos de Vilaboa, Moaña e Cangas, constitúase unha actuación coordinada e non se produza sobrefinanciamento.

• Unha mesa de traballo entre os xerentes e técnicos das oficinas de xestión dos tres programas co obxectivo de:
  - Asegurar que un mesmo proxecto non opte a axudas en ambos Grupos.
  - Que os proxectos se presenten ao grupo mais axeitado.

En calquera caso, como criterios de aplicación xeral, nos territorios coincidentes, serán intervencións exclusivas do GAC zona 7:

- ♦ As relacionadas co sector pesqueiro e as dirixidas especificamente aos traballadores vinculados coas actividades pesqueiras.
- ♦ As vinculadas coa transformación e comercialización de produtos do mar.
- ♦ As de sensibilización e valorización do patrimonio natural e cultural ligado á costa e ás actividades pesqueiras.

Finalmente, para poder avaliar o grao de compatibilidade con outras *Liñas de Axudas* das distintas Administracións Públicas (Consellería de Traballo, Consellería de Cultura, Consellería de Innovación e Industria, Deputación Provincial de Pontevedra, etc.) solicitarase aos promotores de proxectos que xunto coa solicitude de axuda, acheguen unha declaración xurada sobre outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo investimento.

# VII.- CRONOGRAMA DE EXECUCIÓN DO PLAN



A meta do GAC **é executar e certificar o 100% do programa antes de xaneiro do 2013**; e conseguir incrementar o orzamento inicial optando a fondos da reserva de eficacia; tras certificar máis do 75% en xaneiro do 2012.

Neste sentido, considéranse os seguintes puntos críticos:

**1º.- Funcionamento da Oficina provisional de xestión dende o 15 de outubro 2008:** Para elo, a Presidencia e Xunta Directiva do GAC conta co apoio dos xerentes e técnicos da Fundación Comarcal O Morrazo, Fundación Comarcal O Baixo Miño e Mancomunidade de Vigo, como persoas de contacto, difusión e xestión do programa en tanto non se conte con persoal propio.

**2º.- Xornadas de Difusión do Plan Estratéxico**.- A difusión do Plan Estratéxico iniciarase trala Resolución de aprobación do PEIXE pola *Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.*

**3º.- Contratación de equipo de xestión nos primeiros dous meses trala sinatura do** Convenio entre a *Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos* e o *Grupo de Acción Costeira*.

**4º.- Iª Convocatoria de axudas no primeiro trimestre do 2009**. Publicar a primeira convocatoria a principios do 2009.

**5º.- Impulso ás actividades do GAC*: Sensibilización e Formación*.** Nos 2 primeiros anos executaranse as principais actividades de sensibilización e formación do GAC para fortalecer a presenza no territorio, a confianza dos promotores de proxectos e posibilitar a presentación e xestión doutros programas de desenvolvemento territorial: Life, Cooperación transfronteiriza, etc.

**6º.- Execución e certificación do 50% antes do 15 de xaneiro do 2011.-** Adxudicado o 75% do orzamento total dos Eixos; executado o 75% do orzamento de Gastos de Sensibilización do GAC e o 50% do Orzamento total para "actividades produtivas" e "non produtivas".

**7º.- Execución e certificación do 80% antes de xaneiro do 2012.** Para poder acadar fondos da reserva de eficacia considerase fundamental executar e certificar un mínimo do 80% do orzamento total en decembro do 2011; para así poder divulgar unha convocatoria no 2012 co novo orzamento.

**7º.- Execución do 100% no primeiro trimestre do 2013.**

## CRONOGRAMA DE EXECUCIÓN

| Eixos | | | 2009 | | | | 2010 | | | | 2011 | | | | 2012 | | | | 2013 | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | T1 | T2 | T3 | T4 | T1 | T2 | T3 | T4 | T1 | T2 | T3 | T4 | T1 | T2 | T3 | T4 | T1 | T2 | T3 | 74 |
| SECTORIAIS OU VERTICAIS | EIXO I | Liña 1. Comercialización | Convocatoria | | | | | | | | 40% | | | | 70% | | | 100% | | | | |
| | | Liña 2.- Transformación | Convocatoria | | | | | | | | 40% | | | | 70% | | | 100% | | | | |
| | | Liñ 3.- Outros proxectos | Convocatoria | | | | | | | | 40% | | | | 70% | | | | | | | |
| | EIXO II | Liña 1.- Valorizacion | Convocatoria | | | | | | | | 60% | | | | 100% | | | | | | | |
| | | Liña 2.- Diversificación | Convocatoria | | | | | | | | 60% | | | | 100% | | | | | | | |
| | EIXO III | Liña 1.- Rexeneración | Convocatoria | | | | | | | | 50% | | | | 80% | | | 100% | | | | |
| | | Liña 2.- Sensibilización | Convocatoria | | | | | | | | 50% | | | | 80% | | | 100% | | | | |
| | | Liña 3.- Conservación | Convocatoria | | | | | | | | 50% | | | | 80% | | | 100% | | | | |
| | EIXO VI | Liña 1.- Igualdade | Convocatoria | | | | | | | | 100% | | | | | | | | | | | |
| | EIXO VII | Liña 1.- Cooperación | Convocatoria | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| Gastos de Funcionamento do GAC | | | Contratación | | | | | | | | 60% | | | | | | | 90% | | 100% | | |
| Gastos de Difusión e Sensibilización | | | | | | | | | | | 60% | | | | | | | 95% | | 100% | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | Previsión de execución e certificación final EIXO I | Nº % | Porcentaxe de certificación |
| | Previsión de execución e certificación final EIXO II | Nº % | Porcentaxe de certificación |
| | Previsión de execución e certificación final EIXO III | Nº % | Porcentaxe de certificación |
| | Previsión de execución e certificación final EIXO VI | Nº % | Porcentaxe de certificación |
| | Previsión de execución e certificación final EIXO VII | Nº % | Porcentaxe de certificación |
| | Previsión de execución e certificación final Gastos Xestión e Sensibilización | Nº % | Porcentaxe de certificación |

# VIII.- GASTOS DE XESTIÓN E SENSIBILIZACIÓN



O Apartado IV.2 Cadro financeiro pon de relevo que os Gastos de Xestión do GAC comprenden:

a) Os gastos de funcionamento, e
b) Gastos de sensibilización e promoción

### a) Gastos de funcionamento:

Estes gastos destinaranse á implantación do programa estratéxico zonal no territorio de actuación a través da contratación dunha Unidade Técnica que estará composta por un ou unha xerente e un/unha administrativ@ contable.

Os custos salariais están calculados en base á "RESOLUCIÓN de 14 de maio de 2008, da Dirección Xeral de Traballo, pola que se rexistra e publica o XV Convenio colectivo nacional de empresas de enxeñaría e oficinas de estudos técnicos" (BOE nº 130, 29.05.2008 ), conforme ao establecido nas súas táboas salarias para a anualidade de 2008.

O cálculo fíxose partindo de que a xerencia corresponderá a un traballador/a do *Nivel 1. Licenciados e titulados 2.º e 3.er ciclo universitario e Analista*, e o posto do administrativ@ contable ao *Nivel 5. Delineante, Técnico de 1.ª, Oficial 1.ª Admvo. e Operador de ordenador.* Estes traballadores estarán contratados a xornada completa e, segundo o precitado Convenio, percibirán 14 pagas anuais.

A contratación realizarase a través de convocatoria pública, conforme a unhas bases de selección previamente aprobadas polo GAC, sendo a modalidade de contrato a utilizar a de Contrato de Traballo de Duración Determinada por Obra ou Servizo Determinado.

Destinase un epígrafe a recoller as axudas de custo aos traballadores, para cubrir os desprazamentos necesarios para o desenvolvemento das súas tarefas.

Establecese unha actualización salarial media dun 3% por anualidade.

Asemade contabilizase como asistencia á xestión os custos dunha asesoría externa que leve a contabilidade, a confección de contratos laborais, nóminas, impostos, etc., do GAC.

No ano 2009 contemplase unha adquisición de inmobilizado para que a Unidade Técnica poida desenvolver as súas actividades, así orzamentase a compra dos seguintes bens:

- 2 ordenadores (CPU, pantalla de 19 polgadas e Windows xp home).

- 1 ordenador portátil.
- 1 proxector.
- Unha impresora láser de cores multifunción (scaner, Fax).
- Unha fotocopiadora.
- Un teléfono fixo e un móbil.
- Mobiliario de oficina (mesas, cadeiras, armarios...)

O orzamento reflicte ademais o alugueiro dun local para o desenvolvemento da actividade da Unidade Técnica de Xestión, que servirá asemade como lugar de reunión da Xunta Directiva do GAC.

Engádense outros consumos de explotación (subministros, adquisición de material funxible, transporte...)

| GASTOS DE FUNCIONAMENTO GAC | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 2009 | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 | TOTAL |
| 114.689,37 € | 64.118,41 € | 64.118,41 € | 64.118,41 € | 64.118,41 € | 64.118,41 € |

**PREVISIÓN DE GASTO 2009**
**EIXO: GASTOS DE FUNCIONAMENTO**
**GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA RÍA DE VIGO-BAIXO MIÑO**

| **I. Gastos de persoal** (contratado directamente polo GAC) | **Salarios** | **Seg. Social (empresa)** | **Axudas de custo** | **TOTAL** |
|---|---|---|---|---|
| I.1. Xerente (licenciado) | 24.305,64 | 8.081,64 | 1.000,00 | 33.387,28 |
| I.2. Administrativo-Contable | 14.799,12 | 4.920,72 | 600,00 | 20.319,84 |
| **Subtotal I** | | | | **53.707,12** |
| II. Asistencia á xestión | | | | |
| II.1. Asistencia técnica I (Contable, Laboral, Fiscal) | | | | 3.000,00 |
| **Subtotal II** | | | | **3.000,00** |
| **III. Subministros exteriores** | | | | |
| III.1. Comunicacións: Tf, fax | | | | 1.500,00 |
| III.2. Subministros (eléctrico, auga) | | | | 744,00 |
| III.3. Material funxible oficina | | | | 800,00 |
| **Subtotal III** | | | | **3.044,00** |
| IV. Material informático, telemático e de reprografía | | | | |
| IV.1. Adquisición de material informático | | | | 4.000,00 |
| IV.2. Adquisición de material telemático | | | | 409,98 |
| IV.3. Adquisición de material de reprografía | | | | 2.000,00 |
| IV.4. Mantemento e conservación | | | | |
| IV.5. Outros: Fotografía, correos, copias... | | | | 600,00 |
| **Subtotal IV** | | | | **6.909,98** |
| **V. Mobiliario e equipo de oficina** | | | | |
| V.1. Adquisición mobiliario e equipos | | | | 3.000,00 |
| V.2. Mantemento e conservación | | | | |
| **Subtotal V** | | | | **3.000,00** |
| VI. Inmobles e locais | | | | |
| VI.1 Alugueiro | | | | 6264,00 |
| VI.2. Limpeza, mantemento e reparacións | | | | 1.500,00 |
| **Subtotal VI** | | | | **7.764,00** |
| **TOTAL GASTO PREVISTO** | | | | **114.689,37**__* |

* Este importe de gastos non se corresponde co total (114.689,37 €) esperamos que se incorpore en futuros exercicios o remanente non gastado.

**PREVISIÓN DE GASTO 2010**
**EIXO: GASTOS DE FUNCIONAMENTO**
**GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA RÍA DE VIGO-BAIXO MIÑO**

| **I. Gastos de persoal** (contratado directamente polo GAC) | **Salarios** | **Seg. Social (empresa)** | **Axudas de custo** | **TOTAL** |
|---|---|---|---|---|
| I.1. Xerente (licenciado) | 25.034,81 | 8.324,09 | 1.000,00 | 34.358,90 |
| I.2. Administrativo-Contable | 15.243,09 | 5.068,34 | 645,00 | 20.956,43 |
| **Subtotal I** | | | | **55.315,33** |
| II. Asistencia á xestión | | | | |
| II.1. Asistencia técnica I (Contable, Laboral, Fiscal) | | | | 6.000,00 |
| **Subtotal II** | | | | **6.000,00** |
| **III. Subministros exteriores** | | | | |
| III.1. Comunicacións: Tf, fax | | | | 1.200,00 |
| III.2. Subministros (eléctrico, auga) | | | | 503,08 |
| III.3. Material funxible oficina | | | | |
| **Subtotal III** | | | | **1.703,08** |
| IV. Material informático, telemático e de reprografía | | | | |
| IV.1. Adquisición de material informático | | | | |
| IV.2. Adquisición de material telemático | | | | |
| IV.3. Adquisición de material de reprografía | | | | |
| IV.4. Mantemento e conservación | | | | |
| IV.5. Outros: Fotografía, correos, copias... | | | | |
| **Subtotal IV** | | | | |
| **V. Mobiliario e equipo de oficina** | | | | |
| V.1. Adquisición mobiliario e equipos | | | | |
| V.2. Mantemento e conservación | | | | |
| **Subtotal V** | | | | |
| VI. Inmobles e locais | | | | |
| VI.1 Alugueiro | | | | |
| VI.2. Limpeza, mantemento e reparacións | | | | 1.100,00 |
| **Subtotal VI** | | | | **1.100,00** |
| **TOTAL GASTO PREVISTO** | | | | **64.118,41** |

**PREVISIÓN DE GASTO 2011**
**EIXO: GASTOS DE FUNCIONAMENTO**
**GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA RÍA DE VIGO-BAIXO MIÑO**

| **I. Gastos de persoal** (contratado directamente polo GAC) | **Salarios** | **Seg. Social (empresa)** | **Axudas de custo** | **TOTAL** |
|---|---|---|---|---|
| I.1. Xerente (licenciado) | 25.785,85 | 8.573,81 | 1.191,35 | 35.551,01 |
| I.2. Administrativo-Contable | 15.700,38 | 5.220,39 | 600,00 | 21.520,77 |
| **Subtotal I** | | | | **57.071,78** |
| II. Asistencia á xestión | | | | |
| II.1. Asistencia técnica I (Contable, Laboral, Fiscal) | | | | 4.146,63 |
| **Subtotal II** | | | | **4.146,63** |
| **III. Subministros exteriores** | | | | |
| III.1. Comunicacións: Tf, fax | | | | 1.200,00 |
| III.2. Subministros (eléctrico, auga) | | | | 500,00 |
| III.3. Material funxible oficina | | | | |
| **Subtotal III** | | | | **1.700,00** |
| IV. Material informático, telemático e de reprografía | | | | |
| IV.1. Adquisición de material informático | | | | |
| IV.2. Adquisición de material telemático | | | | |
| IV.3. Adquisición de material de reprografía | | | | |
| IV.4. Mantemento e conservación | | | | |
| IV.5. Outros: Fotografía, correos, copias... | | | | |
| **Subtotal IV** | | | | |
| **V. Mobiliario e equipo de oficina** | | | | |
| V.1. Adquisición mobiliario e equipos | | | | |
| V.2. Mantemento e conservación | | | | |
| **Subtotal V** | | | | |
| VI. Inmobles e locais | | | | |
| VI.1 Alugueiro | | | | |
| VI.2. Limpeza, mantemento e reparacións | | | | 1.200,00 |
| **Subtotal VI** | | | | **1.200,00** |
| **TOTAL GASTO PREVISTO** | | | | **64.118,41** |

**PREVISIÓN DE GASTO 2012**
**EIXO: GASTOS DE FUNCIONAMENTO**
**GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA RÍA DE VIGO-BAIXO MIÑO**

| **I. Gastos de persoal** (contratado directamente polo GAC) | **Salarios** | **Seg. Social (empresa)** | **Axudas de custo** | **TOTAL** |
|---|---|---|---|---|
| I.1. Xerente (licenciado) | 26.559,43 | 8.831,02 | 1.239,09 | 36.629,54 |
| I.2. Administrativo-Contable | 16.171,39 | 5.377,00 | 600,00 | 22.148,39 |
| **Subtotal I** | | | | **58.777,93** |
| II. Asistencia á xestión | | | | |
| II.1. Asistencia técnica I (Contable, Laboral, Fiscal) | | | | 2.440,48 |
| II.2. Asistencia técnica II (Auditoría Externa) | | | | |
| **Subtotal II** | | | | **2.440,48** |
| **III. Subministros exteriores** | | | | |
| III.1. Comunicacións: Tf, fax | | | | |
| III.2. Subministros (eléctrico, auga) | | | | |
| III.3. Material funxible oficina | | | | |
| **Subtotal III** | | | | |
| IV. Material informático, telemático e de reprografía | | | | |
| IV.1. Adquisición de material informático | | | | |
| IV.2. Adquisición de material telemático | | | | |
| IV.3. Adquisición de material de reprografía | | | | |
| IV.4. Mantemento e conservación | | | | |
| IV.5. Outros: Fotografía, correos, copias... | | | | |
| **Subtotal IV** | | | | |
| **V. Mobiliario e equipo de oficina** | | | | |
| V.1. Adquisición mobiliario e equipos | | | | |
| V.2. Mantemento e conservación | | | | |
| **Subtotal V** | | | | |
| VI. Inmobles e locais | | | | |
| VI.1 Alugueiro | | | | |
| VI.2. Limpeza, mantemento e reparacións | | | | 1.200,00 |
| **Subtotal VI** | | | | **1.200,00** |
| **TOTAL GASTO PREVISTO** | | | | **64.118,41** |

**PREVISIÓN DE GASTO 2013**
**EIXO: GASTOS DE FUNCIONAMENTO**
**GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA RÍA DE VIGO-BAIXO MIÑO**

| **I. Gastos de persoal** (contratado directamente polo GAC) | **Salarios** | **Seg. Social (empresa)** | **Axudas de custo** | **TOTAL** |
|---|---|---|---|---|
| I.1. Xerente (licenciado) | 27.356,21 | 9.095,95 | 1.288,20 | 37.740,36 |
| I.3. Administrativo-Contable | 16.656,53 | 5.538,31 | 600,00 | 22.794,84 |
| **Subtotal I** | | | | **60.535,20** |
| II. Asistencia á xestión | | | | |
| II.1. Asistencia técnica I (Contable, Laboral, Fiscal) | | | | 683,23 |
| **Subtotal II** | | | | **683,23** |
| **III. Subministros exteriores** | | | | |
| III.1. Comunicacións: Tf, fax | | | | 1.200,00 |
| III.2. Subministros (eléctrico, auga) | | | | 500,00 |
| III.3. Material funxible oficina | | | | |
| **Subtotal III** | | | | **1.700,00** |
| IV. Material informático, telemático e de reprografía | | | | |
| IV.1. Adquisición de material informático | | | | |
| IV.2. Adquisición de material telemático | | | | |
| IV.3. Adquisición de material de reprografía | | | | |
| IV.4. Mantemento e conservación | | | | |
| IV.5. Outros: Fotografía, correos, copias... | | | | |
| **Subtotal IV** | | | | |
| **V. Mobiliario e equipo de oficina** | | | | |
| V.1. Adquisición mobiliario e equipos | | | | |
| V.2. Mantemento e conservación | | | | |
| **Subtotal V** | | | | |
| VI. Inmobles e locais | | | | |
| VI.1 Alugueiro | | | | |
| VI.2. Limpeza, mantemento e reparacións | | | | 1.200,00 |
| **Subtotal VI** | | | | **1.200,00** |
| **TOTAL GASTO PREVISTO** | | | | **64.118,41** |

### b) Gastos de sensibilización e promoción:

Os 371.163 € recollidos no Cadro Financeiro para atender aos gastos de sensibilización e promoción destinaranse á realización do *Plan de Información, publicidade e transferencia* detallado no punto XI.3 (páxinas 160 e 161).

## IX. SISTEMAS DE CONTROL E SEGUIMENTO: Cadro de Mando

A avaliación é una reflexión crítica sistemática sobre determinados aspectos da posta en marcha do programa, co obxectivo de fortalecer e mellorar a aplicación do mesmo. Realizárase un seguimento eficaz das axudas públicas, así como unha apreciación e avaliación das intervencións. O Plan Estratéxico someterase a un sistema de control e seguimento ao longo do período de execución e a unha avaliación final que contempla dous procedementos :

**A/ Control e seguimento do Plan, por Eixes estratéxicos e realización global:**
- Execución global do Plan e indicadores de realización por Eixes.
- Execución dos acordos da Asemblea e Xunta Directiva.

**B/ Control e seguimento do Plan por proxecto individualizado:**
- Control da fase de solicitude e sinatura de contratos de axudas.
- Control da fase de execución e certificación final de cada proxecto.

As actuacións de ***Control e Seguimento do Plan (A),*** no seu conxunto, serán labor da Xunta Directiva e da Asemblea. Para elo contarán cos informes de execución emitidos polo equipo xestor do GAC e das Auditorías externas que se contraten ao respecto.

Considérase adecuado contratar unha Auditoría Externa Intermedia e Final do Programa que terá por finalidade detectar problemáticas de execución e determinar posibles solucións intermedias, e avaliar o resultado final con propostas de continuidade máis alá do período de programación 2007-2013.

As actuacións de ***Control e Seguimento de Proxectos (B),*** serán labor do equipo de xestión do GAC que contará cos medios adecuados para facelo segundo a normativa de aplicación específica, sectorial, etc. O resultado desta avaliación técnica terá que ser elevado ás reunións da Xunta Directiva para tomar as decisións que se consideren oportunas para a execución final correcta de cada proxecto.

Para facilitar o seguimento do Plan, establecese a priori un **Cadro de Mando,** que será perfeccionado unha vez sexa seleccionado o GAC e posto en marcha o equipo xestor e Xunta Directiva, coa relación de:

- Obxectivos estratéxicos
- Indicadores de Realización e Resultados
- Responsables
- Metas

**CADRO DE MANDO: Indicadores, responsables e metas**

| Obxectivos Estratéxicos | Indicadores de realización | Responsables Realización | Metas | Indicadores de resultado | Metas |
|---|---|---|---|---|---|
| **EIXO I** | Nº proxectos presentados<br>Nº proxectos aprobados<br>Nº proxectos executados | Equipo Xestión<br>Xunta Directiva | 100% Execución orzamentaria antes 2013 | Nº beneficiarios finais<br>Nº beneficiarios Sector do Mar<br>Emprego xerado (Actividades produtivas)<br>Facturación estimada (Act produtivas) | Maior presenza de proxectos colectivos que individuais |
| **EIXO II** | Nº proxectos presentados<br>Nº proxectos aprobados<br>Nº proxectos executados | Equipo Xestión<br>Xunta Directiva | 100% Execución orzamentaria antes 2013 | Nº beneficiarios finais<br>Nº beneficiarios Sector do Mar<br>Emprego xerado (Actividades produtivas)<br>Nº Patrimonio recuperado (Act Non prod) | Maior presenza de proxectos demostrativos e innovadores |
| **EIXO III** | Nº proxectos presentados<br>Nº proxectos aprobados<br>Nº proxectos executados | Equipo Xestión<br>Xunta Directiva | 100% Execución orzamentaria antes 2013 | Nº beneficiarios finais<br>Nº beneficiarios Sector do Mar<br>Emprego xerado (Actividades produtivas)<br>Nº Zonas recuperadas ambientalmente | Maior presenza de proxectos territoriais que individuais |
| **EIXO VI** | Nº proxectos presentados<br>Nº proxectos aprobados<br>Nº proxectos executados | Equipo Xestión<br>Xunta Directiva | 100% Execución orzamentaria antes 2013 | Nº beneficiarios finais<br>Nº beneficiarios Sector do Mar<br>Nº beneficiarias e colectivos desfavorecidos | Proxectos exclusivos igualdade de oportunidades |
| **EIXO VII** | Nº proxectos presentados<br>Nº proxectos aprobados<br>Nº proxectos executados | Equipo Xestión<br>Xunta Directiva | 100% Execución orzamentaria antes 2013 | Nº beneficiarios finais<br>Nº beneficiarios Sector do Mar<br>Nº entidades participantes | Integración en redes de xestión GAC e Patrimonio Marítimo |
| **GASTOS GAC** | Persoal contratado<br>Gastos explotación | Equipo Xestión<br>Xunta Directiva | 100% Execución finais 2013 | Orzamento gastos persoal<br>Orzamento gastos explotación | |
| **SENSIBILIZACIÓN** | Nº proxectos aprobados<br>Nº proxectos executados | Equipo Xestión<br>Xunta Directiva | 100% Execución finais 2013 | Nº actuacións realizadas | Igualdade oportunidades e Sensibilización Ambiental e Cultural |

# X. ELEMENTOS TRANSVERSAIS DO PEIXE:



Os elementos transversais (igualdade de oportunidades, sociedade da información e novas tecnoloxías, cooperación) téñense en conta no propio proceso constitutivo con aplicación nos dous documentos básicos: *Estatutos* e *Plan Estratéxico.*

### X.1. Aplicación do principio de igualdade de oportunidades.

O GAC Ría de Vigo-Baixo Miño recolle o principio de igualdade de oportunidades, en primeiro lugar, no propio proceso de constitución do GAC coa creación específica da Mesa da Muller, con participación directa na Xunta Directiva, e coa integración de entidades de servizos sociais como socias por medio da Mesa Sociocultural.

O principio de igualdade farase efectivo por medio de dous procedementos básicos:

**1.- Baremación de cada proxecto.-** Establécense criterios de discriminación positiva para diferentes colectivos con menos oportunidades de participación económica e social, recollidos nos baremos que se aplicarán na valoración das solicitudes de axuda; o que implicará ***a súa priorización na concesión de axudas e maior porcentaxe de subvención***. En concreto, téñense en conta en dous apartados a valorar:

a) Características do Promotor:

| Puntuación | Perfís (*) |
|---|---|
| 5 | Muller. |
| 5 | Mozo (menos de 40 anos). |
| 5 | Discapacitado. |

b) Igualdade de oportunidades:

| Puntuación | Perfís (*) |
|---|---|
| 0 | Proxectos que non favorezan a igualdade de oportunidades desde a perspectiva de xénero, a inclusión social de colectivos desfavorecidos ou mozos. |
| 10 | Proxectos que favorezan a igualdade de oportunidades desde a perspectiva de xénero, a inclusión social de colectivos desfavorecidos ou mozos. |

c) Voluntariado

| Puntuación | Tipo de promotor |
|---|---|
| 0 | O proxecto non implica a voluntariado |
| 5 | O proxecto implica a voluntariado |
| 10 | O proxecto está promovido por unha entidade do Plan de Acción do Voluntariado |
| 15 | O proxecto está promovido por unha entidade que incorpora colectivos desfavorecidos ao seu Plan de Acción do Voluntariado |

**2.- Promover proxectos específicos.-** Os fondos do GAC destinados á *Sensibilización e Difusión* (10% do total, máximo 371.163,00 euros) terán por obxectivo fundamental promover a igualdade de oportunidades dos diferentes colectivos desfavorecidos ou subrepresentados nos distintos ámbitos económicos e sociais; ademais establécese unha partida específica de 37.116,30 euros no eixo transversal VI.

### X.2. Enfoque innovador da estratexia e das actuacións previstas.

O enfoque innovador parte do propio proceso de constitución do GAC e do deseño do Plan Estratéxico que se fixo mediante un procedemento de participación social, que tomou como base a experiencia dos diferentes técnicos e colectivos, e os modelos de programación e planificación territorial (Enfoque de Marco Lóxico, Programación por Obxectivos, etc.). Utilizouse intensivamente o "correo electrónico", e as reunións grupais de caracter sectorial e asembleario, para posibilitar un elevado nivel de colaboración e sinerxías.

O volume de información, e contactos entre entidades que ata agora nunca traballaran conxuntamente, foi moi elevado, representando en si mesmo un proceso innovador con gran efecto dinamizador no territorio GAC.

En relación á Estratexia, o caracter innovador parte de considerar ao **MAR** desde unha **perspectiva integral** (recurso económico, ambiental, cultural, social) e **patrimonial** (recurso colectivo a xestionar de forma que se transmita ás xeracións vindeiras).

As actuacións teñen como obxectivo **incrementar a competitividade do sector produtivo do mar actuando en variables "non extractivas",** como a comercialización, e de **incremento do potencial produtivo** (mellora e rexeneración ambiental). Tomando como **Centro integrador** a execución de proxectos innovadores de **valorización do patrimonio cultural e social marítimo** como elemento que permite conxugar os aspectos económicos e ambientais no aproveitamento económico dos recursos do mar.




Na valoración de cada solicitude de axudas faise unha discriminación positiva cara aos proxectos con forte compoñente innovador e/ou tecnolóxico.

### XI.3. Plan de información, publicidade e transferencia.

O ***Plan de Información, publicidade e transferencia***, contempla tres fases:

**Fase 1- Fase previa de constitución do GAC,** na que se levou a cabo un auténtico proceso de información e participación activa das diferentes entidades encadradas nos ámbitos sectoriais que viñan determinados pola convocatoria de Grupos de Acción Costeira. Proceso que deu continuidade ao efectuado previamente pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e o CETMAR.

O proceso de difusión fíxose mediante envío de comunicacións directas (correo postal, correos electrónicos, Fax, chamadas telefónicas) ao conxunto de entidades recollidas nos distintos listados de asociacións: Rexistros oficiais, listados asociacións sectoriais, directorios telefónicos, páxinas web, etc. Proceso que se completou con notas de prensa e contactos persoais entre as distintas entidades. Ademais dos resumos que elaboraba a Coordinación do GAC, indicábase a web: www.accioncosteira.es, como base para ter información directa do programa a xestionar.

As accións de información sobre as características do Eixo 4 do FEP, e dos Grupos de Acción Costeira, fíxose mediante *Xuntanzas Xerais* (22 de xullo, 15 de setembro e 9 de outubro) e reunións específicas de cada *Mesa Sectorial* (Mesa Pesca; Mesa Sindicatos, Mesa Empresarios, Mesa Muller, Mesa sociocultural, Mesa Institucional); celebrándose entre 2/3 reunións por cada sector.

En todo momento, remitíronse por correo electrónico os distintos borradores de documentos que se ían elaborando nas diferentes Comisións Técnicas de Redacción (Comisión de Estatutos e Comisión de Plan Estratéxico). Documentos que tamén foron enviados ao CETMAR, creándose así un proceso retroalimentario de elaboración, debate e corrección de documentos; que posteriormente serían debatidos e aprobados nas Xuntanzas Sectoriais ou Xerais.

Por último, contactouse e intercambiouse información das distintas etapas seguidas có resto de Grupos de Acción Costeira en proceso de constitución: especialmente: GAC Pontevedra e GAC da Costa da Morte.

**Fase 2.- Fase de xestión do GAC:** No período de xestión do programa efectuarase un *Plan de Información, publicidade e transferencia* que se concretará en:

**a) Páxina Web específica do GAC,** na que estarán a disposición de toda persoa: Información sobre o GAC (Estatutos, PEIXE, etc.), sobre o territorio e socios (Datos socioeconómicos e entidades integrantes), sobre as axudas (Modelos de solicitude,

proxectos auxiliables, baremos, porcentaxes de axuda...). Ademais doutra información que se considere de interese para promover a participación activa da poboación local.

**b) Manual de Xestión e Folletos-Carteis difusión**, publicarase un Manual coa información fundamental do GAC e o procedemento para a presentación de solicitudes de axuda, que se distribuirá por todas as entidades socias do GAC, concellos, xestorías administrativas e outras entidades prestadoras de servizos ás empresas e a poboación. Farase, ao mesmo tempo, unha difusión xeralizada de Folletos e Carteis có programa.

**c) Xornadas Informativas.-** Faranse diferentes xornadas informativas específicas nos diferentes concellos do territorio GAC e, participarase, nos eventos que posibiliten difundir o programa organizados por outras entidades.

**d) Medios de comunicación**.- Publicaranse notas de prensa e anuncios nos diferentes medios de comunicación con presencia local: xornais, radio, televisión.

**e) Publicación das convocatorias de axudas e proxectos.-** As convocatorias de axudas publicaranse no BOP, nos taboleiros dos concellos, confrarías e outras entidades socias do GAC; ademais dos medios de comunicación e a páxina web. As axudas concedidas e os proxectos executados publicaranse na web do GAC e nun ***Boletín Anual***.

**f) Transferencia.-** A transferencia, "boas prácticas", facilitarase coa publicación dos proxectos na web, coa realización de xornadas e intercambios con outros GAC e entidades de *Desenvolvemento Local*. Participarase en todas as actividades que se desenvolvan no marco das *Redes de Cooperación* existentes ou as que se creen exclusivamente no marco do Eixo 4 do FEP.

**Fase 3.- Finalización do programa, auditoría e seguimento**: Ao finalizar o programa farase un proceso de avaliación e publicación dos resultados que se concretará en:

a) **Xornada de divulgación de resultados;** na que se comunicarán os resultados da Auditoría Final e se presentarán os resultados específicos do programa, en xeral, e dos proxectos en particular.

b) **Boletín Final,** que recollerá o resultado da Auditoría e os proxectos executados.

*c)***Transferencia,** participarase nas xornadas e eventos que organicen outros GAC, ou entidades de desenvolvemento local, para difundir os resultados do programa da Ría de Vigo-Baixo Miño. En todo momento colaborarase cos ***Centros Tecnolóxicos*** , a ***Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos*** e outras entidades como os ***Grupos de Desenvolvemento Rural.***

## X.4.- SUSTENTABILIDE DO PROXECTO E DO GAC.

O Grupo de Acción Costeiro nace coa intención de manterse activo máis alá do período de programación do *Eixo 4 do Fondo Europeo da Pesca*. A sustentabilidade apoiase nos seguintes aspectos:

1.- Grupo integrado por entidades de diferentes sectores, con ampla representatividade, experiencia e capacidade organizativa, que posibilita a definición e xestión de múltiples programas e proxectos con incidencia no conxunto do territorio GAC. O propio proceso participativo seguido para a constitución facilitará a pronta definición de novos ámbitos de actuación; tanto aqueles que reforcen os proxectos que se vaian executando, como aqueles que se poidan desenvolver de forma complementaria.

2.- Os Estatutos recollen a posibilidade de definir e xestionar múltiples actividades máis alá da propia xestión do Eixo 4 do FEP. Así o artigo 4º recolle como obxecto social: *"servir de núcleo de converxencia e representación de todas as entidades e axentes socioeconómicos interesados no desenvolvemento integral e equilibrado do seu ámbito territorial de actuación, con especial referencia ao sector pesqueiro e os seus intereses"*.

E indica, entre os seus obxectivos específicos, os seguintes:

*b) Participar en cantas iniciativas locais, comarcais, autonómicas, estatais e internacionais que contribúan a potenciar o emprego e o desenvolvemento socioeconómico do sector pesqueiro da zona.*

*c) Servir ás entidades asociadas de centro receptor, canalizador e distribuidor de toda a información relativa ao campo de acción do desenvolvemento local, comarcal, autonómico, estatal e internacional.*

*d) A prospección e coñecemento das dotacións, recursos e proxectos existentes no territorio en cada momento.*

*e) Sensibilizar ás administracións, entidades públicas e privadas, así como as institucións comunitarias europeas co obxecto de poder optimizar o aproveitamento dos recursos endóxenos da zona para o seu desenvolvemento harmónico, equilibrado, sostible e integral.*

*f) Promover entre os asociados o intercambio de experiencias e metodoloxías de traballo no ámbito do desenvolvemento, así como a cooperación interrexional e transnacional con outras asociacións ou organizacións creadas ao abeiro do Eixe 4 do Fondo Europeo da Pesca.*

*g) Vertebrar os diferentes sectores socioeconómicos e constituír un foro de debate continuo sobre os problemas mariños, promovendo actividades de carácter informativo, de investigación, prevención e sensibilización, tendo como principais destinatarios o sector pesqueiro e, prioritariamente, as mulleres novas e colectivos desfavorecidos vinculados ao citado sector.*

*h) Concienciar á poboación e ás administracións da necesidade de protexer a integridade ambiental da costa e o medio mariño, tomando parte activa, mediante as actividades que se*

*consideren convintes, a ser posible orixinais e innovadoras, potenciando, revalorizando e preservando os recursos naturais, culturais, históricos e artísticos da zona.*

3.- No Réxime Económico, artigo 25 dos Estatutos do GAC, sinalase que: *O GAc poderá ter patrimonio propio e nutrirse dos seguintes recursos económicos:*

*a) Das cotas ordinarias e derramas extraordinarias que poidan establecerse pola Asemblea Xeral; b) Das doazóns e legados; c) Das subvencións que poidan serlle concedidas por calquera institución pública ou privada, local, autonómica, estatal, comunitaria ou estranxeira; d) Calquera outros ingresos permitidos pola lexislación vixente.*

Polo tanto, o GAC é unha entidade que estatutariamente pode optar á xestión doutros programas e proxectos con financiamento privado (cotas socios, doazóns, etc.) ou público (fondos comunitarios e/ou doutras administracións).

A modo indicativo, podemos sinalar unha serie de programas e proxectos cofinanciados con fondos da Unión Europea que podería xestionar no actual período de programación:

- **Programas LIFE:** proxectos que se complementan perfectamente coa estratexia do *Eixo 4 do Fondo Europeo da Pesca*, coa *Xestión Integrada de Espazos Costeiros* da Unión Europea, coas medidas de actuación na protección da calidade ambiental dos diferentes recursos naturais (auga, por exemplo) e coas medidas de conservación da natureza da *Rede Natura 2000* e outros.

- **Programas COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA:** proxectos de cooperación có norte de Portugal e outros territorios da Unión Europea, orientados á accións socioeconómicas, ambientais, de emprego, igualdade de oportunidades ou de valorización do patrimonio cultural.

Independentemente da desaparición ou diminución de fondos estruturais no período de programación da UE máis alá do ano 2013, é posible que continúe a existencia de programas con incidencia en aspectos como: innovación e desenvolvemento tecnolóxico, emprego, medio ambiente e aspectos sociais comúns a tódolos países que conforman a UE. Polo que, a experiencia acumulada nos próximos anos facilitará a continuidade no futuro.

A parte dos programas comunitarios, existen outros mecanismos de colaboración e participación do GAC no desenvolvemento do seu ámbito territorial. Por exemplo:

a) ***Cooperación cos Centros Tecnolóxicos e de Investigación (CETMAR; Universidade de Vigo, etc.):*** Pódense establecer convenios de colaboración para

participar nos proxectos de investigación-acción, na posta en marcha de procesos de formación e sensibilización, na execución de programas específicos, etc. Tal e como xa veñen colaborando moitas entidades do propio sector produtivo do mar.

b) ***Cooperación co Parque Nacional Illas Atlánticas:*** colaborando en programas e proxectos de información, sensibilización e formación sobre oas valores ambientais e produtivos do contorno do Parque (Illas Cíes; e posible inclusión de Costa da Vela e Monteferro).
c) ***Cooperación coas Mancomunidades de Vigo, Morrazo, Val Miñor e Baixo Miño****;* en colaboración e execución de programas e proxectos no contexto da Área Metropolitana de Vigo.
d) ***Cooperación coa Deputación Provincial de Pontevedra;*** entidade que tamén posúe programas específicos para o sector do mar, cultura (patrimonio marítimo), etc.
e) ***Cooperación con Asociacións Privadas Sectoriais:*** Colaboración coas distintas entidades representativas dos diferentes sectores produtivos ( Asociacións de produtores, de conserveiros, de armadores, de turismo, etc.)
f) ***Cooperación coa "obra social " das diferentes entidades financeiras:*** Coparticipación na execución de proxectos específicos, colaboración en accións de formación, etc.

En definitiva, o GAC Ría de Vigo-Baixo Miño ten asegurada a súa continuidade pola propia capacidade organizativa das entidades asociadas, polos procesos de integración metropolitana que se están a desenvolver, pola existencia de diferentes fontes de financiamento e cooperación e por ser un "foro necesario para colaborar e reivindicar as particularidades ambientais, económicas, culturais e sociais no conxunto territorial integrado polas comarcas do Morrazo, Pontevedra, Vigo e Baixo Miño; tendo ao mar como particular e sensible referente".

# XI.- ANEXOS



# ANEXO I: MAPAS AMBIENTAIS






XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E OBRAS PÚBLICAS

**NORMAS COMPLEMENTARIAS E SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO**

PLANO: DELIMITACIÓN DE ESPACIOS NATURAIS (PONTEVEDRA). 6. BARRA, CABO DE HOME


Termino Municipal
de Cangas
Termino Municipal
de Cangas
MOAÑA
ESCALA
0 500 1000 m.
XUNTA
DE GALICIA
NORMAS COMPLEMENTARIAS E
SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO
CONSELLERÍA DE ORDENACIÓN DO
TERRITORIO E OBRAS PÚBLICAS
PLANO: DELIMITACIÓN DE ESPACIOS NATURAIS (PONTEVEDRA).
20. CARBALLEIRA DE COIRO


ESCALA
0 500 2500m.
XUNTA DE GALICIA
NORMAS COMPLEMENTARIAS E SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO
CONSELLERÍA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E OBRAS PÚBLICAS
PLANO: DELIMITACIÓN DE ESPACIOS NATURAIS (PONTEVEDRA).
19. MONTES DO MORRAZO


Outeiro da Graña
Chan de Castiñeira
Chan de Castiñeira
Cachadiños
Cachadiños
Embalse de
Sierra Domega
Sierra Domega
ESCALA
0 500 1000 m.
XUNTA DE GALICIA
NORMAS COMPLEMENTARIAS E SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO
CONSELLERÍA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E OBRAS PÚBLICAS
PLANO: DELIMITACIÓN DE ESPACIOS NATURAIS (PONTEVEDRA).
18. COTO REDONDO


RÍA DE VIGO
El Puntal
Punta Cabalo
Punta de Pereiro
Punta Sobreira
Playa de Pousada
Punta del Cabo
Punta Estralo
Isla de San Simón
ENSENADA DE SAN SIMÓN
Playa de Cesantes
Punta de San Adrián
Punta Cantoira
Punta de Aradoiro
Punta Pías
Punta del Socorro
La Portela
Playa de Rande
ESTRECHO
Punta Chapelina
ESCALA
0 500 2500m.
XUNTA DE GALICIA
NORMAS COMPLEMENTARIAS E SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO
CONSELLERÍA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E OBRAS PÚBLICAS
PLANO: DELIMITACIÓN DE ESPACIOS NATURAIS (PONTEVEDRA).
5. MAR DE SAN SIMÓN




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E OBRAS PÚBLICAS

**NORMAS COMPLEMENTARIAS E SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO**

PLANO: DELIMITACIÓN DE ESPACIOS NATURAIS (PONTEVEDRA). 11. A FOZ DO MIÑOR




XUNTA DE GALICIA

**NORMAS COMPLEMENTARIAS E SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO**

CONSELLERÍA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E OBRAS PÚBLICAS

PLANO: DELIMITACIÓN DE ESPACIOS NATURAIS (PONTEVEDRA).
25. SERRA DE ARGALLO



GAC Ría de Vigo - Baixo Miño
Cangas-Moaña-Vilaboa-Soutomaior-Redondela
Nigrán-Baiona-Oia-O Rosal-A Guarda




**XUNTA DE GALICIA**

**NORMAS COMPLEMENTARIAS E SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO**

CONSELLERÍA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E OBRAS PÚBLICAS

PLANO: DELIMITACIÓN DE ESPACIOS NATURAIS (PONTEVEDRA).
9. ESTEIRO DO MIÑO